

# Eucrucillada

**A Eucaristía, crise e rexurdimento**

por Victorino Pérez Prieto

**A Eucaristía que fai a Igrexa**

por Rubén Aramburu Molet

**Unha meditación dorida pero esperanzada da nosa Galicia  
e da Igrexa comunidade de fe**

por Xaquín Campo Freire

**«Falarase para honra dela, do que acaba de facer»**

por Manuel Regal Ledo

**Por que o apóstolo Santiago non chegou a ser papa.**

**Exaltación de Compostela e de Galicia**

por Manuel Santos Noya

**Dialogar non debera ser difícil**

por Suso de Toro

**Dialogar sempre é posible**

por Pedro Castelao

**Crónica da Igrexa**

por Manuel Regal Ledo



## **Edita Asociación Encrucillada**

Presidente: Andrés Torres Queiruga  
Vicepresidente: Pedro Fernández Castelao  
Secretaría: Elvira Santos Pena  
Tesoureiro: Xosé Manuel Pensado

## **Mesa de Redacción**

Pedro Fernández Castelao (dirección)  
Marisa Vidal Collazo (secretaría)  
Xosé Manuel Caamaño López (redacción)  
Manuel García Villasenín (redacción)  
Xosé Manuel Pensado Figueiras

## **CONSELLO DE REDACCIÓN**

Xesús Acuña Garrido	Victorino Pérez Prieto
Xoán Bernárdez Vilar	Xesús Portas Ferro
Xaquín Campo Freire	Manuel Regal Ledo
María José Cancelo Baquero	Lucía Santiago Díaz
Anxos Canive Brión	Elvira Santos Pena
Ramón Cao Martínez	María do Carme Solloso Blanco
Hermelinda Dapena Tarela	Carme Soto Varela
Antón Gómez González	Andrés Torres Queiruga
Santiago González Avión	Engracia Vidal Estévez
Mariano Guizán Sánchez	Pilar Wirtz Molezún
Xosé Antón Miguélez Díaz	

## **PREMIOS E MENCIÓNS**

A Revista Encrucillada obtivo o Premio Pedrón de Ouro en 1991  
Declarada Asociación de Interese Público o 17/7/2008, co n.º Galicia 7708

## **REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN**

R/ Ángel Rodríguez González n.º 20  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 813 608  
e-mail: [encrucillada@encrucillada.gal](mailto:encrucillada@encrucillada.gal)  
Páxina web: [www.encrucillada.gal](http://www.encrucillada.gal)

## **PREZOS DA SUBSCRICIÓN**

Prezos da subscrición anual (5 números)

- Ordinaria ..... 22 €
- De apoio ..... A partir de 25 €
- Bonificada ..... 15 €
- Número solto ..... 6 €
- Dixital ..... 12 €

CONTA CORRENTE:

ABANCA. IBAN: ES07 2080 0500 5330 4004 3431

Publicación bimestral



## ÍNDICE - SUMARIO

N.º 209

Volume XLII

setembro - outubro 2018

### **Guieiro**

por Pedro Castelao 3

### **Estudos**

**A Eucaristía, crise e rexurdimento**

por Victorino Pérez Prieto 5

**A Eucaristía que fai a Igrexa**

por Rubén Aramburu Molet 24

### **Achegas**

**Unha meditación dorida pero esperanzada da nosa Galicia  
e da Igrexa comunidade de fe**

por Xaquín Campo Freire 35

**«Falarase para honra dela, do que acaba de facer»**

por Manuel Regal Ledo 48

**Por que o apóstolo Santiago non chegou a ser papa.**

**Exaltación de Compostela e de Galicia**

por Manuel Santos Noya 60

**Dialogar non debera ser difícil**

por Suso de Toro 65

**Dialogar sempre é posible. Continuación da  
conversa con Suso de Toro**

por Pedro Castelao 73



### **Documentos**

Mensaxe para a II Xornada Mundial dos Pobres  
por Papa Francisco 83

A morte: irreversiblel  
por Anselmo Borges 91

### **Fiesta aberta**

Emigrantes  
por Fr. Santiago Agrelo 94

A Vida vains levando. Oración para Vodas de ouro 98

### **In memóiriam**

P. José Manuel Alonso Busto SJ  
por Salvador Galán Herráez SJ 100

### **Crónica**

Carta desde a banda da esperanza  
por Manuel Regal Ledo 104

### **Tableiro**

Mulleres no altar? 119

### **Ilustracións**

Soedade Pite 15, 95



A celebración da eucaristía non pasa en occidente polo seu mellor momento. As comunidades están cansas. Os presbíteros maiores. Os nenos aburridos. O mozos ausentes. Con dificultades, logramos ter, no mellor dos casos, unha pastoral de mantemento, pero non se augura un futuro vizoso á vida parroquial con esta xeral atonía.

Hai curas heroicos. E leigos moi comprometidos. Hai tamén intentos de reagrupamento pastoral. Pero os sacerdotes, cada día máis escasos, no fondo, seguen a facer o que sempre se fixo: multiplicar eucaristías nun tempo récord facendo quilómetros sen case poder falar coa xente. Deste xeito, hai misas, pero non se crea comunidade.

Nunca se apostou en serio por comunidades adultas con leigos formados e liberados para dirixir unha comunidade de seu, de xeito que, ante a ausencia de presbíteros, varóns e célibes, a relación dos curas coas súas comunidades fose de presenza e acompañamento puntual, a fin de presidir sacramentos nunha parroquia viva onde a evanxelización e a caridade tivesen uns responsables autónomos, leigos, homes e mulleres ben formados pero non ordenados.

Non se fixo antes e non se está a facer agora. E cómpre sinalar que os líderes de comunidades con licenciatura en teoloxía non xorden da nada. Hai que crealos. E para iso fai falla, como mínimo, unha ou dúas xeracións. Xusto as que levamos perdidas dende que se detectaron os primeiros síntomas inmediatos do fenómeno da secularización, da interrupción xeracional na transmisión da fe e a masiva ausencia de vocacións ao ministerio ordenado.

Seguimos pensando co espírito clerical que denuncia o Papa Francisco, ao considerarmos que os cartos da diocese só están ben gastados se pagan o soldo dun presbítero. E a ninguén se lle pasa pola cabeza inverter cartos na formación e no traballo de leigos que lideren comunidades orfas de presbíteros. Pois tan bautizados son uns coma outros. E tanto dereito eclesial teñen uns coma outros a que os bens de toda a Igrexa sufraguen a formación e o salario de ambos.

Co fin de promover a reflexión sobre estas cuestións *Encrucillada* publica neste número dous artigos sobre a eucaristía: un de Victorino Pérez Prieto e outro de Rubén Aramburu. O lector poderá lembrar, tamén, a contribución que tivo ao respecto Torres Queiruga no n.º 157 (2008) 121-139.

Tamén Xaquín Campo Freire e Manolo Regal Ledo contribúen con sendas achegas a afinar o diagnóstico e mesmo a propoñer celebracións concretas que reconduzan a situación.

Pero o número non se esgota nisto. Manuel Santos Noia ofréce-nos unha curiosa reflexión extraída do Códice Calixtino onde se argumenta a favor dos dereitos de Santiago a ser Papa por riba dos de Pedro. De volta ao noso tempo ofrecemos tamén as consideracións de Anselmo Borges acerca dun tema tan de actualidade como é o da eutanasia. O diálogo entre Suso de Toro e un servidor comezado no número anterior continua neste. Publicamos, igualmente, dous berros con autoridade acerca dos pobres. O primeiro do Papa, na Xornada Mundial dos Pobres 2018. E o segundo de M. Agrelo verbo dos inmigrantes. Pechan o número unha oración de Marisa Vidal co gallo das vodas de ouro duns amigos e, tamén, a rolda de Igrexa de Manolo Regal, xunto cos debuxos de Soedade Pite.

Os nosos subscritores teñen, tamén, na nosa páxina web: [www.encrucillada.gal](http://www.encrucillada.gal) o texto redactado por J. I. González Faus «Perdón» acerca do terrible problema da pederastia. *Encrucillada* apoia o xesto e faise eco desta tan necesaria petición.

**Pedro Castelao**



## A Eucaristía, crise e rexurdimento

---

Victorino Pérez Prieto

«—Que é un rito? —di o Principiño.

—É unha cousa demasiado esquecida, di o raposo. É o que fai que un día sexa diferente dos outros días» (Antoine de Saint-Exupéry, *O Principiño*).

«O rito é o acto polo que o ser humano colabora activamente co resto da creación no mantemento da súa vida e do cosmos...

O ser humano non pode vivir sen ritos; non pode prescindir do culto. E se unha boa parte dunha humanidade secularizada non se sente xa hoxe inspirada polos ritos tradicionais, isto non quita que busque desesperadamente novas formas, ou que non se entregue a ritos esóxenos máis ou menos exóticos... O ser humano ten necesidade de encarnacións concretas das súas intuicións sempiternas no tempo e no espazo. Arela asociar o seu corpo e o do seu próximo, aquí e agora, en comunión cunha realidade meirande...

Pero escribir sobre a celebración litúrxica sen deixar sentir os latexos do corazón e os sons da música, é pouco menos que incongruente» (Raimon Panikkar, *Obras completas*, T. IX, vol. I).

«Deus sen a carne non é nada» (Martín Lutero, *Homilías*, WWA, 25, 106).

### 1.- A crise actual da eucaristía

A crise actual da eucaristía é un feito innegable; e non da última década, senón de hai tempo. Como pasa con todas as crises, esta pode acabar deixando gravemente ferida a mesma celebración

da eucaristía, ou pode significar unha profunda purificación e un cambio, dando un salto cara adiante na volta ás súas raíces.

### ***1.1. A Misa na vella Igrexa preconiliar e a renovación do Concilio Vaticano II***

Antes do Vaticano II, a Misa dos domingos e festivos «de precepto» fora converténdose para moita xente nunha pesada carga, máis que un encontro gozoso; o caso era «cumprir», aínda que fora coa mínima. O Concilio representou unha renovación radical da Eucaristía. Ao cambiar de ser un rito sacrificial que se ofrece a Deus a ser un encontro da comunidade con Deus, a Eucaristía pasou de facerse ante un Deus representado na solemnidade do retablo do altar e de costas para o pobo, a facerse coa comunidade e de cara a xente. Dunha Igrexa clerical/autoritaria, quería pasarse a unha Igrexa de comunión, na que o pobo tivera o protagonismo que lle corresponde no Evanxeo. Isto supuña unha Eucaristía e unha Igrexa feitas a imaxe da comunión trinitaria: Unidade na diversidade e no amor. Certo que isto foi só un *desideratum* non cumprido na meirande parte das parroquias, agás pequenos cambios.

Co posconcilio a celebración pasou de chamarse Misa a ser a Eucaristía: a «acción de grazas» pola vida e o amor regalado de Deus, compartindo o pan da Palabra e o pan de Mesa. Ao facerse coa comunidade, pasou do latín ás linguas vernáculos do pobo; aínda que en Galiza pasara ao castelán –a lingua imposta– no canto do galego, a lingua do pobo. O cambio do latín como lingua sagrada, ademais de facer a celebración máis comprensible e comunitaria, supuxo outro cambio teolóxico: da obsesión de realizar «correctamente» o rito coma un abracadabra máxico, a unha relación filial e respectuosa con Deus.

Deste xeito, a Eucaristía quería pasar de ser un rito do cura (o celebrante) en representación da Igrexa oficial, na que o pobo só asistía e oía –como mandaba o Catecismo: «Oír Misa entera...»– a ser unha celebración co pobo, buscando a participación deste en lecturas, oracións, canto, etc. A liturxia e o clero preconiliar, con



profundo sentimento de casta clerical –o cura é o home do sagrado, separado–, eran a manifestación da Igrexa de Cristiandade: centralista, cun modelo relixioso e unha cultura única –a occidental–, cunha concepción piramidal e viril na que uns poucos mandan e celebran, e os/as demais obedecen, calan e... pagan.

Isto non quitaba que na liturxia e na pastoral preconciliar houbera, tamén, moita xenerosidade, espiritualidade e mesmo compromiso. Pero isto non pode facernos esquecer que aquela rixidez católica-romana (litúrxica, moral, eclesial, etc.) trouxo un rastro de dor, enfrontamento e morte: despotismo clerical, separación das Igrexas de Oriente e da Reforma, guerras de relixión, cerrazón ao mundo da Ilustración e aos valores nados da Revolución... Ao remate, indiferenza, abandono de intelectuais, obreiros, mozos, e... finalmente das mulleres. Con todo, non esquezamos que a mesma liturxia foi vítima da maneira de presentar e vivir a fe: presión e obrigatoriedade social, presión interna –o medo á condenación–, e falla dunha mística da fe. Como me comenta o amigo Manolo Regal, «fallounos a mistagoxía, e a liturxia, a pregaria e a vida cristiá, estaban no aire». Iso pasou antes do Concilio, no Concilio e... despois do Concilio. Con todo –como me comenta tamén o amigo Xosé A. Miguélez–, moitas desas rémoras forman parte do sacrificio eucarístico que asume e soporta incomprensións e dificultades.

### ***1.2. Da primavera ao inverno eclesial: renovación e restauración involucionista***

Desgraciadamente, á «primavera eclesial» renovadora, iniciada por Xoán XXIII e continuada por Paulo VI abrindo a Igrexa ao mundo, seguiu a longa «invernía da fe» (Rahner), a «noite escura eclesial» (Faus) de Xoán Paulo II. Á renovación conciliar de Xoán e Paulo seguiu a restauración involucionista de Xoán-Paulo, reafirmada polo seu sucesor Bieito; dous papas restauradores que quixeron anular o espírito conciliar –aínda que dixeran o contrario– para «poñer as cousas onde debían estar» tras da interpretación «demasiado libre» do Concilio, que –para eles– tería levado

ao descenso da práctica sacramental, a diminución das vocacións e a indiferenza.

Houbo algúns excesos por non saber atopar sempre o equilibrio adecuado entre a rica tradición recibida e a necesaria actualización, entre o místico e o práctico, pero o esforzo loable de adaptación foi moi grande por parte de bastantes curas e comunidades. Aínda que moitos clérigos non entraran neste cambio de paradigma, situándose claramente en contra, por integrista ou medo a perder o poder. Pero, aínda onde se fixo ben, tras do boom inicial, a participación na Eucaristía foi decaendo co tempo; sobre todo na mocidade, por moito que as misas xa non se fixesen co gregoriano, senón a ritmo de rock, con guitarras eléctricas e até con baterías, no canto do harmonio.

Aínda que fun un acólito preconiliar en latín, a miña práctica pastoral adulta foi toda posconiliar. Pero desde que empecei de cura, co comezo dos 80, aínda escoitei cousas coma estas: «E val a Misa do domingo se se chega ao Credo?», preguntábame unha devota mestra na primeira parroquia rural na que traballei. Logo, cando estiven na cidade, vin tamén que mesmo xente que non era da vella escola escollía a Misa do domingo non tanto pola súa calidade, senón porque a hora en tal parroquia éralle máis cómoda...

Desgraciadamente, malia a aposta conciliar, gran parte das misas parroquiais eran e son calquera cousa menos celebracións vivas, alentadoras da fe, conectadas coa vida... Ritualismo morto ou puro manierismo; Leonardo Boff escribía hai xa moitos anos: «No universo sacramental cristián, operouse un proceso de momificación ritual»<sup>1</sup>. Os ritos falaban e falan pouco por si mesmos, necesitan explicarse; cando o que debe precisar de explicación non é o sinal, senón o Misterio contido nese sinal. Ritos mortos con prédicas infumables –cando non contraproducentes– nos que, por riba, algúns curas excluían e exclúen á xente da comunión por... non estar «ben casados». Por iso oímos dicir tristemente: «Eu non vou onde me tratan mal». E, o que non é menos grave, as misas

---

1 Boff, L., *Los sacramentos de la vida*, Santander 1980, 1.

son para moitos curas só un modo de gañarse a vida, negociando coa fe e os sentimentos relixiosos da xente; apoiados nunha presunta tradición «salvífica» que non é máis que a caricatura do proxecto de Xesús: misas con prezo establecido... e máis, «por encargo» (manuais, novenarios, gregorianas...), sobre utilización da Eucaristía, etc.

Pero, cando se corta o vínculo co relixioso/sacramental, córtase con algo máis ca cun rito mal feito; coa auga sucia da bañeira tírase tamén o neno...

### *1.3. O progresivo abandono da Eucaristía por parte de moita xente cristiá*

Lía recentemente sobre o deceso da práctica relixiosa en Europa, sobre todo da mocidade: o 60% dos mozos/as españois di que non vai á misa fóra das ocasións especiais, e o 64% afirma que non rezan nunca. Eran conclusións dun estudo da Universidade de St. Mary de Londres («*Jóvenes adultos de Europa y la religión*»), elaborado en base a unha enquisa social europea en 2014-2016; só en Polonia, Portugal e Irlanda máis do 10% dos enquisados admitiron que ían a misa unha vez á semana<sup>2</sup>.

O sociólogo Javier Elzo facía na mesma web (*Religión Digital*) un diagnóstico semellante, apuntando as razóns deste derrube con argumentos extra e intra-ecclesiais. Inevitablemente, algún comentarista interveu para dicir que a culpa disto tena... o Vaticano II e a progresía da Igrexa. Elzo publicou un libro que –contrariamente a eses pseudoprofetis integristas– defende que o mellor do catolicismo non está no pasado, senón no futuro<sup>3</sup>. «Morir para renacer», porque como di o Evanxeo: «Se o gran de trigo cae na terra pero non morre, quedará el só; pero se morre, dará froito abondoso» (Xn 12, 24). Elzo pide outra Igrexa alén da cristiandade. A proposta

2 Cf. <http://www.periodistadigital.com/religion/mundo/2018/03/28/religion-iglesia-crisis-europa-espana-mitad-jovenes-no-creyentes-secularismo-laicidad-misa-tempos-ateismo-oracion-dios.shtml>

3 Elzo, J., *Morir para renacer. Otra Iglesia posible en la era global y plural*, Madrid 2017.

deste autor ten que ver co que propón o budismo: estar de pé a carón do cantil, fronte ao abismo, reunir a carraxe e dar o salto; unha morte que leva á vida. O crecemento espiritual xorde desa morte, para renacer nunha nova consciencia: «Cando morres como *ego*, naces como Deus» (Osho).

Coma algúns outros, penso que a crise da eucaristía –máis que cunha crise de formas litúrxicas, aínda que tamén– ten que ver maiormente cunha crise da fe, seguramente necesaria: a imaxe de Deus, a cristoloxía, a teoloxía dos sacramentos, a eclesioloxía e a moral católica tradicional están nun proceso de cambio moi forte e non podía deixar de verse afectada a práctica litúrxica. Nesa crise, o progresivo abandono viría de varios lados.

Por unha banda, unha lexión de homes e xa de mulleres na que semella dominar a indiferenza relixiosa con este tipo de relixión ou co que atopan habitualmente nas igrexas. «Se nos lamentamos de que os fieis abandonan a Igrexa –di Castillo– non habería que dicir, máis ben, que é a Igrexa a que abandona aos fieis?»<sup>4</sup>. En todo caso, estes xa non teñen a motivación social para ir á misa cada domingo, e non atopan razóns suficientes para seguir facéndoo.

Pola outra, mentres algúns católicos aínda seguen indo á Misa, tragando o que lle boten os curas, a xente máis inqueda xa non se atopa a gusto nela –mesmo nas menos malas– e vaina abandonando. Para esta última, xa non se trata de que a Misa se faga mellor ou peor, senón que a participación asidua foilles perdendo o sentido. Se acaso, atópano na participación esporádica en pequenos grupos, fuxindo de todo o que supoña «obriga». Entre estes últimos –os dun cristianismo máis comprometido– e os primeiros –os indiferentes ou cun cristianismo máis *light*– pode haber un común denominador que podería ser a frase: «Eu vou á misa cando me apetece». Ao que adoito contestar: «Cando me apetece eu tomo un xelado; pero o que é importante para min fágoo cando me apetece

---

4 Castillo, J. M.<sup>a</sup>, no seu blog en RD. <http://www.periodistadigital.com/religion/opinion/2018/08/04/jose-maria-castillo-la-iglesia-va-casi-siempre-rezagada-para-dar-solucion-a-los-grandes-problemas.shtml>

e tamén cando non». Sen vulgar as razóns persoais de cada un, o problema pode ter que ver coa trivialización da Eucaristía. Esta tería perdido o seu fondo valor, como manifesta unha expresión: «O importante non é ir á misa, senón ser boa persoa e axudar a xente». Certo, pero... unha cousa non quita a outra, e mesmo a misa pode ser un poderoso incentivo para o compromiso coa xente. A comunidade de Taizé dicía hai décadas: «Loita e contemplación». Quizais moitos na busca da eficacia esqueceron o sentido e a importancia do rito —como lle dicía o raposo ao Principiño— e a súa necesidade para a vivencia relixiosa e existencial.

A recuperación da práctica da Eucaristía terá que vir non só de facer unhas eucaristías máis participativas, máis dignas e máis preparadas, conectadas coa vida, cuns ritos e linguaxes renovados. Virá, tamén, de redescubrir o fondo sentido e o significado da eucaristía e os seus ritos; que non é só subxectivo e persoal, senón que ten uns valores obxectivos, unha conexión co Misterio que se foi esfarelando coa perspectiva cientifista das sociedades actuais. Panikkar dicía hai xa corenta anos: «Se o culto é un aditamento do ser humano, algo que se pode facer ou deixar de facer porque non pertence ao núcleo mesmo da súa vida, se non é ontoloxicamente constitutivo do mesmo ser humano, abandonarase cando non se consiga a liturxia que se quere ou se fracase na reforma»<sup>5</sup>.

Remedando un vello libro de González Ruiz, poderíamos dicir que a Eucaristía é gratuítas pero non superflua<sup>6</sup>. Se malo é caer na obriga autoritaria da Misa, coas inútiles penas por non ir a ela, tampouco é bo abandonala porque «non serve» para nada; isto é outro utilitarismo. Cumprirá contemplar o sentido profundo da celebración cristiá; particularmente da Eucaristía da comunidade no Día do Señor (domingo). Así —como dicía outro dos teólogos daqueles anos 70— poderemos chegar á convicción de que a Misa non é superflua «porque sen os símbolos e os ritos, sen a oración e o culto, a dimensión máis fonda da fe —que ten moito que ver co

5 Panikkar, R., *Culto y secularización. Apuntes para una antropología litúrgica*, Madrid 1979, 13.

6 González Ruiz, J. M.<sup>a</sup>, *Dios es gratuito, pero no superfluo*, Madrid 1970.

amor, a confianza e a amizade— quedaría sen posibilidade de expresión e, polo tanto, de progreso»<sup>7</sup>. A isto iremos agora, na segunda parte —máis longa— deste traballo.

## 2.- Recuperar o valor e a importancia da eucaristía e dos sacramentos

«Creo na eucaristía, realidade viva e operante... Creo que o movemento de igualdade e comunión que Cristo fai fermentar no mundo e na historia é o verdadeiro remedio para a crise do mundo» (Arturo Paoli<sup>8</sup>).

«A eucaristía é o signo máis espléndido de que o Corpo entregado de Cristo mereceu a pena...

É o sacramento de Xesús, da súa autozoazón até o extremo, signo eficaz da súa morte e resurrección, sacrificio e banquete» (Javier Garrido)<sup>9</sup>.

### 2.1. A Eucaristía é un «encontro de irmáns», pero é máis ca iso

Todo rito relixioso realiza unha dimensión simbólica que ten un sentido máis fondo que o simple carácter utilitario ou funcional: dálle unha forma sensible a realidades non sensibles. Poderíamos dicir que lle dá unha sobreabundancia ás realidades da fe. Por iso, non é reducible aos xestos e palabras dunha cerimonia, nin aos costumes, pois o ritualismo é a esclerose do ritual. Pero a repetición comunitaria do rito require unhas certas regras que garantan a súa autenticidade; este non pode ser algo arbitrario e puramente subxectivo. Isto supón o recoñecemento de que na Realidade hai algo que nos supera e para o que necesitamos axuda: é a fe como

---

7 Llopis, J., *La inútil liturgia*, Madrid 1972, 12.

8 Paoli, A., «Pan y vino», *tierra. Del exilio a la comunión*, Santander 1980, 71 e 75.

9 Garrido, J., *El don incomparable. Meditación sobre la eucaristía*, Estella 2018, 19 e 33. É o último libro que vii a luz sobre a eucaristía; unha meditación espiritual máis que teoloxía, cunha linguaxe as veces trasnoitada e con afirmacións discutibles, pero con algúns bos aportes.

acto gratuíto de dispoñibilidade ao Outro, que é meirande ca min; é saber recibir unha palabra e un xesto que é performativo, que fai ou realiza o que di.

Ás veces, algo que é bo vólvese contra si mesmo e convértese en algo que non é tal, por reducionista. Vimos que coa reforma conciliar, a eucaristía pasou de ser un rito pasivo e un precepto para salvarse, a ser un encontro coa comunidade e da comunidade con Deus. Magnífico! O malo foi que para moitos converteuse só nun encontro máis coa comunidade, esquecendo o de con Deus. «A misa é boa cousa porque é un encontro coa xente» –teño oído dicir– e «para un compromiso social». Non digo que isto non sexa bo, e aínda imprescindible, para a celebración da eucaristía; e o encontro cos irmáns é tamén xa un encontro con Deus. Máis aínda, debía haber nela un verdadeiro compartir humano; unha verdadeira comida comunitaria, como acontecía nos comezos da Igrexa, en troques de ser unha reunión de xente que non se coñece. E o compromiso dun «amor eficaz» –que dicía Camilo Torres<sup>10</sup>– tamén debe ser unha das consecuencias da eucaristía, como pediu Xesús ao lavarles os pés aos discípulos. Pero, se o único importante da eucaristía é o encontro cos amigos, esquecese o encontro co Misterio: o Deus agochado nese encontro cos irmáns. Pode que perspectivas así foran levando a moitos a deixala, ou facelo só en ocasións nas que nin se precisa do sacerdote, nin da liturxia recibida na tradición da Igrexa. «A Eucaristía é fonte e cumio da vida cristiá», din unhas coñecidas verbas do Vaticano II (LG 11), que seguen sendo válidas aínda que cumpra matizalas: a fonte da vida cristiá é Cristo, non a Eucaristía; esta debe levar a El e ao Reino como mediación privilexiada<sup>11</sup>.

Hoxe, para uns a importancia da eucaristía redúcese a unha norma ou unha devoción necesaria para salvarse, que non afecta realmente á propia vida ou á relación coa sociedade, que perma-

10 Cf. Pérez, V., «Camilo Torres, o compromiso co seu pobo até a morte», *Encrucillada* 198 (2016).

11 «Os sacramentos só existen para realizar e potenciar a vida cristiá; non son o centro da Igrexa... A Igrexa está no mundo e é para o mundo», di J. Garrido, *op. cit.* 159, cf. 153-154.

nece inalterada na súa estrutura opresora. Pero para outros, ten unha incidencia na vida teoloxal persoal e social, como fortalecedora da comunión con Deus e como mobilizadora dun compromiso real con Cristo e causa do Reino. Compromiso no «movemento de igualdade e comunión que Cristo fai fermentar no mundo», como dicía a cita que liamos atrás de Arturo Paoli; un místico pioneiro da Teoloxía da Liberación que chega a falar dunha «febre eucarística que busca derrotar o egoísmo fratricida»; o egoísmo que destrúe cada día a humanidade e rompe a harmonía do cosmos. A eucaristía é a «memoria subversiva» da entrega amorosa e xenerosa do Deus encarnado, como nos dicía hai anos a nova teoloxía política.

## **2.2. A Eucaristía como «sacramento-comunión» e «sacramento-presenza»; realidade indivisible, non-dual, vencellada á Trindade divina**

O evanxeo de Xoán transmite unha verbas ousadas de Xesús: «Eu son o pan vivo que baixou do ceo; quen come deste pan vivirá para sempre, e o pan que eu darei é a miña carne para a vida do mundo» (Xn 6, 51). Xesús preséntase coma o alimento da verdadeira Vida; na carne de Xesús revélasenos o divino.

Creo que por iso Paoli di que a Eucaristía é «a síntese de Cristo, o Cristo na súa totalidade»<sup>12</sup>. Un Cristo que ven reconciliar ao ser humano, escindido dentro de si mesmo e na relación cos seus semellantes e co mundo (Col 1, 20). Esta reconciliación non é unha realidade abstracta que aliene ao ser humano, evadíndoo de si e do mundo, é persoal, social, política e cósmica; pois a escisión humana ten como consecuencia a alteración do equilibrio do cosmos. Este mundo reconciliado é a utopía eucarística de Feitos 2 e 4: «Todos os crentes vivían unidos e tiñan todo en común».

Sacramento-comunión-compromiso e sacramento-presenza son dous aspectos diferentes pero inseparables na Eucaristía; a expresión complementaria da súa realidade única, non-dual, que non

---

12 Paoli, A., *op. cit.* 8.





poden nin contraporse nin separarse. A Eucaristía nin é só algo privado, obxecto de devoción (a adoración da presenza de Cristo e a comunión para aumentar en min a graza santificante); nin é só un compromiso ético-social (incentivo para a praxe social). É a celebración dunha memoria subversiva e unha presenza que activa o encontro entre o ceo e a terra, entre o espírito e a materia, e que dinamiza o proxecto de comunión de Xesús (o Reino), facéndoo realidade actual persoal e comunitaria: «O Reino de Deus xa está en/entre vós» (Lc 17, 21). Paoli di que a Eucaristía é un «movemento de reconciliación con Deus... mediante unha reconciliación entre nós e coas cousas»<sup>13</sup>. Evidentemente, Deus non necesita reconciliarse con nós, xa o está; somos nós os que necesitamos tal, pois estamos escindidos –divisións, inxustizas, enfrontamentos, opresión, destrución dos irmáns/as e da natureza...– e necesitamos deixar actuar en nós a súa forza reconciliadora. A Eucaristía é espazo de comunión total.

Por que facemos da preocupación polos irmáns/as e a natureza e a preocupación por Deus dúas realidades separadas, mesmo ás veces antagónicas? Xesús viviu intimamente xunguidas e inseparables; viviu a experiencia de non-dualidade na entrega radical aos irmáns e irmás e na entrega total ao Pai co Espírito, como expresa o himno de Filipenses: «Cristo, con ser de condición divina, non se agarrou cobizosamente á súa categoría de Deus; senón que se espiu do seu rango...facéndose un home normal» (Flp 2, 6-7).

Penso e experimento que a eucaristía é o símbolo excepcional da conxunción non-dual entre materia e espírito, entre caridade-compromiso co mundo e adoración-presenza de Cristo; é o símbolo do *mysterium coniunctionis* de Deus, o ser Humano e o Mundo<sup>14</sup>. É o encontro coa presenza excepcional de Cristo resucitado nos signos do pan e o viño para ser comido, e un encontro que move ao compromiso coa súa causa. É o sacramento da non-dualidade en-

---

13 «O tema eucarístico é o da igualdade entre todos os humanos, o tema da relación e a reconciliación», *Ibid.* 18-19.

14 Cf. Pérez, V., *La búsqueda de la armonía en la diversidad. El diálogo ecuménico e inter-religioso desde el Concilio Vaticano II*, Estella 2014, 186-187.

tre caridade («lavárllle-los pes») e presenza de Cristo («isto é o meu corpo») en conexión non-dual co Deus trinitario. A non-dualidade axuda a comprender mellor a eucaristía, superando os dualismos entre compromiso e presenza de Cristo. Na eucaristía tentamos vivir a mesma vida trinitaria de Deus; o «permanecedes en min» de Xesús (Xn 15,4), comezando xa a realización do «ceo novo e a terra nova» que nos leva a un compromiso fraternal/sororal e ecolóxico... Por iso, dóeme tanto a trivialización ritualista coma o reduccionismo ético da eucaristía.

Mestres como Teilhard de Chardin e outros foron unha grande axuda para vivir a Eucaristía como algo fundamental na experiencia relixioso-espiritual. A *Misa sobre o Mundo* de Teilhard –na soidade do deserto de Ordos en China unha mañá na que non puido celebrar a Misa de xeito normal –foi un texto que alimentou a vivencia da Eucaristía para moitos; alén de estreiteces e ritualismos litúrxicos e cunha perspectiva cósmica: a sinfonía de todo o que existe.

«Xa que hoxe, Señor, eu, o voso sacerdote, non teño nin pan nin viño nin altar, estenderei as miñas mans sobre a totalidade do universo e tomarei a súa inmensidade como materia do meu sacrificio. O círculo infinito das cousas ¿acaso non é a Hostia definitiva que vós queredes transformar? O crisol fervente en que se mesturan, en que ferven as actividades de toda sustancia viva e cósmica ¿non é o cáliz doloroso que vós desexades santificar?»<sup>15</sup>.

Para Teilhard de Chardin, a Eucaristía prolonga a encarnación e fai perenne a religación de Cristo cos elementos cósmicos; o pan e o viño insírense na materia de todo o universo, que se transforma en ofrenda para ser o corpo cósmico de Cristo: «Más aló da Hostia transubstanciada, a operación do sacerdote esténdese ao mesmo Cosmos transformado gradualmente»<sup>16</sup>.

15 Teilhard de Chardin, P., «La Misa sobre el mundo», *Himno del Universo*, Madrid 1996, 12.

16 *Como yo creo*, Madrid 1970, 82.

De xeito semellante, para Raimon Panikkar a Eucaristía está intimamente vinculada á realidade de Cristo; é a continuación da Encarnación e permítenos falar dunha *incarnatio continua*. Por iso:

«O Cristo protolóxico... é o mesmo Cristo histórico, e o Cristo histórico non é separable do Cristo eucarístico e resucitado... O Cristo escatolóxico, a parusía de Cristo, non é separable do Cristo eucarístico»<sup>17</sup>.

Materia e espírito están intimamente unidos nela: «A continuación do Cristo histórico non se dá en forma de *devoción*, senón en forma de pan e de viño... O elemento humano intégrase no cósmico para unirse ao divino»<sup>18</sup>. Por iso, para Panikkar, a Eucaristía é o cumio da Revelación divina; pero «a auténtica teoloxía da Eucaristía non trata tanto de explicar o enigma da realización eucarística... senón que se esforza en penetrar a súa significación na nosa vida e na totalidade do cosmos»<sup>19</sup>.

En fin, para Henry Le-Saux—Abhishiktânanda, beneditino francés e monxe hindú—a Eucaristía é o sacramento por excelencia do espertar. Por iso, é o centro da vida da persoa cristiá, da Igrexa e do Cosmos:

«Non vou á Eucaristía como a unha cousa necesaria para o benestar da miña vida, senón como á fonte mesma da miña vida... Na Eucaristía eu non me uno soamente á fonte da miña vida natural, senón á fonte da miña vida sen máis; pois non hai máis ca unha vida...

Cando comulgo eu recreo o mundo... Pois a comida da Eucaristía é para min o medio adaptado á miña natureza total para responder á demanda do Amor»<sup>20</sup>.

---

17 Panikkar, R., *La plenitud del hombre*, Madrid 1999, 206.

18 *La nueva inocencia*, Estella 1993, 177.

19 *Humanismo y cruz*, Madrid 1963, 335.

20 Henry Le-Saux, *La montée au fond du cœur. Le journal intime du moine chrétien-sanyasi hindou 1948-1973*, París 1986, 67-70.

A creación agarda a súa realización plena na Eucaristía –di Le-Saux–; en Cristo, o universo enteiro alcanza a súa plenitude. Na comunión dáse o paso do non ser ao ser; somos conducidos ao centro do noso ser, onde realizamos a nosa filiación divina, o noso espertar. Pola Eucaristía participamos na eternidade divina, esencia eterna do presente. Neste nivel de consciencia, o noso propio espírito maniféstase como eucarístico, e a celebración da Misa chega a ser a expresión da plenitude da nosa vida. A Eucaristía é signo do don total; comungando recoñecemos que todo o que somos énos dado e entramos na dinámica do don de nós mesmos, o amor fraternal. Le-Saux chega a dicir que un cristián impregnado do *advaita* (non-dualidade) é o máis apropiado para comprender a dimensión da non-dualidade que realiza a celebración da Eucaristía, a perfecta expresión da experiencia do ser<sup>21</sup>.

Son... palabras maiores; pero falan dunha experiencia mística á que estamos chamados todos os cristiáns, pois a mística non é máis que a experiencia fonda da vida. Por iso, resúltanos triste ver como para tantos a Eucaristía ou convértese nunha lei, ou redúcese a unha devoción intimista, ou unha mensaxe moralista.

«Deus sen a carne non é nada», liamos ao comezo deste traballo nunha cita de Lutero. Na fe cristiá hai unha íntima relación entre Deus e a carne, entre Deus e o mundo: é a realidade da Encarnación, fundamento da fe cristiá. Isto está intimamente vencellado á realidade da Trindade divina: un Deus que é pura relación cara a dentro e cara a fóra de si. Sen a Trindade, non hai verdadeiro sacramento, este convértese en puro teatro. A eucaristía está en íntima conexión coa Trindade, participando na economía divina trinitaria, para vivir a mesma vida de Deus.

Raimon Panikkar escribe:

«Na experiencia cristofánica non é Deus o que permanece en nós e nós nel, senón unha presenza teándrica ou eucarística, que penetra en nós e nós nela... Na eucaristía atópase a Cristo da

---

21 Cf. *Ibid.*

mesma maneira que se entra en contacto cun ser humano: fisicamente. A eucaristía é material e, simultaneamente, non é un anaco calquera de pan nin un vaso calquera de viño, é espiritual... A espiritualidade eucarística é a forma teándrica do *manere* o un no outro»<sup>22</sup>.

Este *manere* é a interpenetración e a «permanencia» do divino no humano, de Deus en nós, como nos di o evanxeo de Xoán: «Quen come a miña carne e bebe o meu sangue permanece en mín e eu nel» (Xn 6, 56). Todo o discurso eucarístico de Xesús está centrado neste *manere* e non se entende sen el. Pero, «sen unha visión mística esvaécese a realidade eucarística», comenta Panikkar<sup>23</sup>. «A Eucaristía é un acto sacramental no que Cristo aparece e desaparece en nós... Se atopas a Cristo, cómeo»<sup>24</sup>.

Con todo, non se pode esquecer tamén –como me recorda X. A. Miguélez– que a Eucaristía é «un sacramento da nosa provisionalidade»; sacramento e símbolo do banquete que agardamos e pregustamos, polo tanto tamén a relatividade da Eucaristía. A Eucaristía perfecta é unha promesa escatolóxica, vai ser sempre deficitaria e imperfecta; é «a humilde e difícil escola da humildade e da fraternidade, da acollida dos irmáns difíciles psicolóxica ou ideoloxicamente». Por iso, «cando atopas ao irmán de Cristo difícil cómeo, eucaristicamente, sacrificadamente pero tamén como regalo de Deus». Na perspectiva do papa Francisco da «Igrexa Hospital de campaña», a Eucaristía debe entenderse como «comunidade de defectuosos precisados de sandación; como lugar de aceptación da beleza do cosmos e da humanidade, pero tamén como lugar de ‘tragrar’ co feo do humano e do mundo».

---

22 Panikkar, R., *La plenitud del hombre*, 47 e 49. Panikkar fala xenialmente da relación Deus, o ser Humano e o Cosmos na súa perspectiva *cosmo-te-ándrica/te-antropo-cósmica*, como expresión da íntima relación de todo o que existe: a Realidade é relacional. Cf. V. Pérez - J. L. Meza, entrada no *Diccionario panikkariano*, Barcelona 2016.

23 *La plenitud del hombre*, 209.

24 *Iconos del misterio. La experiencia de Dios*, Barcelona 2001, 109.

### 2.3. A Eucaristía: un rito recibido, actualizado, mobilizador e comprometido

Cómpre rematar esta reflexión sobre a Eucaristía e a súa crise actual, pero non quero facelo sen apuntar sinteticamente algunhas ideas máis sobre o rito aplicado a ela, quizais evidentes pero as veces esquecidas, que coido cómpre ter presentes para a superación desta crise<sup>25</sup>.

Sen rito non hai tradición viva (valores, tesouros, segredos recibidos)<sup>26</sup>; sen a oración ritual e os signos materiais esta desaparece. A Eucaristía é o regalo da presenza e o envío de Xesús o Cristo que el mesmo nos deixou. Pero o carácter sagrado que é inherente a todo ritual non debe ir en detrimento da súa secularidade. Neste senso, sería bo que o pan consagrado fora realmente pan –o alimento cotián– e non algo máis semellante a un anaco de papel que ao pan-pan; e resulta imprescindible que a comunidade orante sexa auténtica irmandade humana, que a paz litúrxica sexa compromiso coa paz social/política que nace da xustiza, ou que a adoración do Creador se converta en respecto pola Creación<sup>27</sup>. Esa secularidade do rito esixe que se crea realmente no seu sentido, para que non se converta en algo baleiro.

O rito da eucaristía e dos sacramentos non é tanto doutrinal como simbólico; non é tanto pensamento ou concepto, senón xesto

---

25 Fago de novo en parte coa axuda do libro citado de R. Panikkar *Culto y secularización*; texto recollido e ampliado polo mesmo Panikkar nas súas *Obras completas*, tm. IX, vol. I (Barcelona, 2018); cf. «Nueve *sutra*», 467ss. Panikkar fala aquí de «novas *rúbricas*» (o que vai nos textos litúrxicos en *rubrum*, roxo, indicacións): espontaneidade, concreción, universalidade, sinceridade, continuidade e ortopraxe. E fala das *nígricas* (impreso en negro, o que deben marcar os ritos): devoción, coñecemento e acción.

26 «O que fai que unha tradición sexa tal –di Panikkar– non é a continuidade das ideas, que cambian, senón a transmisión ritual de xeración en xeración, de lugar a lugar, dos valores, tesouros, segredos, mitos... Tradición ven de *tradere* (*trans-dare*), a entrega diso que é meirande que nós mesmos e que sos non podemos manexar e por iso o transmitimos», *Obras completas*, op. cit. 471.

27 «Celebrar a Eucaristía é *unha responsabilidade*. Pode que teñamos que deixala inconclusa e ir primeiro a devolver aos pobres o que lles pertence, ou acabala no concello, na prisión, no gueto, ou tomando parte nas moitas procesións en honor duns santos chamados Xustiza, Paz, Tolerancia, Alimento...», *Ibid.* 472.

con vida propia que ten que ver co corpo e a materia –o visible, o temporal e espacial– en íntima relación co espírito. A este respecto, as discusións teolóxico-doutrinais sobre a hipótese teolóxico-filosófica da transubstanciación fixéronlle moi pouco favor a crenza real na presenza de Cristo na eucaristía, e enfrontaron inutilmente a católicos e protestantes.

Como todo rito, o da eucaristía non pode ser consciente ou voluntariamente creado, é recibido e repetido; funde as súas raíces nunha crenza recibida e presupón fe nel. Por iso, transcende os caprichos e ditados dun individuo ou dun grupo. Se é manipulado, ou dexenera en ritualismo –mera conservación da exterioridade fronte ao auténtico rito, realidade viva animada pola fe– ou acaba morrendo, convertido en teatro. Por iso, esixe a observancia de normas; aínda que non depende literalmente delas e habería que dialogalas para non caer en submisións autoritarias.

Rexeitar un ritual porque non podemos entender de todo o seu significado é tan inadecuado como conservalo porque semella que o entendemos ben. Celebrar un ritual, máis que comprender completamente o que significa, supón estar conscientemente baixo o seu engado<sup>28</sup>.

Faría falla ter falado aquí tamén sobre o ministerio nas comunidades, tantas sen o ministro da Eucaristía a causa das restricións postas a estes por parte da xerarquía da Igrexa (celibato obrigatorio para os curas e prohibición de que as mulleres poidan selo); unha postura suicida desta que priva á comunidade do dereito a celebrar a Eucaristía<sup>29</sup>, ou tamén das misas sen cura que xa se fan nelas, pero o espazo non deu para máis.

---

28 «Só a inocencia do mito vital no que vivimos ábrenos as portas ao reino do rito. Confundir este cunha manifestación racional do sagrado, é minimizar a natureza do ser humano e distorsionar a natureza do sagrado... Ningún rito pode ser comprendido exhaustivamente sen destruílo», *Ibid.* 469-470.

29 O Concilio Vaticano II di: «Tódolos fieis cristiáns teñen dereito de recibir con abundancia dos sagrados pastores... os auxilios da Palabra de Deus y dos sacramentos... (LG 37, 1). Por iso di Castillo no artigo citado atrás: «Parece que é máis importante o poder dos bispos... que o Concilio e millóns de fieis abandonados».



Doulle grazas a Deus por poder ter celebrado tantos anos e seguir a celebrar a Eucaristía, vivíndoa coma o gran regalo de Xesús o Cristo, que me mantén nesta Igrexa chea de contradicións, como eu mesmo. Oxalá nos deixemos coller polo engado sublime da Eucaristía, do pan e o viño presenza-caridade-comuñón do corpo e o sangue de Cristo e o seu Reino. Entón, a Misa de cada domingo volvería ter un gran sentido para nós; deveríamos por participar nela e volveríamos dicir sinceramente a frase popular: «Cando chegará o domingo para ir á Misa».

**Victorino Pérez Prieto**



## A Eucaristía que fai a Igrexa

---

Rubén Aramburu Molet

Cumpro 25 anos da miña ordenación sacerdotal e veño de rematar unha fin de semana na que «dixen» quince misas. Hai 25 anos era inimaxinable.

É unha situación case xeneralizada na igrexa rural da Galicia. Parto desde esta experiencia que vivo para facer esta aportación que me piden desde Encrucillada, polo que intento sexa algo pastoral e experiencial, quizais máis xornalístico que teolóxico. Partindo dalgúns flashes reais tentarei reflexionar sobre algúns temas actuais e tamén polémicos na nosa Igrexa.

Volvo a mirada á miña parroquia urbana hai uns 40 anos. O domingo celebrábanse 5 misas sempre ateigadas de xente (había a misa dos nenos, dos mozos, das familias...). Hai pouco asistín a unha das tres misas que se celebran en domingo, e a xente, case toda moi maior non cubría a metade do templo. O proceso de secularización «salvaxe» da nosa sociedade foi baleirando os templos e actividades parroquiais sen que soubésemos reaccionar. Nacen outros templos e catedrais como son os centros de ocio e consumo, os festivais de música, os estadios. Na Coruña existe un macro centro comercial que abre na fin de semana ata pasadas ás 12 e seica está a rebentar. Buscando inimigos por todas partes as directivas eclesiásticas non caeron na conta de que xurdía unha nova relixión que absorbía o corazón da xente e baleiraba os templos: o hiperconsumo. Recomendo vivamente a lectura e análise da obra do sociólogo francés Gilles Lipovetski «*La felicidad paradójica*». Cando temos todo o que queremos, para que precisamos a Deus? Pode que sexa enganoso, que agache outras frustracións e esperte

buscas, pero teríamos que entender a desconexión da mocidade da Igrexa e, moito máis da misa dominical dende este aparente benestar material.

O gran problema pastoral que se lle presenta ás dioceses nestes tempos é cubrir as eucaristías debido á falta de clero. A escaseza de vocacións e a elevada idade dos curas leva a agrupacións de 10 ou 15 parroquias cun so presbítero. O futuro non é nada prometedor.

Temos aquí unha primeira confrontación: ten que estar a Eucaristía vinculada a unha única forma de ministerio que tende a desaparecer?

## 1.- Eucaristía e ministerio

Cantas veces escoitamos aquela expresión de Henry de Lubac: «A eucaristía fai a Igrexa e a Igrexa fai a eucaristía»... que nos interroga na actualidade: que pasa se non hai eucaristía porque non hai ministros? Non hai Igrexa?... Se é a Igrexa quen fai a eucaristía? Que novos camiños pode abrir no servizo ministerial para que haxa eucaristía?

Arredor do ministerio o debate é vello, xa dende o Vaticano II. O tema estrela durante moitos anos foi o do celibato: si, non, opcional... Sen dúbida que a aposta por un camiño de celibato opcional no seu tempo puido ser unha boa solución. Os medos, as presións, a falta de diálogo ecuménico, o conservadorismo... frearon esta posibilidade. Penso que agora, nestes tempos xa non se trata de celibato, senón a forma do ministerio de presidencia da comunidade cristiá. Levamos máis de mil anos vivindo da man dun sistema clerical que imposibilitou outro tipo de Igrexa, a Igrexa Pobo de Deus que soñou o Vaticano II. Logo de corenta anos todo segue pivotando sobre unha minoría: o clero. Pensade se non... pode haber participación de leigos nas parroquias, poden asumir responsabilidades, pero rara vez un leigo ten aceso ás contas parroquiais, non pode sacar cartos do banco para pagar isto, mercar aquilo... nin poderá tomar decisións importantes sen a aprobación previa dun cura, vicario ou bispo. Por outra banda as grandes decisións pastorais

son tomadas maioritariamente entre clérigos: consello episcopal, consello de arceprestes, reunión de párrocos en arceprestados... é certo que existen algúns órganos consultivos como consellos de pastoral a nivel diocesano ou parroquial no que participan leigos... pero as decisións finais están sempre nas mans do clero.

Coloco aquí unha experiencia vivida hai uns meses nunha catedral con motivo dunha importante efeméride, na que eu participei coma un leigo calquera.

«Situeime nunha zona de bancos non acoutada para o clero que tiña reservadas varias ringleiras de bancos. Diante do meu asento había grupos de fieis que viñeran con tempo para coller sitio e sentaron nos bancos non reservados. Recordo ver un grupo de monxas anciás, e segrares tamén ben entrados en anos. Cando ía comezar a misa saíron uns empregados uniformados e desaloxaron ás monxas e a aquela xente que viñeran con tempo para coller sitio. Comezou a procesión de entrada e caín na conta: asistiu máis clero do esperado e houbo que facer sitio desprazando monxas e segrares que tiveron que seguir toda a celebración, de case dúas horas de pé».

Toda unha metáfora do que, a maior das veces está a ser a realidade eclesial.

Que perspectivas se abren neste camiño? Hai varias e non son propostas novas, pero cómpre recordalas. Temos o sacerdocio feminino que aparece como a gran besta herética para un sector da igrexa, tamén a idea dun ministerio extraordinario, ministerio temporal... No horizonte trázase esperanzador o Sínodo da Amazonía, do que logo falaremos, que pode ser o comezo de algo novo.

## 2.- Sacerdocio da muller

Preséntasenos como un tema pechado maxisterialmente, pero ben sabemos que non é así pois o debate e a vindicación están aí. Temos de novo unha actitude clerical e patriarcal por parte de quen toma decisións. Falando coa xente e preguntando polo asunto vemos que salvo grupos moi ideoloxizados non se entende tal negativa. Pero velaí outro flash:

«Paso unha semana nun mosteiro de monxas contemplativas. Son monxas cun gran nivel de formación e varias con titulación universitaria. O nivel teolóxico e de coñecemento da Escritura sobrepasa o de moitos dos cregos que coñezo. Pero precisan dunha presenza masculina no mosteiro só para poder celebrar a misa diaria. Pasa en moitos conventos e comunidades onde as relixiosas teñen que soste e manter a un sacerdote. Capelanías que custan de 300 a 500 euros ao mes, amén doutros gastos se o capelán vive na casa (hai que lle lavar a roupa, pasar o ferro, facer o xantar...) Falo coas monxas e son unánimes... o normal é que elas presidiran a eucaristía da súa comunidade».

Sería un primeiro paso e case necesario, pois en anos é posible que as monxas queden sen esta asistencia «técnica» por falta de persoal. Non ten que ser este o motivo, pero permitiría avanzar.

As trabas son grandes: toda unha revisión teolóxica e doutrinal sobre o sacramento da orde, o diálogo ecuménico con algunhas igrexas, principalmente a ortodoxa, a resistencia dos chamados «ultracatólicos» e de gran parte do clero actual educado no patriarcado.

Vemos que os pasos dados por moitas igrexas evanxélicas non crearon maior problema entre os fieis, que aceptaron con normalidade a presidencia feminina das comunidades. E unha imaxe: as celebracións ecuménicas nas que participa o papa, acompañado con toda normalidade de presbíteras (o corrector so admite a forma presbítero).

O maxisterio oficial dá o tema por fechado aferrándose á Carta Apostólica *Ordinatio Sacerdotalis* de Xoán Paulo II no ano 1994 na que a gran razón teolóxica e que Cristo escolleu unicamente homes para tal servizo.

Vinte anos antes temos a reflexión de Karl Rahner sobre un maxisterio pechado:

«O meu xuízo, nin a argumentación básica nin a a autoridade de ensinanza da Igrexa ofrecen un fundamento convincente e obrigatorio para aceptar a discutida doutrina de Paulo VI na *Humanae Vi-*

*tae*, nin a Declaración da Congregación da Fe que quere excluír por principio a ordenación das mulleres, como algo que debería aplicarse a todos os tempos» (*Cambio estructural de la Iglesia*. 1974)

No fondo estamos chamados a revisar a estrutura eclesiástica. Quen anima e coordina a comunidade, debería presidila. A comunidade presenta o candidato ou candidata que é ordenado polo bispo, estando así en comunión con el.

O Papa Francisco impulsou unha comisión teolóxica para o estudo do diaconado feminino en agosto de 2016, de momento nada sabemos dos resultados, é posible que haxa que agardar ao Sínodo da Amazonía (outubro 2019). Pero a realidade non se pode agachar, en toda Europa miles de mulleres presiden cada domingo as celebracións litúrxicas, comentan a Palabra, reparten a comunión, visitan enfermos, levan os rexistros parroquiais, organizan a catequese, mesmo bautizan, e acompañan un defunto ao cemiterio... pero non poden consagrar, nin perdoar, nin asistir a un moribundo.

É posible que precisemos dun novo concilio ou dun gran sínodo nos próximos anos, que resolva este conflito. Así o propuña non hai moito o cardeal Schönborn nunhas declaracións á prensa:

«A cuestión da ordenación de mulleres-dícono, sacerdote ou bispo so pode ser aclarada por un concilio, é unha pregunta demasiado grande para que a solución un papa dende o seu despacho» (*Salzburger Nachrichten*, abril 2018 )

### **3.- Sacerdocio de casados - Ministerio extraordinario**

Máis que de fin do celibato prefiro falar do sacerdocio de persoas casadas. Uns mil curas ou relixiosos abandonan o ministerio sacerdotal cada ano no mundo para casarse. Só en España hai máis de 5.000 secularizados (Vida Nueva). Escoitei moitas veces en conversas de curas falar da valía de compañeiros casados que podían exercer sen problema e seguindo a súa vocación.

Curiosamente a Igrexa acepta a incorporación de curas anglicanos casados que piden incorporarse ao catolicismo. Non se lle da

moita publicidade ao asunto. É o mesmo Bieito XVI quen aproba esta incorporación no 2009. Curas casados e con familia presiden comunidades neocatólicas. (cf Bieito XVI, *Constitución Apostólica Anglicanorum Coetibus*. 2009). Trátase tamén dunha manobra para achegar aos grupos anglicanos máis conservadores e descontentos coa súa igrexa... pero xa temos unha porta aberta.

Nalgunha diocese española dáse o caso de sacerdotes de rito oriental, casados, que participan nos retiros e reunións do clero sen maior problema.

Desde logo é unha mágoa non aproveitar a experiencia de tantas persoas que podían estar animando as nosas comunidades cristiás, tan necesitadas, e aliviando a salvaxe sobrecarga de traballo de tantos curas, que non han tardar en sufrir as consecuencias no seu ánimo e saúde. Coñezo curas que celebran ata 8 misas no domingo, misas de 15 minutos con «rallye» incluído por pistas e corredeiras. O peor de todo que non queda tempo para falar coa xente, organizar outras actividades como a catequese, grupos de adultos... e moito menos crear un grupo humano que apoie e anime ao cura. Acabar a noite na soidade dunha reitoral, moitas das veces esbandallada, non augura nada bo.

Unha das propostas máis sensatas e interesantes que escoitei nos últimos anos foi a do bispo de Xingú, Brasil, Erwin Kräutler. Ao fronte dunha diocese con máis de 800 mil fregueses e 365 mil quilómetros cadrados só dispón de 27 curas. Este bispo de orixe austríaca e que leva 30 anos na Amazonía, defende que ademais do ministerio tradicional se cree outro, que inclúa persoas casadas para a atención concreta de cada comunidade:

«Non defendo o fin do celibato, defendo o principio que presidir o sacramento da eucaristía non sexa unha prerrogativa exclusiva dun home célibe. O que queren moitos bispos, e eu son un deles, é propor outro tipo de sacerdote xunto ao tradicional. Trátase de tomar unha posición a favor das comunidades, como na Amazonía que practicamente están excluídas da Eucaristía» (*Vida Nueva*, maio 2017).

Trátase dun vello debate: poden os laicos presidir a eucaristía ou deben acceder ao sacramento da orde, casados ou non? Recordemos a proposta de Schillebeeckx dun posible ministerio extraordinario para presidir a eucaristía aínda que en principio fose en situacións tamén extraordinarias. Schillebeeckx recorre ao que é posiblemente o único testemuño histórico sobre o tema, da man de Tertuliano: «Onde non exista un colexio de ministros, ti leigo, debes celebrar a eucaristía e bautizar.» A proposta cuestionaría a necesidade da sucesión apostólica para acceder ao ministerio (*El ministerio en la Iglesia*, 1983). Moitos dos esforzos do dominico holandés foron na dirección de liberar o ministerio ordenado, determinado por tradicións gregas, romanas e medievais. Valeulle, como non, a reprobación da Congregación da Doutrina da Fe, con varias advertencias e notificacións canónicas, entre elas a asinada polo cardeal Razintger en setembro de 1986 acusando ao teólogo de estar fóra da comunión da Igrexa. No fondo atopamos o medo e repulsa a unha práctica presente en Holanda, Alemaña e outros países europeos, onde comunidades de base celebraban a eucaristía presidida por leigos ou onde consagraba toda a comunidade.

Son moitas as resistencias a abrir novos camiños, e como exemplo temos o caso do diaconado permanente ao que poden acceder homes casados. Creo que nas dioceses galegas non chegan á ducia, e os bispos non acaban de apostar por eles. Cales son os medos? Abrir portas ao que pode ser a vida conxugal do presbítero aceptada con normalidade pola xente?

Non esquezamos para rematar, que hai sectores conservadores que nin sequera aceptan a «Celebración Dominical en Ausencia de Presbítero» guiada por leigos e mesmo lle din á xente que non é válida para cumprir o precepto dominical. Se non vas a unha misa como Deus manda, estás en pecado. Creo que moitas das cousas que para uns son escandalosas e revolucionarias, non deixarán de ser algo normal nuns anos, se pretendemos que a Igrexa siga presente nas nosas parroquias.



#### 4.- Eucaristía, rito ou celebración

Coloco aquí outra escena real vivida hai poucos anos:

«Un domingo antes dunha misa unha velliña entra na sancristía e dime: –Señor cura, pódeme botar unha misa? Eu, pecando de inxenuidade e quizais descolocado por unha expresión popular que nada malo tiña, intentei explicarlle que unha misa non se bota, que se bota o lixo, ou o abono... pero que unha misa se celebra, que é un acto comunitario... A muller asentía con moita humildade ás miñas explicacións e cando rematei, contestou: –Si, Señor cura, debe ter razón que eu non lle estudei, pero mire, vaime botar a misa ou non?».

Paréceme moi simbólica esta historia porque detrás da misa dominical ou as misas diarias, normalmente con intención por un defunto sen a cal non asistiría case ninguén, agáchanse séculos de mestura de ritos, preceptos, obrigacións, ofrendas, promesas... Podería contar mil historias que as veces, tras celebrar cinco misas a todo correr, fanme dubidar de que realmente esteamos a celebrar a Cea do Señor.

Hai uns día falaba cun sacerdote benemérito, a quen admiro polo seu saber e a súa espiritualidade. Profesor de teoloxía durante anos, estudoso e pasando dos noventa anos, entusiasmado e namorado de Xesús, e sempre disposto a botar unha man. Díciame que o gran drama da igrexa católica non era a escaseza de sacerdotes senón a pouca formación relixiosa da xente, responsabilidade que achacaba en gran parte ao clero que se dedicou a celebrar ritos, e non soubo acompañar, salvo excepcións, espiritualmente á xente e abrirlle horizontes de comprensión e estudo.

Resulta chocante celebrar, por exemplo unhas exequias de alguén que non pisou nunca a parroquia –nin a súa familia–, ou as vodas que tocan hoxe en día onde ninguén contesta, nin sabe cando hai que estar de pe ou sentado e sobre todo cando vas dar a comunión e non se achega ninguén, as veces nin os noivos.

Houbo durante séculos un proceso ritualista da vida social que hoxe en día esmorece e por iso cada vez hai menos vodas, comu-

ñóns, bautizos... pero quédanos a misa que ata hai pouco enchía calquera acto: Día da Garda Civil, Encontro de Maiores, Festa dos Cazadores... recordo un lugar que non nomeo no que inventaron unha festa gastronómica, a Festa do Porquiño e viñéronme preguntar a que hora poñiamos a misa. Nalgún tanatorio da Coruña, destes novos que parecen estacións de tren, podemos atopar un domingo ata sete misas anunciadas nas necrolóxicas dos xornais. Non é doado atender parroquias, pero si o negocio que ronda a morte. Misas de 20 minutos sen homilía, sen coñecer ao finado nin a familia, sen un mínimo de empatía... é isto a celebración do memorial do Señor?

Cando era neno, preguntáballe con inxenuidade ao meu párroco por que se celebraban 30 misas á semana na nosa igrexa... non habería que celebrar unha gran misa o domingo para todos? Non sabía nada daquela de estipendios e gregorianas.

Admitámolo. Para moita xente e incluso para moitos cregos a misa é un rito a cumprir, sen necesidade de entrar no misterio que se celebra. Este ritualismo acaba volvéndose contra a propia igrexa, e con lexitimidade nacen novos ritos alleos ao relixioso, enterros civís, matrimonios, acollemento civil de meniños e mesmo festas que xa non teñen que ver co relixioso e lle comen espazo vg: San Froilán-Arde Lucus en Lugo, ou a Peregrina-Feira Franca en Pontevedra. Os venres santos hai unha gran convocatoria de troula para a mocidade, que vai medrando polo país adiante. A desconexión dos mozos do ritual é brutal, mesmo aqueles que estudaron en colexios relixiosos. Cando nun funeral ou nunha voda ves xente moza, o normal é que non abran a boca en toda a celebración.

Poden semellar reflexións de andar pola casa, anecdóticas, pero creo que chaman por novas formas de celebrar, novas linguaxes e sobre todo unha nova espiritualidade.

## 5.- A misa. Novas formas, novas linguaxes

A única liorta que encontramos no NT en canto a asemblea eucarística vén da man do apóstolo Paulo (1Cor 11, 17-34) pola

mala organización que non consistía en que se cumprisen determinadas normas litúrxicas ou cerimoniais, senón en que os cristiáns estaban divididos e os ricos comían e bebían ata emborracharse mentres os pobres pasaban fame. Paulo dille a eses cristiáns que unha eucaristía así é imposible (cf. J. M. Castillo, *Teoloxía para Comunidades*, 1990)

As advertencias, condenas, liortas nos últimos anos das directivas eclesiásticas non coinciden coas de Paulo, van dende se hai casula, ou se se canta o sanctus letra a letra seguindo o ritual. Certamente houbo unha creatividade litúrxica logo do Vat II. sen precedentes históricos. Todo era novo e válido e hai que recoñecer as esaxeracións e saídas de ton. Pero foi unha época, penso que enriquecedora, onde o simbólico superou textos e fórmulas ben rancias. A síntese foi cos anos unha volta atrás, de novo prohibicións, condenas, dogmatismos. Un bo exemplo témolo na persecución contra as Romaxes de Irímia. Lembro aquela frase que definía ao fanático: aquel que non soporta que outros sexan felices.

A linguaxe oral e estética da liturxia está envolta nunha cápsula medieval que pouco di, cando non arrepiá ás novas xeracións. Non digo que as antigas liturxias non garden beleza, pero para unha minoría educada para tales formas. Na misa podemos dicir un centos de veces: ten piedade! Fronte a culpabilidade deberíamos fomentar hoxe a autocrítica e desvelar o Deus que como pai ou nai, axuda a se erguer ao fillo que tropeza e bate. A linguaxe dos salmos, tan allea á nosa mentalidade! Son de agradecer esforzos como o de cristianizar os salmos do AT, propostas de Manolo Regal, ou Pagola (*Os Salmos hoxe / Salmos para rezar desde la vida*).

O peor de todo é unha eucaristía desconectada da vida, dos problemas da xente, do mundo. Non entro xa no tema das homilías que daría para un monográfico. Comprenderedes que celebrando 5 misas un domingo pola mañá todo queda reducido as presas, por moito equipo litúrxico que teñas.

Como crear novas linguaxes máis aló do credo de Nicena que ninguén entende? Como superar oracións, prefacios e pregarias

inintelixibles? Empeoradas por certo coa edición do novo misal en castelán que suprime unha das pregarías máis participativas e bonitas, a pregaría V.

Timoty Radclife, que foi mestre xeral dos dominicos, e mestre tamén en comunicación, ten publicado un fermoso libro que fala de linguaxe accesible para a liturxia e que vos recomendo: «*Por qué hay que ir a la Iglesia? El drama de la eucaristía*» (2009) no que fala da beleza, e de que unha eucaristía ben celebrada ben a ser coma vivir nunha habitación bonita. Hai habitacións bonitas que non precisan de máis nada que un pouco de luz e sinxeleza. Non acontece coas nosas misas? Claridade, limpeza e fraternidade en torno a unha mesa compartida.

A Vicente Ferrer, o xesuíta da India, acusábanos os eclesiásticos de que non falaba de Deus. El contou unha fermosa historia. Un día caeu na conta de que un home que xantaba ao seu lado nun mesón de camiño non tiña pan por ser pobre. Pensou: Deus está ausente neste home en forma de pan. Foi máis aló, que lle falta a xente da miña provincia? Auga! Para cultivar e poder vender e xantar. Deus estaba ausente en forma de auga. Vicente Ferrer comezou a construír pozos que transformaron a vida da xente.

As nosas eucaristías pódense converter en pozos de auga onde Deus se faga presente, se primeiro descubrimos a forma en que está ausente na vida das persoas. Precisamos pois un novo falar e dicir de Deus que rebente a dominación do consumo, do individualismo e do materialismo.

«A nosa gloria e a nosa esperanza é que somos o corpo de Cristo. Estamos nel, El está en nós. Non hai que buscar máis, so afondar» (T. Merton)

**Rubén Aramburu Molet**



## Unha meditación dorida pero esperanzada da nosa Galicia e da Igrexa comunidade de fe

---

Xaquín Campo Freire

O documento preparatorio do Sínodo na chamada «nova evanxelización» recollía que as comunidades cristiás atópanse fronte a novos desafíos que cuestionan prácticas xa consolidadas, que debilitan camiños habituais e estandarizados, que obrigan á Igrexa a interrogarse novamente sobre o sentido das súas accións de anuncio e de transmisión da fe. E no contexto inclúe a tarefa de remodelación da comunidade cristiá que vive, actúa, serve e celebra. Urxe buscar estilos pastorais misioneiros, pasando dunha pastoral de conservación e resposta a outra de proposta. Necesítase igualmente coidar a fe persoal e fortalecer a súa dimensión comunitaria. Para todo iso cómpre unha organización renovada que pense as actividades e iniciativas en clave de unidade pastoral.

Santificarás o día do señor. A deshumanización actual quere varrer de raíz canto haxa de respecto aos dereitos da persoa humana e eliminar unha vida sa e plena de espiritualidade. Escravizar ao máximo. Espremer ao máximo. Estrullar ao máximo. E que o referente último sexa sempre o lucro. Xente que non pense, illada, sen ánimo, sen palabra, sen espírito persoal nin colectivo. Para eles hoxe sobra o encontro semanal humanizador dos irmáns mandado na Xénese:

Acórdate do día do Sábado, para santificalo. Traballa seis días e neles fai todas as túas faenas. Pero o día sétimo é día de descanso, consagrado a IAHWEH, o teu Deus. Que ninguén traballe: nin ti, nin os teus fillos, nin as túas fillas, nin os teus servos, nin as túas servas, ni os teus animais, nin os forasteiros que viven no teu país. Pois en seis días IAHWEH fixo o ceo e máis a terra, o mar e canto hai neles, e o sétimo día descansou. Por iso bendicciu o Sábado e o fixo sagrado (Ex 20, 8-11).

Vén resultar que a Biblia ten máis fondura liberadora da que moitas veces sabemos descubrir. Quendas do traballo sen horarios de saída, cun salario irrisorio, sen dereitos laborais, nin sanitarios, nin familiares, sen calendarios fixos e supeditados á escravitude esa de que o cliente sempre ten razón e que as grandes empresas saben utilizar moi ben aínda máis alá de esa lei desestruturadora de todo programa que axude a construír persoas equilibradas física-mental-afectivo-emocional-relacional-espiritual e relixiosamente consideradas. Neste mundo que «nos» impera, a espiritualidade liberadora e construtora da persoa non só estorba senón que a declaran subversiva e perigosa. É máis. No colmo da corrupción baleiraron de contido a letra do evanxeo, deturpando o significado primixenio das palabras e facéndoas evolucionar semanticamente cara ao que F. Belo, biblista, denominou: «unha lectura burguesa do evanxeo», que tal fixeron os movementos relixiosos que foron nacente a carón da nova economía sen alma. D. Trump (non só el, pois encarna todo o sistema), é un bo exemplo desta «desevanxelización»: Seres sen dignidade. Mudos. Sen palabra. Autómatas.

Seguindo a Xesús: precisamos ser persoas con vida interior profunda e ancorados en Deus neste mundo que vivimos, coa liberdade e sabedoría do Espírito ao que el foi fiel. «O meu Reino non é deste sistema», escribiu González Ruiz. É verdade que hoxe se ora e talvez moito. Pero hai oracións que máis ca un diálogo tenro co Pai, parecen esixencias a un afiadador: «a un arranxatodo». Ese é o grande desafío para o mundo de hoxe que se sente orfo, baleiro: Se non descubrimos esta necesidade vital de sermos persoas e comunidades de íntima e profunda relación co Abbá, Deus Pai amoroso; se non entendemos o encontro persoal e comunitario con Xesús-Cristo, amigo persoal, sempre presente no medio de nós, na comunidade e no mundo; se non saboreamos a presenza do Espírito, Señor e dador de vida, actuante sen tregua cos seus sete dons no interior de cada un...; se non nos alimentamos axeitadamente desde a fe?; ... para que serve?

Para nós, os cristiáns, o centro do día do Señor, o domingo, é a Eucaristía, que significa «acción de grazas». É o día para dicirlle a

Deus: Grazas, Señor, pola vida, pola túa misericordia, por todos os teus dons. O domingo non é o día para borrar os outros días, senón para recordalos, bendilos e facer as paces coa vida. Canta xente hai que ten tantas posibilidades de divertirse e non vive en paz coa vida! O domingo é o día para facer as paces coa vida, dicindo: a vida é preciosa! Non é doado. Ás veces é dolorosa, pero es preciosa»<sup>1</sup>.

«Para min, di unha dona da nosa comunidade, non ten sentido a semana se non vivo o domingo como encontro persoal con Cristo, se non celebro a Palabra de Deus e me deixo envolver por ela, se non me centro no encontro afectuoso coa comunidade que me insire realmente no mundo de hoxe onde Xesús, o Cristo se segue a encarnar, morrer e resucitar na nosa vida de cada día. Con toda sinceridade: para min sen celebración do domingo, no día do señor, non ten sentido a semana. Nin a que pasou nin a que segue. O noso mundo está exánime, sen ánima e sen ánimo. Xesús sentiu mágoa. Andaban coma ovellas sen guía, sen pastor. E é coa comunidade onde eu percibo que vivo e alento».

«Πάντα ῥεῖ: «todo flúe» (Heráclito). Todo está en cambio continuamente.

*Cambia lo superficial. Cambia también lo profundo. Cambia el modo de pensar. Cambia todo en este mundo. Pero no cambia mi amor, por más lejos que me encuentre, ni el recuerdo ni el dolor, de mi pueblo y de mi gente. Y así como todo cambia que yo cambie no es extraño* (Mercedes Sosa).

Nas parroquias da Galiza, nos eidos civís, estase a dar un cambio ben profundo. No ensino: concentración en Grupos Escolares. Na

---

1 Papa Francisco, Audiencia Xeral, 05-09-2018, [www.zenit.org](http://www.zenit.org): «A viaxe polo Decálogo lévanos hoxe ao mandamento do día do descanso. A sociedade actual está sedenta de entretemento e vacacións. Nunca coma hoxe o home descansou tanto e, porén, nunca experimentou tanto baleiro coma hoxe! As posibilidades de divertirse, de saír, os cruceiros, as viaxes, tantas cousas que non te enchen nin dan a plenitude do corazón. Aínda máis: non te fan descansar (...) Ora ben! Que é descanso segundo este mandamento? É o momento da contemplación, é o momento da loanza, non da evasión. É o tempo de mirar a realidade e dicir: que bela é a vida! Ao descanso como escape da realidade, o Decálogo contraponlle o descanso coma unha bendición da realidade».

sanidade: Centros de Atención Primaria de Saúde e os PAC. Empezan a fusionar axuntamentos ou concellos. Acertan ou hai intereses espurios? Só por ideoloxías ou intereses alleos? En toda a Igrexa tamén hai unha crise de cambio. No eido eclesiástico católico estamos nun período de transición-adaptación dentro dun proceso de cambio profundo. É un signo dos tempos.

Sobre todo no mundo rural e nas pequenas aldeas. Esta achega mira principalmente ao mundo rural incluídas as vilas.

Encontrámonos co problema da falta crecente e galopante de sacerdotes. Dáse entre nós unha situación preocupante e persistente que temos de afrontar desde a misión evanxelizadora da Igrexa: O despoboamento e o avellentamento das parroquias rurais, dunha banda, e o individualismo e a autosuficiencia dalgunhas parroquias urbanas pola outra. A crise familiar, a ausencia de mocidade e a falta de substitución xeracional nas nosas comunidades. O decaemento da vida cristiá e comunitaria en bastantes parroquias, e a falta dun testemuño coherente dos cristiáns. A actitude xeneralizada de increnza, indiferenza relixiosa, secularismo e afastamento da fe na nosa sociedade. A maioría dos crentes non son conscientes de que, como bautizados, están chamados a seren e sentírense Igrexa. Moitos que solicitan a celebración dos sacramentos ou envían aos seus fillos ás catequeses, non están minimamente evanxelizados. A falta de vocacións, tamén laicais, e a elevada idade do noso clero, etc.

Milleiros de parroquias, como tales parroquias, xa non poden celebraren a eucaristía. Van ser integradas, estou a referirme ao ámbito relixioso, nunha unidade territorial superior: A Unidade de Acción Pastoral (UPA). (Diocese de Mondoñedo-Ferrol, abril 2018).

Un abandono anunciado? Hai moitos anos que se vía vir. Pero na Igrexa hai coma unha rémora ancestral: vai case sempre delongada, atrasada. E por iso xa chega tarde cando se trata de darlles solución aos grandes problemas. Pasou cando a Reforma protestante, co mundo obreiro, coa modernidade, coa xuventude. E co mundo da muller? «A pastoral en clave misioneira esixe o abandono deste cómodo criterio pastoral: sempre foi e se fixo así!». «Convido a todos



a seren ousados e creativos nesta tarefa de repensar os obxectivos, as estruturas, o estilo e os métodos evanxelizadores das respectivas comunidades». «Unha centralización excesiva, en vez de axudar, complica a vida da Igrexa e a súa dinámica misioneira»<sup>2</sup>.

«Todos os fieis cristiáns teñen dereito a recibiren dos pastores con abundancia os auxilios da palabra de Deus e dos sacramentos...» (LG 37, 1). «Exhorto a todos a aplicaren, con xenerosidade e coraxe, as orientacións deste documento, sen impedimentos nin receos. É importante non camiñar soíño, senón ter sempre en conta os irmáns e, de modo especial, a guía dos Bispos, nun discernimento pastoral sabio e realista»<sup>3</sup>.

«Lamentámonos de que os fieis abandonan a Igrexa. Non teríamos de dicir, máis ben, que é a Igrexa quen abandona aos fieis?» (José María Castillo). Por que agora a necesidade das unidades pastorais? Escaseza de curas. Non promoción do laicado. Falta de visión global na Igrexa galega, etc.? De verdade é este o verdadeiro *fulcro* do problema? Cal é realmente a urxencia actual da conversión parroquial de Galicia. E saberá hoxe a nosa Igrexa, como pobo de Deus, agora e aquí, facer novamente unha reorganización axeitada? Acertará coa nosa idiosincrasia, cultura, fala, xeitos de sermos e comportármonos, coa verdadeira autoestima e valoración de cada persoa e das nosas circunstancias e contornas? E quererá ela? Terá sinceramente vontade de tal?

Descubramos Galiza. Punto de partida e situación real. Fagamos historia. De onde vimos? Quen somos e de onde vimos? Como somos e que temos? Como é a nosa historia evolutiva? As parroquias rurais desde o Reino Suevo.

O hábitat represéntase na Galiza disperso no espazo, concentrándose as casas en aldeas pequeniñas. Varias aldeas próximas, formaban a parroquia<sup>4</sup>.

---

2 Papa Francisco, *Evangelii Gaudium*, 33.

3 Papa Francisco. *Evangelii Gaudium*, 33.

4 Pérez Alberti A., *Xeografía de Galiza*, Santillana, 1979, p. 46.

A parroquia é a forma de convivencia máis plena en Galiza. A cohesión que crea entre os seus veciños e a súa funcionalidade, constitúen unha unidade básica en Galiza perfectamente aproveitada pola Igrexa e minimamente polo Estado, porque como escribía Castelao:

A Igrexa procurou asentarse en realidades terreas e o Estado anda polo ceo das abstraccións. Se a un galego, maioritariamente a un campesiño, se lle pregunta de onde é, xamais aludirá na súa resposta ó municipio senón á parroquia porque esta é para el a referencia vivencial. O municipio é unha creación artificial, imposta, allea ó pobo froito dunha política liberal centralista (...) A parroquia é unha unidade de convivencia relixiosa con celebración de festas relixiosas, con asociacións piadosas, confrarías parroquiais, pro tamén é unha unidade de convivencia civil con realizacións comunitarias tan importantes como son a construción de camiños veciñais, pontes, traída de augas, construción e reparación de escolas, construción da casa reitoral, casa do médico, arranxo das igrexas parroquiais, lavadoiros públicos, fontes, presas par montar pequenos artefactos hidroeléctricos, recadación de fondos de organización de festas parroquiais (...) Tal vitalidade amosa que a parroquia é unha utilidade orgánica só descoñecida polo Estado que dende Madrid lexislou sobor Galiza sen saber quen e como eramos. A Igrexa, en troques, mantivo a unidade parroquial manifestando desta forma un verdadeiro servizo a Galiza.

(«Agora é a Igrexa a desertora. A que abandona?»). A integración polo bautismo de tódolos galegos na Igrexa non significa unha aceptación cordial da mesma institución, maioritariamente do clero como representante da mesma. Hai no refraneiro un anticlericalismo moi claro e abundante<sup>5</sup>. A casa, o lugar, a parroquia, o adro da igrexa e os concellos abertos, a parroquia, a comarca, a bisbarra, o hábitat rural, as feiras, a capital ou capitais comarcais. As antigas provincias do Antigo Reino da Galiza: Terra Chá, Terra de Melide, Terra de Montes, O Ulla, A Ulloa, etc.<sup>6</sup>

5 Barreiro Fernández, J. R., *Historia de Galicia IV. Edad Contemporánea*, pp. 79-81, Galaxia, Vigo 1981.

6 R. Castelao A., *Sempre en Galiza*, cps. XXVII e XXVIII.

Saber oír e escoitar; ver, ollar, observar e mirar. Coidar. Que mudou? Somos rurais, mais xa non agrarios. A vista panorámica: todo bosque. Xa non se recoñece o hábitat nin os camiños. Granxas. Poboación. Fillos: 2, 1, 0. Nova emigración. Que se perdeu? Vacas, labranza. Casas caendo, dor, tristeza, pena, memoria e historias para a historia, etc. Que fica da estrutura e formas de vida? Cales son as formas culturais modernas? Por que hai que loitar? *Mutatis mutandis*, que conservar? Que hai que adaptar? Que hai que conservar na escrita, graficamente e ou deixar xa? Como facelo? Novo asociacionismo? Novas iniciativas? Círculos de pensamento e tertulias veciñais, minorías inquedas, grupos de amigos/as? A presenza e forza da muller. Estudos e artigos, etc. Desde abaixo ir chegando á cima? Crear necesidades axeitadas. O relixioso entroncado coa vida real e coas utopías con sentido de vida. Pillarlle de verdade o pulso á vida. Ir cos tempos, co tempo, e prever ben o futuro e acometelo con forza. Atender aos novos valores humanos, saber ver as persoas e as súas valías. Apostar por elas e con elas. Partir do pequeno, valorando a cada quen e a cada realidade? Todas son preguntas. E que din os rumorosos e quen son eles? A sociedade e as formas asociativas son escoitados? Que din? E as parroquias, teñen algo que dicir? Ou vai ser outro despotismo, este «non ilustrado»? Os sociólogos, economistas, psicólogos, pastoralistas, lexisladores, avogados, politólogos, sanitarios, ecoloxistas, políticos serios e documentados, etc.?

Promocionar. Hai realidades esperanzadoras pola Galiza rural adiante: Xestoso e a Universidade Senior, Xermolos de Guitiriz e Terra Chá, A Raíña de Curtis, Pastoral Penitenciaria, Sobrado, as Romaxe de Crentes Galegos, etc. Urxiría «un libro branco» da realidade e da situación real. Non sobra ninguén: vinde todos traballar á obra mentres non remata. Vincular experiencias valorándoas todas por moi pequechiñas que sexan. Valorar os *Semina Verbi* que respondan a fe encarnada en Galiza e promova o seu ser, fala e cultura. Volvamos por Galiza. Saquémosla dos seus profanadores especulativos e escravizadores. Galiza quere pobo!

Vivirmos no hoxe de Deus. Isto xa non é aquilo: Πάντα ῥεῖ. Na *Evangelii Gaudium* o Papa chama á conversión. Trátase de vivir

ou morrermos como comunidade parroquial. Se agora non damos este paso adiante esmoreceremos. Perderemos vitalidade persoal e comunitaria. A nosa espiritualidade e vida de fe irán deixando lugar a un baleiro anódino, rutineiro, superficial e falto de fondura. Que nos doen os cambios? Si. Sobre todo porque estabamos máis cómodos así: «Xa o cura nolo facía todo, e podíámolo criticar, ficando nós fóra das responsabilidades». Por iso a Igrexa, sendo milenariamente tan nosa, é tan pasiva.

«A Unidade Pastoral estará coordinada por un sacerdote cun Consello Pastoral composto por membros de cada freguesía actual». E aí terá presenza activa quen teña vida real e efectiva. De non ser así en pouco tempo iremos vendo como as nosas tan queridas parroquias, sobre todo as máis pequenas e rurais, perderémonos no esquecemento xunto con todo o que cada unha significou no tempo. E están os nosos cemiterios parroquiais para nós tan entrañabelmente respectados, queridos e coidados. E as capelas, cruceiros, etc. Os santos e imaxes, polas que andan á rapiña ou especulando, incluído algún clérigo, etc. É unha pastoral absolutamente distinta a que cómpre para estes tempos novos pero conservando a terra concreta onde se vai sementar. Imos demasiado polo libro e moi pouco pola actitude evanxélica de Xesús. Todo acontecía no camiño, como nos relata Marcos. Só se ve ben con ollos do corazón o esencial e invisíbel (Ef 1, 18).

O noso eterno problema: a aldraxe e autoodio. Capítulo especial merecen o tesouro da nosa lingua galega e cultura galega tan maltratadas pola igrexa oficial e oficiante. Vergoña tería que darnos como Igrexa e pastores ter que recorrer á prensa para poder morrer en galego cando xa non nos deixaron vivir na nosa lingua materna: «*Hable usted en cristiano*». Nunca pensei en tal. Que a fe dos meus devanceiros non valesa para carearme e encontrarme persoalmente con Deus, Pai misericordioso. Nin na hora da nosa morte, como clamamos a Santa María. Moito perdón temos de pedir. Os libros litúrxicos en galego podreceron nos almacéns, para non repartilos. E foron pagados e subvencionados pola Xunta de Galicia. Hai un problema de xustiza detrás, e incluso un pecado de inxustiza. Tamén nos políticos

e sociedade, por non pedirmos contas polo desbalde, estrago, malbarate, mal gasto e da inxustiza contra o pobo e a lingua e cultura. Pois mira por onde agora imos ter a oportunidade de celebrarmos as vidas sen termos que pedirllas a venia a ningún Reverendo ou Excelencia. As funerarias xa ofrecen todo como pidas e con dignidade. E aínda non temos nin o Ritual da Unción de Enfermos, nin o Ritual da Penitencia nin tampouco o Bendicional en galego. Para enfermarmos e morrermos en galego o ministro de turno ou delinque ou néganos ese auxilio do encontro sacramental con Deus na lingua que lle falo acotío. Será que Deus no estudou galego na súa escola e por iso non nos entende, como di o Himno Galego? Que mal «envolvemos» a Cristo. Non me estraña que por veces el mesmo se bote fóra do templo. El falaba en arameo popular e do pobo baixo. Aquí a Igrexa empoleirouse cos ricos e co poder. Vailla mellor así. «Sabedes que os que son recoñecidos como xefes dos pobos os tiranizan, e que os grandes os oprimen». «Vós, nada diso: quen queira ser grande, sexa o voso servidor; e quen queira ser primeiro, sexa escravo de todos» (Mc 10, 44 -45). E a sociedade e as formas asociativas son escoitados? Que din? E as parroquias, teñen algo que dicir?

Creemos comunidades de vida, amor e oración. «Neste curso que vén, de setembro a xuño, na nosa parroquia iremos alternando as misas dominicais, presididas polo sacerdote, con outras celebracións da Palabra de Deus no domingo, guiadas por unha equipa de segrares da parroquia que xa o veñen facendo parcialmente desde hai tempo. Vai ser unha experiencia coidada e gozosa e traerá consigo unha grande esperanza de futuro se somos serios e fieis no compromiso persoal e de comunidades».

Nin unha parroquia sen celebración do domingo! Trátase de vivir ou morrer como comunidade parroquial. Se agora non damos este paso adiante esmoreceremos. Perderemos vitalidade persoal e comunitaria. A nosa espiritualidade e vida de fe irán deixando lugar a un baleiro anódino, rutineiro, superficial e falto de fondura. Que nos doen os cambios? Si. Sobre todo porque estabamos máis cómodos así: xa o cura facía todo. Por iso, sendo milenariamente tan nosa, temos unha Igrexa tan pasiva.

E como se fará isto? Hai xa moitas experiencias. Pero é dramático ter que irmos fóra á procura da riqueza que hai na casa sen sabelo. «Non temas, María. O Señor está contigo. O Espírito Santo virá sobre ti e o poder do Altísimo hate cubrir coa súa sombra» (Lc 1, 26). Pórse á escoita. «O laicado, no seu papel, consciente do seu sacerdocio bautismal dentro dunha comunidade global de Igrexa. Comunidade de comunidades capaz de recibir a diversidade de vida e iniciativas, riqueza, do Pobo de Deus» (*Evangelium Gaudium*). Non é un problema de «preciosismos» experimentais. É o encontro persoal, cotián, comunitario, fondo e maduro, semanal. Ou vivimos ou esmorecemos como persoas e como grupo de vida comunitaria. Misión ou morte. É o problema de que nas parroquias rurais as «tres vellas» (en expresión despectiva de moitas institucións), merezan seguir vivindo e celebrando a vida. E de paso respectar e repasar a memoria viva, a historia da comunidade e gardar e coidar os edificios e o cemiterio porque son «nosos». Son elas e eles as que gardan, cultivan e animan a sagrada memoria e herdo de algo moi noso que non merece esmorecer pola incuria dos que eludimos responsabilidades por falta de creatividade e respecto. Hai posibilidades múltiples antes que a claudicación. Os nosos anteriores conservaron a vida rezando un rosario e xuntándose. Aínda o seguen a facer nos velorios. Por que non no domingo na igrexa de todos? Porque esa foi copada polo clero. Todo era en latín. Hoxe hai moitos máis recursos. Incluídos os móbiles, que poden dar moito de si. Un saúdo puntual no medio da oración comunitaria, quen o impide? Etc. Sabermos que somos igrexa no concerto diocesano porque vivimos e lle interesamos a alguén.

Perigo: un novo monopolio *clericaloide* de novo-vello cariz sen vivir de verdade o consello zonal semanal da UPA. Que responda a realidade máis real. Permitir e deixar que cada comunidade cree e aporte a súa propia riqueza e teña a oportunidade de medrar. Non será por citas bíblicas que nos inviten a servir a mesa da Palabra e celebrala na comunidade. Non será porque non nos chamen, como servos de IHWE a vivirmos como igrexa samaritana.

Primeiro de todo: unha conversión seria e convencida ao Reino de Deus e a súa xustiza. Mellor unha celebración lenta, pausada, pacífica, sen présas, feita por laicos, que non estea amazocada de contidos. Non coma as misas pola «acelerada». «Facer que se fai». «A escape». «Para cubrir». Querendo meter en dez minutos todo o ritual programado para unha celebracións de tres cuartos de hora. Sen poder deterse nin falar coa xente. Nin tertulias posteriores á celebración, con propostas e compromisos concretos, vida comunitaria, enfermos, xuventude, vida social e veciñal, e unión coa UPA e coordinacións dos outros grupos parroquiais e comunidades existentes

Mellor unidades territoriais. Máis que agregacións acumuladas «á persoa» de curas de quita e pon, sen programación previa e sería, por simple acumulación a quen lle cadre segundo os cambios de persoas que logo impoñen o seu personalismo e fan ou desfán ou despiden sen máis a quen non concorde coa súa visión particularista por derriba dos plans comunitarios que estaban funcionando ou programados. Sempre cambiando. Sen unha liña. Sen proxecto. Deixando de lado o carisma comunitario, eclesial ou mesmo diocesano. Non hai vida cristiá sen comunidade. Aínda que sexan grupos pequenos. Creemos comunidades. E vinculemos comunidades. Nisto vale a pena perder tempo e empregar recursos e dedicar persoas.

Os pobres teñen dereito á experiencia espiritual. A alimentárense do pan que hai neles mesmos. O discurso do Pan de vida en Xoán: «Dádelles vós de comer. Que senten». Sería unha pena que non se percibira coma unha chamada do Espírito a unha nova era e unha nova fase. Sería máis unha outra ocasión perdida. E esas «catro vellas» «polas que nin vale a pena ir o domingo a esa aldea case baleira», xa se valerán en por si e moi seguro que elas non lle piden tal sacrificio a ninguén e menos a quen as considere con tan pouca valía. Pero elas si están clamando porque alguén se fixe nelas e lles dea a «*missio*», e a encomenda de abriren cada domingo a súa igrexa e leren a Palabra de Deus con algunha explicación axeitada a eles e faceren oración xuntas, repartiren a comunión e comentar

desde a fe os seus problemas e os gozos e esperanzas de toda a freguesía, cunha visita ao cemiterio e unha parolada de encontro antes de írense.

Así bendiciredes aos fillos de Israel: que o Señor te bendiga e protexa. Ilumine o seu rostro sobre ti e che conceda o seu favor. Que o Señor se fixe en ti e che conceda a paz. Así invocarán o meu nome eu heinos bendicir» (Núm 6, 22-27).

E unha vez ao mes a visita do sacerdote para enriquecérense el mesmo e todos e encherse de vida dos seus, xa veremos como iso dá vida e alento. «Para min non hai sentido de semana se non vivo o domingo como encontro persoal con Cristo e coa comunidade». Cómpren novas persoas con carisma dunha nova misión e entrega e suscitar a alegría das primeiras comunidades. «O Señor está no medio de nós».

O bispo aquel de Casares en *Ilustrísima*, sen capisaios e de incógnito, como fai Francisco acotío e fixo Xesús. Chegar á noiteña: Traio algo de comer, vinde e ceamos xuntos e imos falar até as tantas. Cos miúdos no colo e rapacetes incluídos. Iso é Visita Pastoral. E cando se acheguen por Lugo, Santiago, Ourense, Ferrol, Vigo, etc., con toda confianza: Vimos saudar ao noso amigo, a Luís, Antonio, etc., o bispo, e de paso traémoslle uns grelos, unha patacas, un pan trigo do noso forno, mel das nosas alvarizas, requieixo, etc. Só uns minutos, que nós tamén temos moita présa, só para saudar e falarmos un pouquiño entre todos de como lle vai a vida e a esperanza. E falarlle dos doentes e a economía. O monte que arde, as patacas que teñen a praga, o leite que non nos pagan, as crías que as veces morren, os anciáns que están soños e raros, etc. Para o poderoso sempre se fai sitio e formase a garda se fai falta. Crer no débil do reino. Xa sería ben ir facendo un elenco de pequenos espellos e posibilidades que se están a dar xa na realidade de hoxe para mirármonos neles e onde reflectirse e logo decatármonos de que: «Pois iso tamén nós podemos facelo aquí entre nós e xa sería ben. Ou facemos convivencias e intercambios. Por que non nos animamos? Dá pena ter a nosa igrexiña aos paxaros e con silvas



medrando». E que sexan experiencias rurais e de aldeas. As importacións-exportacións da cidade para a aldea non se axeitan. Os dos Ancares, desde hai moitos anos, sempre se queixaron dos «listos de Lugo» e da «cultura» que os invadían e lles ían dicir como tiñan de viviren e morreren e os desprezaban logo nos seus falares e os ridiculizaban» incluso na TV coma se fosen do «un modelo Pelúdez».

Pero eses mesmos souberon acoller coma da casa aos que humildemente se mergullaban no mesmo humus e daquela si que facían familia e se sentían comunidade. Preguntémoslle a Xesús Mato. Facer redes de encontros e convivencias: Comunidade de comunidades. Debe ser un movemento que naza de abaixo-arriba e deixalo nacer, xermolar e medrar. E máis que afogalos con críticas de que non son perfectos ou teñen algún erro, xa sería mellor alentar a vida que nace e encontra a Deus nas súas vidas reais. Deixar que xurdan novas vocacións e iniciativas laicais debidamente pensadas e propostas. Deixarlles espazo e animalas. Esas si que merecerían a visita pastoral do bispo. Un día chegar e «comulgar» con eles e animalos. E por suposto do sacerdote e de toda a equipa. Se se quere hai posibilidades. As minorías abrahámicas de Helder Camara. Os «*Semina Verbi*» dos que fala o Papa Francisco na *Amoris Laetitia*: Chamas do Espírito. «Elementos válidos»<sup>7</sup>.

Herba pequerrechiña  
que con medo sorrís  
ó sol que vai nacente  
e morrendo sen ti,  
por que de ser pequena  
te me avergonzas ti?  
¡O Universo sería máis pequeno sen ti!  
profetizou Díaz Castro<sup>8</sup>.

Xaquín Campo Freire

7 *Amoris Laetitia*, n.º 76-79

8 Díaz Castro X. M., *Nimbos*, Esmeralda, Galaxia, Vigo.



## «Falarase para honra dela, do que acaba de facer» (Mt 26, 13)

---

Manuel Regal Ledo

Existe unha percepción xeral na Igrexa, desde as súas comunidades parroquiais, de que a celebración da Misa ou Eucaristía é con frecuencia maltratada. Non se realiza ben e, en consecuencia, acaba sendo un acto de culto anódino (insulso, sen graza, inofensivo, sen substancia –di o dicionario), aburrido, morto, que non di nada, que non engancha á xente, e que, por iso mesmo, está sendo abandonado por boa parte da poboación católica que en principio aínda se considera tal. No entorno rural inmediato de quen isto escribe, falamos dun 7% da comunidade parroquial que participa na celebración dominical, cando esta se celebra, que non é normalmente máis ca unha vez ao mes; aínda que si, a presenza é masiva nos frecuentes funerais. Sendo isto así –e parece que debemos aceptar que así sexa, coas moitas excepcións que poida haber–, estamos ante unha realidade ben desconcertante: aquilo que consideramos teoricamente como «fonte e cumio» da existencia cristiá sofre un deterioro tal que non acaba sendo nin fonte nin cumio de case nada para a vida. Tremendo!

### 1.- Algúns porqués de todo isto

Enfrontadas as comunidades cristiás a unha descualificación práctica de tal nivel, sería ben normal que se remexese Roma con Santiago para atopar os porqués e ver de endereitar a situación. Seguro que os tres estudos ofrecidos neste número de *Encrucillada* nos axudarán nesta tarefa urxente. Nesta nosa achega non queremos triparlles o camiño, pero si subliñar aqueles aspectos que máis poden xustificar a proposta que queremos presentar para revitalizar as celebracións cristiás.

Ao noso entender, a crise de celebración é basicamente unha crise de vida cristiá no seu conxunto. Se non celebramos apaixonadamente a Eucaristía, é porque tampouco vivimos apaixonadamente a nosa condición de persoas cristiás. Os cinco pasos citados polo Papa Francisco como característicos dunha Igrexa en misión: «primerear, involucrarse, acompañar, frutificar e festexar»<sup>1</sup> resumen ben os diferentes factores dunha experiencia cristiá viva. O festexar forma parte dun proceso; se este non se dá, perde sentido festexar, celebrar. Podemos contemplar nestas palabras do Papa o que foi o desenvolvemento do conxunto da vida de Xesús; a súa Eucaristía pechaba un proceso. Por algo a agardaba con ansia: «Moito levo desexado comer esta Pascua convosco antes de eu padecer» (Lc 22, 15); por algo mandou a Pedro e a Xoán, os seus íntimos, que preparasen as cousas con coidado, dándolles instrucións precisas (Lc 22, 7-13), e por algo a viviu con tal intensidade; era toda a súa vida a que se xogaba alí sacramentalmente, como se xogara historicamente no día a día da súa existencia comprometida. Os símbolos, os ritos collen forza da vida que os sostén. Uns ritos baleiros de historia previa acaban non significando nada. E aquilo do que facemos memoria e celebración na Eucaristía é certamente a vida, morte e resurrección de Xesús, pero non o facemos como xente espectadora, senón como xente implicada, e esa nosa implicación vital permítenos integrarnos no proceso de Xesús e poder celebrar con sentido, con gusto, con agarimo, con paixón, tal como el mesmo o fixo. Como di fermosamente P. Trigo, «A súa salvación (refírese aos sobrecargados da vida, todos, todas nós) non consiste só en que Xesús cargue coas súas cargas: soamente será salvación súa cando eles, atraídos por Xesús, fagan coma el desde dentro, desde un corazón renovado (...) Xesús, ao atraer cara a el, capacita para asumir esa lóxica da responsabilidade respecto da propia vida e da solidariedade respecto dos necesitados»<sup>2</sup>.

---

1 Exhortación apostólica *Evangelii gaudium*, n. 24.

2 Trigo, P., *Jesús nuestro hermano*, Sal Terrae, Santander 2018, 522.

Ao noso entender, este é o principal porqué para entender a fragilidade das nosas celebracións eucarísticas<sup>3</sup>. Subtraída a vida, todo se acaba ritualizando; o rito, por riba envolto en palabras dun argot non doado de entender, acábase impoñendo baleirado de contido, e o que era unha cerimonia desde a vida para a vida convértese nun insulso ritual que se nos cae das mans e do corazón. Se a isto lle engadimos en moitos casos unha frecuencia desmedida, e cando menos descompensada respecto aos outros catro elementos constitutivos dunha práctica cristiá (primeirear, implicarse, acompañar, frutificar); se a isto lle sumamos que para todo se demanda unha Misa, e que incluso se paga pola súa celebración, coma se fose un talismán máxico que todo o enche de graza e de sentido; se a isto lle engadimos a realidade dun clero máis ben maior en anos e sobrecargado de Misas continuas en pouco espazo de tempo; se a isto lle sumamos tamén o pouco coidado dos diferentes aspectos que configuran o conxunto dunha celebración (os pequenos detalles, a acollida, a conexión coa vida gozosa ou dolorosa que estean vivindo as persoas reunidas, algunhas orientacións sinxelas que axuden a implicar no que se vai facendo, a presenza de silencios que permitan tomar cálida conciencia do que se está a facer, a tenrura que debe flotar por todos os recantos do espazo, por todos os corazóns que celebran, a capacidade de comunicación, o manexo humilde, pero clarificador e vivo da palabra); se a isto lle xuntamos tamén a falla de impulso para os compromisos concretos da vida cristiá diaria ... con todo isto máis ou menos xunto, enténdese que cheguemos a onde temos chegado.

## 2.- Abrir o campo das celebracións

Aínda con esas, temos que recoñecer que no campo católico as Misas seguen tendo un misterioso atractivo especial no ánimo da xente, que, ben considerado e atendido, pode servir de punto

---

3 Neste senso lembramos o impacto que nos causou no filme *De dioses y hombres* de X. Beauvois (2010) a Eucaristía vivida pola comunidade dos monxes de Tibhirine (Alxeria), cando presentían que, como pasara con Xesús, aquel pan partido estaba significando, tamén para eles, unha vida rota, entregada á morte, en solidariedade real.

de arrinque para a súa recuperación. Pero neste caso queremos facer algunha proposta de celebración alternativa, que permita desafogarnos un pouco dunhas Eucaristías baleiras, que nos faciliten celebracións cristiás aínda que non dispoñamos de cura que as presida, e que nos axuden a rememorar momentos fortes da traxectoria vital de Xesús que esquecemos máis do desexable. Non serían as celebracións da Palabra que máis ou menos coñecemos; tampouco serían aquelas «paraliturxias» que se puxeran de moda no inmediato posconcilio. Unhas e outras abundan en palabras e escasean en símbolos, en ritos, en cousas visibles, tanxibles, que os deben caracterizar sempre, e que nos permiten vincular coa vida concreta o que estamos celebrando. Velaquí as nosas propostas.

- *Criterio xeral.* Para converter unha determinada pasaxe evanxélica en corpo dunha especial celebración cristiá, que nos permita introducirmos nalgún aspecto ben significativo da memoria e da orixinalidade de Xesús a través dunha celebración, parécenos que tal pasaxe debería reunir con algo de intensidade as catro características seguintes: 1) Narrar un xesto profético de Xesús, 2) que poña en evidencia algo do novo de Xesús, 3) que ofrezca algún elemento material do que botar man para a simboloxía da celebración, e 4) que teña capacidade de descolocarnos hoxe. Quen isto lea valorarao, pero parécenos que, entre outras, poderían valernos as seguintes pasaxes evanxélicas.
- *As parábolas evanxélicas.* En xeral son narracións vivas, cunha fonda mensaxe, que reflicten ben aspectos da orixinalidade de Xesús, que parten case todas de circunstancias da vida, cos elementos materiais que a vida mesmo comporta: semente, lévedo, vasoira, moedas, acios, e personaxes diversos (pastor, fillos/as, mozas, persoa asaltada, persoa rica, xuíz ruín, pai/nai, irmán etc.) que se poden caracterizar doadamente na súa particularidade. Non é nada complicado facer unha representación das mesmas, cando menos coa lectura do texto por parte das diferentes persoas que interveñen, ver o seu contido

representado nalgún elemento simbólico, acompañalas de silencios acolledores, algúns cantos, unha mensaxe simple coa que pechar a celebración. Xesús gastou tempo, imaxinación e unha paixón inmensa na elaboración destes relatos. Podemos aproveitálos con calma en celebracións específicas, das que sexan o centro<sup>4</sup>.

- *O lavatorio dos pés* (Xn 13, 1-17). É unha narración de primeiro nivel. Reúne á perfección as catro características apuntadas máis arriba. É unha narración simbólica, profética, contundente que, coma o mesmo rito de partir do pan, fai unha síntese perfecta da vida servidora de Xesús. Xoán sitúao na derradeira cea como símbolo profético alternativo ao de partir o pan. E Lucas vincula un e outro (pan/viño e servizo) a través dunha inoportuna discusión dos discípulos sobre cal deles era o máis importante (Lc 22, 24-27). Desde o primeiro momento a Igrexa optou pola simboloxía do rito de «partir o pan» (Cf. Feit 2, 42), do pan e do viño como símbolo do Corpo e do Sangue entregados (Cf. 1Cor 11, 23-25), e relegou o símbolo do lavatorio a algo excepcional que se acabaría integrando na celebración do Xoves Santo, aínda que nin nese día sempre se realiza. Sería ben fermoso podela recuperar, converténdoa en centro dalgunha celebración. Non custaría nada artellar unha celebración cristiá ao redor dese feito revelador, con tanta identidade cristiá.

Poderíamos citar unha ampla rengue de pasaxes evanxélicas. Enumeramos algunhas soamente; facémolo seguindo sobre todo o Evanxeo de Mateo, pero valerían os seus paralelos dos demais Evanxeos e, por suposto, outros relatos sobre todo de Lucas e Xoán. Coñecemos ben o carácter simbólico, sacramental, de todo o Evan-

---

4 Xa no ano 2007 PPC/SM Xerme, a través de «Escolas Católicas de Galicia», publicou o libro en galego *Parábolas. Posta en escena de 25 parábolas evanxélicas*, e en castelán *Parábolas. Escenificación de 25 parábolas evangélicas*, do que son autor. Ao ser editado como contribución gratuíta, o libro foi entregado gratuitamente nos diferentes centros escolares e non circulou por ningunha librería, o cal impediu que se espallase axeitadamente. Pensamos que podería ser unha boa axuda para o que estamos suxerindo.

xeo de Xoán, construído practicamente como longas catequese a partir de certos símbolos reveladores: auga, viño, luz, pan... que se prestan á súa utilización en celebracións. Que preciosa sería, poño por caso, unha celebración ao redor da escena da samaritana: pozo, auga, caldeiro, sedes... (Cf. Xn 4, 4-42).

- *O nacemento de Xesús* (Lc 2, 20), xa felizmente tan empregado, aínda que con frecuencia dunha maneira afectada, melindrosa, como se fose só un xogo de nenos/as.
- *A adoración dos Magos* (Mt 2, 1-12), tamén moi tratado como o anterior, pero con semellantes carencias.
- *O bautismo de Xesús* (Mt 3, 13-17), como posible celebración de renovación do noso bautismo á sombra do de Xesús.
- *As benaventuranzas* (Mt 5, 1-12), referente da gran novidade de Xesús.
- *O sal da terra, a luz do mundo* (Mt 5, 13-16), para celebrar a nosa maneira de estar no mundo como comunidade cristiá.
- *Os lirios os paxaros do campo* (Mt 6, 25-34), para celebrar e fortalecer confianza.
- *A acollida e o xugo de Xesús* (Mt 11, 25-30), para celebrar o regalo da súa amizade.
- *Os nenos e nenas na comunidade* (Mt 18, 1-5), para celebrar humildades e atencións.
- *Os cartos que temer* (Mt 19, 23-29), para alentarnos sobre a gran tentación.

E así moitos máis. Case non hai relato evanxélico que non se preste para reconvertelo nunha celebración humilde para achegarnos á riqueza da proposta cristiá, gozala e alentarnos para vivila con máis fidelidade. A continuación, a modo de exemplo, desenvolvemos unha destas celebracións posibles

### 3.- «Falarase, para honra dela, do que acaba de facer» (Mt 26, 13)

O relato da unción dos pés de Xesús por parte dunha muller aparece nos catro evanxeos (Mt 26, 6-12; Mc 14, 3-9; Lc 7, 36-49; Xn 12, 1-8), aínda que con características distintas. Mt, Mc e Xn sitúano próximo á morte de Xesús e en Betania, ben na casa de Simón o leproso (Mt e Mc), ben na casa de Lázaro; en Mt e Mc a muller unxe a cabeza de Xesús, pero en Lc e Xn unxe os pés; para Lc sucede na casa dun fariseo que invitara a Xesús. En Mt, Mc e Xn hai protestas polo gasto desmedido; en Lc, por deixarse acariñar Xesús por unha prostituta. En Lc certamente é unha prostituta a que lle unxe os pés, pero en Mt e Mc é unha muller anónima e da súa moralidade non se di nada; en Xn é María, a irmá de Lázaro. Para Mt, Mc e Xn trátase dunha unción adiantando xa a unción mortuoria; para Lc é unha unción agradecida, amorosa.

Estamos ante un único acontecemento, interpretado e narrado polos diferentes evanxelistas conforme ás súas preferencias narrativas? En todo caso, trátase sempre dunha muller que irrompe, que salta límites convencionais. A liberdade do amor. Unha muller que é capaz de entrar no mundo de Xesús. Xesús que lle abre as portas. Funciona a lóxica do amor agradecido, do agradecemento amoroso. As resistencias de terceiras persoas para captar todo iso. Xesús, en Mt e Mc, anuncia e pide que se recoñeza o xesto profético desta muller alí «onde queira que se anuncie esta boa nova polo mundo enteiro». Verdadeiramente non se lle fixo moito caso. Como facelo nós hoxe? Como actualizar o xesto profético desta muller amante? Velaquí a nosa proposta.

### 4.- Celebración para cumprir o desexo de Xesús de honrar a muller que o unxira

- Avisar previamente á comunidade que tal día e hora imos facer esta celebración de honra desa muller ou mulleres; invítase á xente a que traia algo co que contribuír a esa celebración: flores, froitos (cereixas, uvas, mazás, granadas, figos), poema, desexo...



- Nun lugar significado da celebración habilitarase un espazo onde colocar o que a xente traia. Tamén se colocará aí un ou dos frascos de perfume. Entréganse as follas necesarias para seguir a celebración.
- Chegada a hora da celebración, preséntase a mesma, recordando o desexo de Xesús de que honremos a aquela muller, e explicando o desenvolvemento da celebración, que terá estas partes:

1.- Canto: *O amor é o meirande*.

2.- As persoas que trouxeron algo para a celebración, presentan o que trouxeron e por que o trouxeron. Lese o relato dun evanxalista, por exemplo Lucas. Lese cunha posta en escena simple, con narradora e personaxes; a voz dun grupo faina toda a asemblea. Algo de silencio.

3.- Temos diante unha folla cunha visión sinóptica do relato segundo os catro evanxelistas. É importante sinalar ben a orientación que lle dá cada un dos evanxelistas: Mt e Mc acentúan o feito de que unha muller unxe na cabeza a Xesús en sinal de hospitalidade (tamén en Lc se recoñece isto) e coma un adianto para a súa sepultura. Ademais a unción na cabeza era unha unción real; o xesto apunta tamén o sentido dunha unción para o exercicio da realeza por parte de Xesús, que se verifica na súa morte; a morte como lugar de vitoria, de plenitude do amor entregado, onde o rei Mesías se realiza no servizo total, entregando a súa vida. Unha muller amante e hospitalaria unxe como Mesías a Xesús!<sup>5</sup>

Lc, e en parte Xn, dálle outra orientación: a muller non lle unxe a cabeza, senón os pés. A muller chora, lávalle os pés coas bágoas, bícallos, sécallos, únxellos con perfume. Recoñece en Xesús a súa capacidade de perdoar, de enrolar no

---

5 Carter, W., *Mateo y los márgenes. Una lectura sociopolítica y religiosa*, Verbo Divino, Estella 2007, 710-712.

amor, de soerguer vidas; dese xeito maniféstalle o seu amor, o seu agradecemento, por se ver perdoada a fondo do moito que tiña para perdoar.

Vaise comentando e acollendo as achegas de quen queira.

- 4.- Despois desta explicación, preséntase o momento seguinte. Unha ou varias mulleres, segundo o número de celebrantes, representando a muller do evanxeo, prostituta ou non, van unxindo con colonia as mans e a cabeza das persoas asistentes, e a continuación danlle un bico ou aperta. Invítase á xente a que viva con intensidade e devoción este momento: a muller, prostituta ou non, portadora dunha experiencia fonda de perdón e de amor agradecido, únexenos para fortalecernos naqueles momentos, naquelas circunstancias, nas que nos custe amar, ser solidarios, servir ao estilo de Xesús. É a unción dunhas persoas perdoadas, amantes, que nos invitan a sentirnos tamén así, e a andar en fidelidade de servizo coma Xesús. É tamén a unción que nos recorda a nosa condición de sacerdote, profeta e rei, ao estilo servidor de Xesús. O clima debe ser de absoluto silencio, que facilite que cada persoa entre no seu mundo persoal, na chamada concreta que este xesto sacramental lle faga.
- 5.- A continuación recitamos a pregaría «Falando ben do que esta fixo». Unha persoa, non sempre a mesma, vai recitando unha estrofa, e todas responden dicindo: Benditas, sempre benditas.

Benditas, mulleres anónimas,  
de onte e de hoxe,  
que descubristes a forza liberadora de Xesús  
e a ela vos entregastes  
confiadas e agradecidas.

Benditas, sempre benditas.

Bendita, María de Betania,  
María de Nazaret,  
Exeria, monxa e peregrina,  
Clara, a de Francisco,  
Tareixa de Xesús,  
Mencha, Pilar, Leonor, Carme...  
e tantas e tantas mulleres  
que vos emocionastes con Xesús  
e á súa Boa Nova confiastes as vosas vidas e tarefas.

Bendita, muller anónima,  
coñecida coma pecadora pública na vila,  
e contigo todas as prostitutas  
dos nosos pobos, vilas e cidades,  
que se teñen achegado a Xesús,  
ou a algún dos seus trazos de tenrura  
espallados polo mundo.  
Benditas polo voso amor fracasado e redimido,  
apaixonado e só a fondo entendido  
e correspondido polo noso Deus.

Benditas, humildes e santas mulleres,  
por ter descuberto a Xesús,  
por ter gozado da súa promesa,  
da súa fermosura espiritual,  
por abrir os vosos corazóns,  
a vosa vida toda,  
á súa forza de renovación.

Benditas pola vosa tenrura,  
polas vosas caricias,  
polas vosas bágoas,  
polos vosos cabelos suaves  
cos que quixestes aloumiñar  
o corpo querido de Xesús,  
para agradecerlle o que fixera por vós.

Benditas, mulleres sinxelas do pobo,  
porque soubestes entrar a fondo no misterio de Xesús  
e descubrir onda el o corazón da Boa Nova,  
feito de amor e de perdóns,  
de regalos e agradecementos.

Benditas vós, mulleres transgresoras,  
para as que non foron freo nin cancela  
as leis de pureza nin os costumes machistas,  
que pretendían falar no nome de Deus.

Benditas, santas mulleres,  
por terdes unxido o corpo de Xesús  
co máis oloroso e custoso perfume,  
que é o que deita dun corazón namorado.

Benditas, vós, mestras nosas  
no amor, na admiración e na loanza,  
porque reservastes para Deus  
o máis exquisito que puidestes xuntar,  
sen esquecer os pobres,  
que sempre estarían convosco  
coma prolongación na historia  
do corpo mortificado do Xesús querido.

Benditas, vós, todas vós,  
as de onte e as de hoxe,  
cumprindo co desexo de Xesús  
honramos o voso nome,  
falamos de vós con orgullo e agradecemento  
nas nosas asembleas  
e, seguindo os vosos pasos,  
achegámonos a Xesús polas mesmas portas  
que o voso amor agradecido deixou para sempre abertas.

- 6.- Despois ábrese un pequeno espazo para que quen así o queira poida expresar algo do vivido. Como remate deste momento pódese cantar unha canción axeitada, por exemplo,

Mira, meu Deus,  
aquí estou para quererte,  
estas mans, estas mans para servirte  
en quen máis precise delas.

Ou tamén: *Unha xuntanza de amor temos aquí.*

- 7.- Ao remate da celebración alguén ofrece ás persoas asistentes os froitos traídos, para que coman<sup>6</sup>.

**Manuel Regal Ledo**

---

6 Realizamos esta celebración nun encontro recente da Escola de Espiritualidade. A xente viviuna con intensidade e moito proveito.



## Por que o apóstolo Santiago non chegou a ser papa. Exaltación de Compostela e de Galicia

---

Manuel Santos Noya

O sermón *Exultemus*, atribuído a un certo papa León, é un dos textos máis interesantes e sorprendentes do *Códice Calixtino*. De forma ousada e sen disimulos o autor proclama a superioridade do apóstolo Santiago sobre S. Pedro, para sacar a conclusión de que este último alcanzou o primado sobre os outros apóstolos, non porque o merecese senón simplemente por ser xa un vello.

Despois de enumerar as coñecidas pasaxes dos Evanxeos nas que S. Pedro, Santiago e S. Xoán aparecen como os discípulos preferidos do Señor, o autor compara os méritos de S. Pedro cos de Santiago. É certo, di, que S. Pedro por seguir a Xesús deixou todo o que tiña, ou sexa unha barquiña e un par de redes, pero Santiago deixou non só o barco senón tamén aos seus pais. Deixou ao pai ao que pola lei estaba obrigado a respectar. E deixou á nai, un ser normalmente aínda máis querido que o pai, sen nin sequera despedirse dela. Tan radical foi a súa entrega que non dubidou en quebrantar a lei por fidelidade ao autor da mesma e pospuxo os sentimentos máis fortes de amor filial para obedecer ao seu Creador.

Nesa radicalidade da entrega e no sumo amor ao seu Señor radica, pois, a supremacía de Santiago sobre S. Pedro, quen en comparación con este practicamente non renunciou a nada. Pero de ser así, engade o autor do sermón, xorde de inmediato unha embrollada cavilación: como se pode entender que un recompensador tan xusto e equitativo coma Deus puidese outorgarlle a S. Pedro o primado en detrimento dos fillos do Zebedeo, que polo devandito eran moito máis dignos que aquel e ademais eran familiares do Salvador segundo a carne?

É certo, prosigue o noso autor, que algúns son da opinión de que Pedro mereceu o primado porque era o apóstolo que máis amaba ao Señor. E está claro que de ser así xa non habería nada que obxectar. Pero a cuestión está precisamente en se pola Escritura se pode probar esa pretendida superioridade do amor de S. Pedro a Xesús. E iso é precisamente o que o autor pon en dúbida, porque cando Xesús lle pregunta a Pedro: «quéresme máis que estes», este, escarmentado da súa anterior presunción, limitábase a responder: «Señor, ti sabes que te quero». Como si dixera: «eu sei que che quero de todo corazón, pero non sei canto che queren os outros». Agora ben, se Pedro mesmo confesa a súa ignorancia, quen se pode considerar máis sabido que o príncipe dos apóstolos para atreverse a afirmar que Pedro era o discípulo que máis quería ao Señor?

Deixémonos, pois, de darlle máis voltas, conclúe o pseudo-León, e confesemos con S. Xerome que a verdadeira razón da concesión do primado a S. Pedro radica na súa idade, porque mentres que Santiago aínda era un mozo fogoso e S. Xoán só un neno, S. Pedro xa era un vello de avanzada idade. E por iso o bo Mestre, como sabía que antepoñer un mozo a un ancián podería dar ocasión a pelexas e envexas entre os seus discípulos, optou prudentemente por elixir ao máis vello.

E aquí seguen toda unha serie de consideracións sumamente interesantes sobre o goberno da igrexa, sobre a ambición típica da xuventude e a necesidade de evitar todo tipo de nepotismo así como sobre os mellores criterios para elección dos bispos etc. Pero non é este o momento adecuado para tratar máis detalladamente estes puntos.

A vellez de Pedro foi, pois, practicamente o seu único mérito para alcanzar o primado dentro do colexio apostólico e chegar a ser o primeiro papa. Esta forte descualificación da figura de S. Pedro resulta sorprendente e probablemente será un caso excepcional dentro da historia da igrexa.

É certo que o autor do sermón recorre a un texto de S. Xerome que efectivamente di algo parecido, pero noutro contexto, ao tratar

da excelencia da virxindade pola que S. Xoán era o discípulo preferido do Señor, e aí é cando afirma que unha das razóns polas que Xesús lle conferiu o primado a S. Pedro en vez de darlo a S. Xoán foi que o primeiro xa alcanzara unha idade madura mentres que S. Xoán aínda era un rapaz. Pero S. Xerome limitábase a facer esta observación sen descualificar en nada a S. Pedro. No noso sermón, en cambio, insístease na superioridade dos méritos de Santiago sobre os de S. Pedro recalcando que este practicamente non tivera que renunciar a nada por seguir a Xesús.

É evidente que esta insistencia en rebaixar a figura de S. Pedro débese exclusivamente ás pretensións político-eclesiais da sede Compostelá. Como segundo a opinión entón común a categoría dunha sede episcopal estaba en función da importancia do seu fundador, é evidente que a exaltación da figura do noso apóstolo é unha forma disimulada –pero ao mesmo tempo moi clara– de proclamar as pretensións político-elesiásticas de Compostela, que se atribuíu o dereito de rexer xunto con Roma e Éfeso toda a cristiandade.

Nisto consiste a famosa ‘teoría das tres sedes apostólicas’ amplamente desenvolvida no *pseudo-Turpino* (cuarto libro do *Códice Calixtino*). De acordo con esta doutrina Éfeso, Roma e Compostela forman as tres principais columnas da igrexa universal do mesmo modo que os seus respectivos fundadores –S. Xoán, S. Pedro e Santiago– foran as tres columnas da comunidade primitiva.

Polo tanto o sermón *Exultemus* non desentoa da visión político-elesiástica exposta noutras pasaxes do *Códice Calixtino*. Pero si, sorprende polo axuízamento tan negativo da figura de S. Pedro, e sobre todo por ter a ousadía de recorrer a un presunto papa León para exaltar a figura de Santiago e desprestixiar a S. Pedro, e así de paso converter a un sumo pontífice en pregoeiro da importancia excepcional da sede compostelá. E todo isto tan só un par de decenios despois do pontificado absolutista de Gregorio VII.

Detrás desta pretensión hexemónica da sede compostelá acostumamos a ver con razón ao gran Diego Xelmírez, pero a verdade é que Compostela xa sentiu moito antes esa vocación de universa-



lidade. Incluso, exaxerando un pouco, poderíamos dicir que Compostela naceu desa aspiración á universalidade. Porque, senón, como se podería explicar que Compostela pase en pouco máis dun século de ser un santuario local na remota Galicia a ser xunto con Roma e Xerusalén un dos tres grandes centros de peregrinación da Cristiandade? Recordemos neste contexto que xa polo ano 931 (ou sexa só uns cen anos despois do descubrimento da tumba) chegou ao mosteiro bieito de Reichenau no Lago de Constanza un peregrino que aseguraba ter estado en Compostela e falaba tamén dunha peregrinación a Roma e Xerusalén.

Esta expansión fulgurante do culto xacobeo xunto coa conseguinte transformación de Compostela nun dos grandes centros espirituais da cristiandade constitúen ao meu parecer o auténtico milagre de Santiago. Un milagre aínda maior e máis real que o da translación das reliquias. Pero ao mesmo tempo non debemos esquecer que ese milagre non veu caído do ceo. Detrás del están personaxes históricos concretos que desenvolveron esa grandiosa visión de Compostela e de Galicia e contribuíron co seu esforzo a realizala. A Compostela universal, na súa aspiración a participar xunto con Roma na dirección da cristiandade, é o resultado dun proxecto concibido e elaborado ao longo de xeracións por grandes personalidades históricas.

Unha destas personaxes é o autor do sermón *Exultemus*. Claro está que este non foi ningún papa León, que, polo demais, en caso de que fose así, tería que ter sido un papa posterior ao século octavo (p. e, León III), porque no sermón faise mención do himno *O Dei verbum*, escrito arredor do ano 785. Por outro lado parece que o mesmo compilador do *Códice Calixtino* non está moi seguro á hora de inventarse a autoría. No índice dos capítulos do primeiro libro nomea como autor a un tal bispo Máximo para acabar despois atribuíndolle o sermón a un papa León.

Esta inseguridade na definición da autoría explícase moi ben pola problemática dun texto de tan forte tendencia antirromana. Nada mellor para descargar responsabilidades que atribuírle esas teses tan provocadoras a un tal bispo Máximo ou a un indetermi-

nado papa León perdido na brétema dos séculos pasados. A nebulosidade que oculta ao autor é pola tanto intencionada, de forma que sabemos que non era nin un bispo Máximo nin un papa León, pero nunca poderemos chegar a saber nada sobre a súa identidade.

Cabe supoñer que era español ou polo menos alguén afincado en España, porque só así se pode explicar que diga que Santiago, venerado comunmente en todo o mundo é o noso patrón de forma especial. Quizais incluso podería ser un compostelán, pero seguro que non era idéntico ao compilador do *Códice Calixtino*, que se presenta a si mesmo como papa Calixto. Isto podemos afirmalo porque, se ben as dúas personaxes comparten o mesmo entusiasmo polo Apóstolo e por Compostela, diferénciase claramente en dous puntos importantes: para o pseudo-León España xoga un papel primario na relación co apóstolo Santiago, mentres que o pseudo-Calixto pon a Galicia no centro da relación con Santiago: este é en primeiro lugar patrón e apóstolo de Galicia e só secundariamente o é de España. Outra marcada diferenza radica na maneira de entender a misión do Apóstolo en España, mentres que o pseudo-León a exclúe claramente, o pseudo-Calixto móstrase máis inseguro neste punto.

Pero os dous son grandes visionarios que coas súas ideas contribuíron a transformar a historia de Galicia e os dous comparten o destino de ser a pesar dos seus enormes méritos uns case totais descoñecidos.

**Manuel Santos Noya**  
Universidade de Tübingen



## Dialogar non debera ser difícil

---

Suso de Toro

Logo da publicación nesta revista dun texto meu, «Incitación á humillación», e dun comentario de Pedro Castelao sobre o propio texto e sobre o meu opúsculo *Humildar (Rituais despois de Deus)*, véxome impelido a escribir novamente e non sei se será útil, pois non pode ser un diálogo, xa que, mágoa, non me é posible dialogar co texto de Castelao.

Teño ben pouca confianza na vitalidade intelectual da cultura en lingua galega e outro tanto me ocorre coa española; efectivamente, móvense dentro de tópicos dunha modernidade mecánica e resesa, incapaz de recoñecer a súa obsolescencia. Desá banda, unicamente agardaba burla e sarcasmos que non habían permitir un diálogo, de modo que alegroume que desde estoutra banda do pensamento católico galego houbera unha recepción. Porén, a lectura de Pedro Castelao resultoume completamente allea, coma se a diferenza entre a súa linguaxe e a que eu quero para min fose mesmo antropolóxica. Coma se estivésemos en momentos da vida tan diferentes, que non permiten un verdadeiro diálogo; coma se fósemos persoas tan distintas e tamén enfrontadas por soste roles contrarios, que non houbera posibilidade de entendemento e só me coubera a defensa.

O seu texto titúlase «En diálogo con Suso de Toro a propósito de *Humildar: rituais despois de Deus*; mais coido que a natureza do texto non é o diálogo e non vai dirixido a min; entendo que máis ben apunta aos reparos que me fai, coa finalidade de alertar sobre os meus erros as persoas que seguen esta revista.

Sentín que me impelía a me defender perante unha autoridade que comentaba o texto baixo a luz dunha ortodoxia. Dese xeito,

inevitablemente, o que eu digo resulta erróneo, pois de seguro que non hai ortodoxia en quen carece dunha opinión segura e precisamente procura acadar unha linguaxe. Nisto, como en tantas cousas, recoñezo unha carencia; e non é unha pose estética, senón unha constatación vital.

*Humildar* non pode ser defendido porque é absolutamente vulnerable, nace da constatación dunha carencia e confesa esa falta dun xeito espido. Moito menos pode ser defendido das obxeccións que se lle fagan desde a seguridade dunha «verdade revelada»; eu non a teño. Diso trata precisamente o opúsculo e ese é o lugar desde o que falo. Mais debo defender o meu punto de vista e a miña intención, que coido que é ben outra da que sinala o texto de Pedro Castelao.

Coido que o seu punto de vista é moi explícito, recoñece o interese de *Humildar* como síntoma e a continuación apunta as súas insuficiencias e desviacións do camiño certo. No comezo adianta as súas reservas: «Herbiña campía que, porén, malia a súa humildade, é –polo menos nun sentido obxectivo que logo explicarei– extraordinariamente equívoca e ambigua.» «E agocha moitas cousas boas, pero, obxectivamente consideradas, tamén supón outras que, ao meu ver, non o son tanto. De aí a súa radical ambigüidade.»

O autor dubida entre atribuírlles aos meus escritos un interese moi limitado ou unha intención enorme. Cando di que o que ofrezco constitúe unha dieta «humilde e ben intencionada, pero estéril e inútil a longo prazo», podo concordar. Realmente ese é o meu temor, son consciente da súa cativeza e insuficiencia. Non me sinto nada orgulloso do que conseguín nunha procura tan transcendente, mais é o único que teño para dar.

O que me preocupa é que Castelao me apoña unha pretensión dun alcance desmesurado, «a proposta implícita –nada humilde, abofé– de crear unha nova relixión civil para os orfos do divino. Proposta serena, pacífica, sutil, en forma de procura, pero obxectivamente innegable por evidente.» «Unha relixión sen Deus». Vén ser atribuírme unha intención que non teño, ou mesmo un alcance das miñas palabras que tampouco non acadan.

E cerra cunha coda que ben se pode resumir así: «Non hai nel nada radicalmente novo, agás o seu mesmo feito de xermolar no ermo. O novo, o radicalmente renovador e mesmo transgresor, sería reconsiderar en serio e con fondura o que *Humildar* agocha nas súas costas: ese diagnóstico errado que concibe a tradición xudeucristiá como fonte dunha relixión inverosímil da que xorden supersticións, cerimoniais e ritos baleiros de significados». Percibindo el esa intención destrutiva nos meus escritos, compréndese ben o seu temor e as reservas. Mais, se finalmente ese for o espírito e o sentido do meu opúsculo, a desmitificación e mesmo a denigración do xudeu-cristianismo, débome sentir profundamente fracasado e desgustado, pois fixen, quitar e destruír, o contrario do que pretendía, dar e construír.

Francamente, acho que calquera que se achegue sen prevención a *Humildar*, conclúe que, se me atrevín a destilar unhas palabras que poden resultar desconcertantes, é porque acredito nelas. E debo dicir algunha cousa da persoa ou do personaxe escritor, que reafirme esa autenticidade.

Son un autor que, en paralelo á obra de ficción, teño publicado abondos textos argumentando a miña visión do mundo, a miña ética e a miña estética. Libros como *F. M.*, *Parado na tormenta*, *A carreira do salmón*, *Ten que doer...* tratan dos meus topos recorrentes, abondo existenciais, e algúns teñen a ver directamente coa relixiosidade. Mesmo coido que a miña obra de ficción pode ser lida en termos relixiosos: unha época, baixo unha estética de «relixiosidade negativa», a representación dun mundo obxectal, baleiro de senso e sen aura, e outra época, na que hai un intento de fundar valores e moral e unha procura de senso e transcendencia explícita. Así o teño comentado en ocasións con editores e axentes literarios que, en escoitándome, regalaban os ollos, confusos e asustados: enunciar ese carácter «relixioso» era condenarse á burla e á lapidación intelectual no mundo cultural español, tan de «progresía» banal.

Mesmo teño dialogado hai dez anos, do modo que souben, co teólogo Victorino Pérez Prieto nunha revista de cristiáns cataláns; ese diálogo aínda se pode encontrar na rede en «*Redes Cristianas*»

(«*Atrevámonos a hablar de religión*»), e teño colaborado tamén coa revista *Irimia*, de crentes galegos. Non pretendo nesta publicación de pensamento cristián reclamar atención crítica desde ese ángulo relixioso ou outro sobre a miña obra, mais pretendo establecer que *Humildar* non nace dun capricho ou extravagancia intelectual. Nin sequera é a continuación dunha lideira intelectual sen máis tampouco, senón un paso que me atrevín a dar nun camiño de procura persoal, e hai que entender que o meu modo de estar na vida é a través da palabra e do seu diálogo co silencio. O meu modo de actuar é falar ou escribir ou calar; en *Humildar* hai palabras e tamén os silencios das dúbidas e vacilacións, das demoras.

A sospeita de que pretenda fundar unha nova relixión civil e sen Deus non pode ser considerada seriamente, non creo que esperte temor verdadeiro en ninguén; é sabido que a miña voz non ten asento nos grandes medios que lle darían ás a esa posibilidade de influír. Tampouco ten asento institucional ningún que me outorgue respectabilidade; é sabido que me movo por fóra do eixido institucional. O único poder detrás das miñas palabras é precisamente a ausencia de poder que as impoña; o único poder que teñen, é o valor que lle encontren as demais persoas a esas palabras espidas. Precisamente por iso, agradecín que lle derades atención. O opúsculo foi editado en galego e en catalán e castelán por unha editorial moi modesta e sen promoción ningunha e, malia que entendo que é unha certa novidade e ofrece un desafío intelectual, pasou desapercibido como asumía previamente e como lle corresponde. Hai cousas que pola súa propia natureza non son para ter letreiro fluorescente.

Son absolutamente consciente de que unha relixión nace sobre unha verdade revelada ou unha epifanía. Eu, como recoñezo no comezo do libro, carezo dun Deus e tampouco teño unha mensaxe; se non se acepta esa evidencia, non se pode constatar que o meu propósito é inevitablemente modestísimo, aínda que poida resultar provocador a algúns. E, non tendo ese fundamento divino, non podería levantar tampouco unha moral.

E paréceme tamén incorrecto atribuírme un intento de apoderarme dos rituais cristiáns sen máis. Polo contrario, a historia

das relixións ou uns rudimentos antropolóxicos mostran que eses rituais fundamentais para ordenar a existencia existen en practicamente todas as culturas e relixións. Máis ben é un pouco soberbia a pretensión de que pertencen ao cristianismo. Outra cousa é que, como recoñezo explicitamente, a min me sexan naturais por chegárenme desde o catolicismo, e recoñezo tamén que inevitablemente a moitos efectos sigo a ser cristián católico, que queira eu que non.

Esa carencia está confesada no inicio mesmo: estou desposuído de calquera don ou atributo para fundar cousa semellante a unha relixión. A miña ansia nace desde dentro da razón ilustrada e tecnolóxica, que tamén fica atrás sen que teña por diante outra cousa que a procura sen certeza.

Non teño nada para fundar nada. Só teño momentos, experiencias e procuras. Vivencias relixiosas e unha comprensión da existencia dese carácter. Mais iso que teño é meu e non preciso autorización de autoridade ningunha para vivilo. Pódese vivir relixión sen ter credo nin fe, e hai quen ten credo e di ter fe e non vive relixión. Eu teño o máis valioso, son orfo de Deus, carente de fe, mais son rico na certeza de que a vida é transcendente e o mundo é sagrado. Non me importa o que resulte paradoxo doutrinal, pois poño sempre a experiencia por riba e antes da teoría.

Ben querría eu poder volver ao rego do que saín moi novo, tornar á casa paterna da Igrexa católica ou sequera a unha igrexa cristiá. Quen me dera incorporarme a unha comunidade de fieis, ser parte nunha fe que me falase e recibir de aí unha iluminación clara. Só podo imaxinar o conforto espiritual que me había dar; mais non me é posible desandar o andado e polo de agora non encontro modo de cerrar ese círculo, que me había resultar tan cómodo.

Pode que me equivocase en apuntando algunhas cousas que me separan do xudeu-cristianismo –sobre a Igrexa como institución xa prefiro non falar– no escrito publicado nesta revista, pois deu pé a que Pedro Castelao me sinalase e corrixisse erros. Mais non é preciso facer un relato dos animais citados na Torá e nos Evanxeos

para desmentir a miña opinión, que sosteño, de que os animais non teñen lugar no xudeu-cristianismo, non sendo no simbolismo. E para iso non preciso recorrer ás alegación que teña feito algún teólogo que non lin, abóndame coñecer de xeito somero a historia.

Refírome ao lugar que ocupa o ser humano no mito bíblico da creación e que o fai distinto dos mitos da creación cos que se relaciona: no *Xénese* e no xudaísmo o ser humano é o centro do mundo. A Creación mesma ten o seu sentido e a súa finalidade en crear o humano; o mundo que o rodea, está ao seu dispor. Esa cosmogonía que se acaba realizando na historia humana, é a base da nosa civilización. Ao meu entender, o «desencantamento» do mundo que recoñeceu Max Weber no mundo capitalista, ten o seu fundamento orixinal nos alicerces do xudaísmo e xudeu-cristianismo.

Explicando o mundo e a Creación como a historia do ser humano, é natural que a relixión teña o carácter do especificamente humano, a linguaxe. Refírome ao cambio transcendente que introduce o xudaísmo a raíz da experiencia histórica da destrución do Templo e dos xudeus exiliados en Babilonia e o seu refuxio e afirmación nas escrituras. A práctica substitución do lugar sagrado polo «logos». Aquel momento no que a man de Iahvé lle entrega a Ezequiel un rolo cunha escritura. Particularmente, ben prefiro a Marguerite Porète, Mestre Eckhart ou Suso, mais a esexese dos textos é a historia oficial do cristianismo. Esta tendencia filolóxica é case absoluta no xudaísmo e chega a extremos no Zohar e a Kaballah xudea, ten a correspondencia na procura da «gnose» nos Evanxeos, no Evanxeo de Tomás, en Agostiño, e a transmisión das Escrituras nos conventos e abadías, en Hugo de Saint Victor... Até que se crea un papado forte, un novo lugar centro sagrado, e a súa conseguinte reacción, a Reforma protestante, a volta ao libro.

Coido que a dialéctica entre Roma e Reforma podería ser entendida como unha pugna entre o texto e o lugar sagrado coa súa autoridade e custodia, pois no devir histórico os cristiáns recrearon un «*omphalos*», un centro sagrado, e aceptaron e santificaron outros lugares sagrados, coma o noso Santiago –deixémolo en intuicións sen valor, por non dar pé a máis correccións. Pola miña banda, unha forma de relixiosidade que non recoñeza os lugares sagrados, considéroa unha completa desviación do seu ser e, iso



si, é cousa que encontrei gustoso no cristianismo característico da miña Terra. Unha fusión do semítico co celta xermánico non é cousa mala de todo.

Ímplicita ou explicitamente debuxo para min unha forma de relixiosidade onde non teño o humano como o centro do mundo e acepto a nosa condición animal, onde o específico da nosa especie, a linguaxe, non nos separe irremediabelmente do que nos rodea. A nosa conciencia dinos que estamos sós, dese desacougo nace a nosa procura de sentido, mais non temos por que sabernos separados do mundo, eis a religazón co que nos rodea. Se iso é unha relixión primitiva e propia de cazadores nómades, pois é.

Onde para en todo isto a idea de Deus e o específico e imprescindible cristián, os Evanxeos sinópticos e Xesús, que sempre vén ser o que nos distingue? Como xa fun deixando claro, aí non teño resposta; como lle ocorre a tanta xente do noso tempo, non son nada orixinal. Como ser humano recoñezo dentro a procura de «dar forma», achar un ente ao que interpelar e con quen dialogar. Cousa que fixo de modo tan elaborado o xudaísmo, e o cristianismo despois. Mais nesta altura non preciso nin podo acreditar no relato dun diálogo histórico entre Iahvé Deus e os humanos; refírome á encarnación en Xesús de Nazaret.

Polo de agora dáseme ben encontrar sentido ao vivir non nun discurso teolóxico que dea «Sentido» con maiúscula, nunha verdade revelada. O único modo que teño de encontrarme é aceptar sen máis que estou vivo e que a vida é un don que non me pertence e que celebro.

Evidentemente, non me refiro aos crentes cando digo «desboto a pregunta sobre o «sentido da vida», entendo que no fondo non é parte dunha procura sincera. Non fondo sabemos que non o ten.» Dou por certo que os crentes nunha fe, na Fe, encontran sentido nesa palabra que os ilumina. Refírome ás *diletancias* filosóficas ao respecto; non se encontra sentido a través da especulación, considero que iso é enredar. Para min a vida viva é cando nos entregamos a ela sen máis.

A moral? Como dixen, a moral sostense sobre unha creación humana fundacional como é a relixión, e esa moral xudeu-cristiá é a que rexe en min, recoñezo iso totalmente. Aínda máis, a moral

desenvolvida nas estampas da vida de Xesús de Nazaret, a mensaxe dos Evanxeos, para min é inmellorable.

Mais tamén encontro que esa moral á que gardo respecto, vai implícita no que a ciencia designa como código xenético, e que ben pode ser entendido tamén como un designio divino. Está no humano o ser individuo con conciencia e tamén o tecer vencellos e crear grupo, ser comunitario. Nese designio da especie está o noso egoísmo, crueldade afirmativa, e tamén a ponderación e a empatía e o afecto, a caridade solidaria. (O coñecemento cada vez maior dos nosos irmáns simios e mamíferos superiores obríganos a revisar moitas cousas, tamén que cousa é especificamente humana e o poder maior ou menor da cultura e da civilización).

Intúo unha vontade absoluta que se expresa nunha orde íntima en toda cousa existente, asumo os límites da miña vontade dentro deste mundo que ten potencia e vontade propia. Asumo de vez que, aínda que a nosa conciencia moderna nos fai sentir hóspedes de paso aquí, realmente formamos parte deste mundo, desta orde. Vivindo, faga o que eu faga, obedezo unha vontade absoluta. Eu non creo, acepto. Contra a existencia non cabe a rebelión; ou desesperación ou aceptación. A mesma desesperación está comprendida na orde que nos rexe, eu estou por entregarme á aceptación. Mais non albisco un ente celeste ao que interpelar; nun momento de desesperación só podoo imprecар e rogar, humano ao cabo, a unha vontade que sei que non atenderá os meus rogos. Pois é, mais non está.

Non pretendo fundar nada, non sendo cada día meu; mais son relixioso e intento vivir, con resultados desiguais, con respecto pola vida, os vivos e toda cousa viva. Que sinta envexa de quen ten unha linguaxe relixiosa ben articulada e ordenada non me fai desconsidar e deixar de agradecer os bens que teño.

**Suso de Toro**



## Dialogar sempre é posible

### Continuación da conversa con Suso de Toro

---

Pedro Castelao

Pensar as vidas que se atopan, como camiños que conflúen é unha recorrencia especialmente pertinente se ese encontro se produce nas páxinas dunha revista chamada *Encrucillada*.

O vieiro que transito con plena conciencia dende os dezaseis anos, é o da relixión. O da relixión cristiá. Por iso saudei con agrado, respecto e admiración que no eido da cultura galega –nada vizosa de vida relixiosa e moito menos no seu plano intelectual– aparecese unha obra coma *Humildar*.

Na miña lectura e interpretación distinguín escrupulosamente o foro interno do autor –que respecto e admiro– do que obxectivamente coido que significa a aparición pública dos pensamentos e ideas expresados no libro.

Como síntoma da necesidade de retorno dunha dimensión perdida –a relixiosa– da que se ten saudade, celebro *Humildar*.

Como proposta construtiva que comprende a relixión só como a aceptación e celebración do don da vida, considéroo ambiguo e insuficiente, se ben insistín reiteradamente en que o seu estilo e o seu ton é pacífico, sereno, sutil e nada desprezativo verbo da tradición cristiá.

O autor mestura e confunde, na súa resposta á miña invitación ao diálogo, o meu parecer sobre *Humildar* co xuízo que me merece o seu artigo «Incitación á humillación», publicado no anterior número desta mesma revista.

Falei por separado desas dúas obras. E, aínda que logo as relaciono, nunca as mesturo.

Xulgo *Humildar*, por unha banda, como un síntoma positivo. Pola outra, como unha proposta ambigua, feita sobre un diagnóstico implícito verbo da tradición xudía e cristiá que no libro non se fai explícito, pero que se amosa en todo o seu esplendor en «Incitación á humillación». Por iso me refiro a este segundo artigo como «as costas de *Humildar*».

Non considero, pois, como xa dixen no artigo anterior, que nin o espírito nin o sentido de *Humildar* sexa –como me atribúe o seu autor– «a desmitificación e mesmo a denigración do xudeu-cristianismo». Iso só o digo, e así o creo, de «Incitación á humillación», traballo no que o autor de *Humildar* non aforra afirmacións críticas e, ao meu parecer, moi desafortunadas sobre a tradición xudía e cristiá.

O que intentei facer no escrito anterior, foi dicirlle ao autor: «revisa, por favor, o diagnóstico sobre o que se asenta *Humildar* como proposta construtiva, porque ese baseamento está cheo de tópicos tan superficiais como errados. A túa proposta pode suscitar simpatía inicial –como me sucedeu a min–; pero, cando se afonda minimamente nela –é dicir, cando se le «Incitación á humillación–, non resulta, ao meu ver, convincente en absoluto, porque refuga e maltrata unha tradición relixiosa –a xudeu-cristiá– da que se din cousas obxectivamente insostibles».

E non considero que sexan insostibles –obxectivamente, insisto– porque eu fale desde a seguridade dunha verdade revelada ou desde a autoridade dunha ortodoxia –como interpreta o autor–, senón, máis sinxelamente, porque o fago desde o coñecemento vital e de oficio dunha tradición na que habito e camiño.

Cando nunha encrucillada da vida un escoita falar da propia tradición, coma de terra queimada e pretérita, a quen cre coñecela, pero só ten dela unhas ideas xenéricas e inadecuadas, o mínimo que pode facer, nunha invitación seria ao diálogo, é dicirlle educada, pero claramente: «perdoa, pero o que estás a dicir desa tradición, non se corresponde coa realidade. Por suposto, podes ir polo vieiro que desexes, e téñolle simpatía ao camiño que encetas coa túa nova publicación; pero os motivos obxectivos nos que xustifi-

cas o teu abandono da tradición que para min é camiño de futuro, non fan xustiza á cuestión». E iso, non desde ningunha autoridade ortodoxa, senón desde o coñecemento interno e próximo do sitio no que se está.

Suso de Toro di que non me dirixo a el, que só escribo para os lectores da revista a fin de alertalos sobre os seus erros. Non tal.

Teño en suficiente consideración os lectores desta revista como para crer que precisan de min á hora de formárense unha opinión propia acerca do que len. E teño en non menos estima o autor de *Humildar* como para obvialo nun diálogo serio, que creo necesario.

Dirixinme directamente ao autor de *Humildar* na primeira ocasión e fágoo agora por segunda vez nunha sincera invitación á reflexión conxunta. É evidente que neste diálogo aberto inclúo, tamén, os lectores e lectoras destas páxinas. Por algo son escritos públicos e non cartas privadas. Pero unha cousa non quita a outra.

Concordo con Suso de Toro cando di que «a sospeita de que pretenda fundar unha nova relixión civil e sen Deus non pode ser considerada seriamente».

Pois claro. Eu tampouco tomaba por tal a intención do autor. Non lle atribuío ambición ningunha. Non me pronuncio sobre os seus desexos íntimos. De feito, falei unicamente de «proposta implícita», antes de insistir en que «non xulgo aquí o ánimo interior do autor, senón o que realmente implica a súa proposta de por si». E esa proposta, a posibilidade que o autor ofrece aos lectores, é, nas súas propias palabras: «ordenar as nosas vidas e vivir ritualmente os momentos necesarios da vida, dándolles así sentido e transcendencia». A iso pódesele chamar relixión.

Que a esta relixión se lle suma a ausencia de Deus non o invento eu, senón que é el mesmo quen o di: «estarmos orfos dun deus obríganos a procurar a maxia e o divino necesario para unha vida ser vivida».

En conclusión, o dito: o autor propón ao lector unha relixión sen Deus. Enténdase: como proposta obxectivamente formulada

e publicada nun libro, non coma intención desproporcionada dun fundador iluminado. Quede claro que eu só dixen o primeiro. Nunca o segundo.

A coincidencia estrutural dos rituais que propón *Humildar*, cos sacramentos e os sacramentais do cristianismo é, ao meu ver, tan evidente que o propio autor reconece a súa fonte nutricia cando di deses rituais que «a min me sexan naturais por chegárenme desde o catolicismo». De feito, di seguidamente: «e reconezo tamén que inevitabelmente a moitos efectos sigo a ser cristián católico, que queira eu que non».

Eu non lle atribuí ao autor «un intento de apoderarme[se] dos rituais cristiáns sen máis». Só apuntei copia, ou semellanza excesiva, e falta de orixinalidade no obxecto de celebración e na súa organización estrutural marcada polos ritmos naturais da existencia. O reconecemento do propio autor de que «eses rituais fundamentais para ordenar a existencia existen en practicamente todas as culturas e relixións», non vén senón a confirmar o dito por min: nin son orixinais nin teñen unha estrutura distinta aos ritos sacramentais da nosa tradición cristiá máis próxima.

O meu esforzo en amosar que non é certo o que di Suso de Toro acerca de que na Biblia haxa «unha ausencia dos animais total, non sendo considerados como monstros ou vítimas sacrificiais», non tivo éxito. Ao autor pareceulle excesivo o relato que fixen no texto anterior.

Logo de ler a súa nova resposta vexo que me quedei curto. O autor segue a soster o insostible: «que os animais non teñen lugar no xudeu-cristianismo non sendo no simbolismo». Nótese que antes dicía na Biblia, agora no xudeu-cristianismo. Antes dicía «non sendo considerados como monstros ou vítimas sacrificiais», agora só di «non sendo no simbolismo». Oscila nas formulacións, pero insiste en soster a errada afirmación de fondo.

O caso é que, respecto deste tema, doume por vencido. Non insisto máis, de tan claro como me parece a equivocación que o autor se empeña en seguir sostendo.

Ao autor, para dicir estas cousas, abóndalle «con coñecer *de xeito somero* [subliñado meu] a historia». E véxase que é el quen o di.

De feito, a continuación, e baseado nese coñecemento *somero*, formula o autor un conxunto de pensamentos, interpretacións e xuízos sobre a tradición xudía e cristiá, aludindo a textos, autores antigos e autores modernos nos que todo aparece fiado cunha discutible contraposición entre a palabra e o espazo.

Visto o éxito que tiveron co esforzo anterior, renuncio agora a dialogar polo miúdo os aspectos concretos da discusión.

Neste punto, fago miñas as palabras de Suso de Toro respecto do efecto que lle produciu a lectura do anterior escrito meu: «resultoume completamente allea, coma se a diferenza entre a súa linguaxe e o que eu quero para min, fose mesmo antropolóxica. Coma se estivésemos en momentos da vida tan diferentes, que non permiten un verdadeiro diálogo, coma se fóssemos persoas tan distintas e tamén enfrontadas por soste roles contrarios, que non houbera posibilidade de entendemento».

Pois iso mesmo sinto eu, agora, coa súa forma de argumentar en cuestións nas que está en xogo a historia das ideas filosóficas e teolóxicas de occidente. O autor enfía e amálgama autores, tempos e obras con meras alusións xenéricas que sobrevoan a quilómetros de distancia das cuestións aludidas. Nada se proba. Todo se di confiado na mera formulación retórica do pensamento. Coma se proferir unha idea fose de por si suficiente para dotala de contido e solidez. Coma se a estética da linguaxe conferise densidade ontolóxica ás propias conviccións. É sabido que Suso de Toro é novelista. Tal vez por iso xogue co pensamento como adoita cos entes de ficción.

Pregúntome, por exemplo, se ao falar do libro da Xénese, de Weber, de Babilonia, do «logos», de IWHW, de Ezequiel, de Marguerite Porrete, de Eckhart, de Suso, do Zohar, da Cábala, da gnose, do Evanxeo de Tomás, de Agostiño, de Hugo de San Víctor e ata da Reforma protestante, podemos navegar lixeira e alegremente xustapoñendo ou agrupando nomes coma quen xesticula no ar, ou fai estourar con despreocupación fogos de artificio, a fin de contra-

poñer no baleiro un suposto privilexio do libro e da linguaxe fronte a un eventual privilexio do espazo como centro sacro<sup>1</sup>.

A literatura ten a súas propias regras. E seguro que o autor as domina. Pero o pensamento tamén as ten. E aquí Suso de Toro non se move con igual pericia.

De feito, o autor non se reprime ao considerar –así, sen matiz– «que a dialéctica entre Roma e Reforma podería ser entendida como unha pugna entre o texto e o lugar sagrado coa súa autoridade custodia».

Cincocentos anos de Historia da Igrexa en dúas liñas sen atención ningunha á letra miúda de complexos procesos históricos e teolóxicos nunca unidimensionais. O autor comprenderá que este tipo de alusións, así sen matices, sobre cuestións estudiaísimas, parézanlle lixeirizas sen fundamento a calquera que dedicara algo de tempo ao pensamento occidental. E sobre todo que as considere gratuítas e innecesarias para o seu proxecto construtivo de *Humildar*.

O autor, inseguro, talvez, da súa audacia, anota entre parénteses: «(deixémolo en intuicións sen valor por non dar pé a máis correccións)».

Fagámoslle caso, pois, e deixémolo, non vaia a ser que, se poño algunha pexa —con argumentos, textos ou autores—, resulte acusado novamente de xulgar cun martelo da ortodoxia que me é completamente estraño.

Só quero subliñar con toda claridade algo que o autor parece non atender.

---

1 Non podo evitar preguntar: como se entende a insistencia en tempos do xudaísmo posterior á destrución do Templo na *Shekiná* ou presenza kenótica de Deus como motivo teolóxico que revitaliza a idea espacial de Xerusalén coma morada escatolóxica nun monte santo ao que, segundo as tradicións apocalípticas, dirixiranse todas as nacións, ante a insistencia do autor en que no xudaísmo do exilio produciuse unha «substitución do lugar sagrado polo «logos»? Como obviar na tradición católica a tendencia á verbalización da revelación, que alcanza mesmo o Concilio Vaticano I, coas súas dúas declaracións dogmáticas verbo da primacía do romano pontífice e da súa infalibilidade, ante a insistencia de Suso de Toro de asimilar o papado ao espazo sagrado e a reforma á literalidade do libro?



E quero facelo co mellor dos ánimos e co espírito máis construtivo que caiba: en cuestións teolóxicas, coma en calquera outra disciplina ou saber, non se poden facer afirmacións gratuítas por moita beleza estética que parezan ter. Ter competencia na creación literaria non dota a un, inmediatamente, de competencia en cuestións filosóficas ou teolóxicas.

Confeso que eu estou moi lonxe de ter o dominio que quixer, na tradición na que habito, pero si coido que acadei ese mínimo moi mínimo que alerta da presenza de pensamentos vaporosos con sutil aparencia de solidez.

Con todo, as afirmacións xenéricas de Suso de Toro tamén me fan sentir algo completamente oposto ao que acabo de expresar. E é isto último o que quixer máis fortemente subliñar.

Penso que poden ser un feliz e esperanzado punto de encontro entre nós os dous.

Non polo que din.

Senón pola necesidade que o autor ten de facer ese tipo de consideracións especulativas.

Por que parece que non as pode reprimir? De onde lle vén esa necesidade de ter un diagnóstico persoal dos camiños das tradicións filosóficas e relixiosas da tradición occidental?

E aí onde me sinto preto del.

Na fonte da preocupación especulativa. Na procura de luz e dun mapa para comprendérmonos.

Estou convencido, por iso, de que hai posibilidade de diálogo e de entendemento entre nós. Aínda que, para iso, probablemente, sexa bo concordar no que humildemente propoño de seguido.

Falemos só do que coñecemos, evitando xuízos de valor e interpretacións sobre o xudeu-cristianismo. Aí está visto que non imos concordar.

Do que se trata, penso eu, é de compartir posibles vieiros de futuro, camiños converxentes cara adiante, máis aló da encrucillada na que hoxe nos atopamos.

Fagamos *epoché* verbo dos diagnósticos que nos apartaron das tradicións que deixamos ás costas, e vexamos como alumear o escuro camiño que todos temos por diante.

Camiñemos xuntos, amigo Suso de Toro, explorando as posibilidades de sermos relixiosos nos vindeiros anos que nos quedan. En Galicia, en galego. En España, en Madrid, aínda que os «progres» todos se rían de nós e toda a caverna desconfie.

Se os dous compartimos esa inquedaanza relixiosa que nos fai concordar na procura da transcendencia, nun estilo de vida similar –como ti ben dis: «a través da palabra e do seu diálogo co silencio»–, o certo é que temos ante nós o mesmo reto, o mesmo desafío, a mesma incesante pregunta: como encarnar singular e colectivamente a nosa vocación relixiosa.

Esa é sempre unha cuestión por responder. Nunca decidida dunha vez por todas.

A miña pertenza á Igrexa non me soluciona sen máis todas as cuestións. Ao contrario. En tempos de innegable e tristísima tribulación coma os presentes –cos escándalos de pederastia nas primeiras páxinas de todos os medios–, é motivo de interrogante constante, que esixe un esforzo continuo de resposta creativa. Súmalle a isto, en Galicia, a falta de sintonía oficial coa cultura de noso. As institucións arroupan e confortan, pero tamén afogan e allean. A reconciliación sempre é posible, pero o equilibrio non é nada doado e o camiño é ben difícil mesmo para os que habitamos o seu interior.

O que escribín acerca de *Humildar* e de «Incitación á humillación» e da túa última resposta «Dialogar non debera ser difícil», veu provocado pola estima dunha tradición propia que vin inxustamente tratada.

Asumamos que eu vivo significativamente nesa tradición, na procura constante de actualización, e que ti xa a deixaches atrás e

andas á procura dunha nova configuración relixiosa cos trazos que deseñas construtivamente en *Humildar*.

Perfecto. Ese pode ser un valioso punto de encontro e un importante punto de saída. Non revises nada se non queres. Miremos conxuntamente ao futuro, non ás nosas ideas sobre o pasado.

Nas encrucilladas os camiñantes poden optar por seguiren xuntos un novo anaco de camiño ou poden despedirse porque deciden seguir camiños diferentes. O futuro sempre está aberto e coido que os nosos camiños –polo menos ata agora– foron distintos, pero non descarto que poidan confluír de aquí en diante nun sincero respecto mutuo e, por que non, nunha cordial amizade.

Polo de agora, non quero deixar pasar a oportunidade de saudar e agradecer a oportunidade de ter dialogado contigo, con respecto e total honestidade, sobre o que a proposta *Humildar*, ao meu ver, contén.

Creo que compartimos a mesma inquedanza, sempre fonda e difícil de verbalizar, acerca da insuficiencia dunha existencia meramente horizontal e banal, chea de obxectos de consumo e ruído cultural, completamente intranscendente no seu dinamismo interno e cega e xorda ás aperturas do divino.

Aí estou ao teu lado. E con iso quixer quedarme. Pois as diferenzas de xuízo e interpretación sobre o xudaísmo e o cristianismo xa quedaron suficientemente claras e, aínda sendo importantes, non as considero tan decisivas como para non podermos recoñecernos mutuamente como membros dunha mesma subespecie no zoolóxico da globalización: os dous somos relixiosos, cada un á súa maneira, pero os dous andamos á procura das pegadas da transcendencia nun tempo no que a ninguén lle importan estas andrómenas.

Alégrome de ter coincidido con alguén que escribe á man sobre relixión, con tinta dunha pluma recibida como agasallo, sen medo a facer o ridículo, porque considera que o que ten –por pouco que sexa–, pode axudar a quen llo ofrece.

Malia todas as discrepancias que expresei, non sabes como me identifico co que intentaches facer. Recibe, por favor, as miñas protestas e obxeccións como proba de sincero interese e honesta consideración do teu pensamento. Polo menos ese foi o espírito co que as escribín.

Apertas.

**Pedro Castelao**



## Mensaxe para a II Xornada Mundial dos Pobres

---

Papa Francisco

Domingo XXXIII do Tempo Ordinario,  
18 de novembro de 2018

*Este pobre berrou e o Señor escoitouno.*

1.- «Este pobre berrou e o Señor escoitouno» (Sal 34, 7). Face-mos nosas as palabras do salmista desde o momento no que tamén nós estamos chamados a ir ao encontro das diversas situacións de sufrimento e marxinación nas que viven tantos irmáns e irmás, que habitualmente designamos co termo xeral de «pobres». Quen escribiu esas palabras non é alleo a esta condición, senón máis ben ao contrario. El experimentou directamente a pobreza e, con todo e con iso, transfórmaa nun canto de loanza e de acción de grazas ao Señor. Este salmo permítenos tamén hoxe a nós, rodeados de tantas formas de pobreza, comprender quen son os verdadeiros pobres, aos que estamos chamados a dirixir a nosa ollada para escoitar o seu berro e recoñecer as súas necesidades.

Dísenos, ante todo, que o Señor escoita aos pobres que claman a el e que é bo con aqueles que buscan refuxio nel co corazón desfeito pola tristura, a soidade e a exclusión. Escoita a todos os que son atropelados na súa dignidade e, a pesar diso, teñen forza para erguer a súa ollada cara ao ceo para recibir luz e consolo. Escoita a aqueles que son perseguidos no nome dunha falsa xustiza, oprimidos por políticas indignas deste nome e atemorizados pola violencia; e aínda así saben que Deus é o seu Salvador. O que xorde desta oración é ante todo o sentimento de abandono e confianza nun Pai que escoi-

ta e acolle. Á luz destas palabras podemos comprender máis plenamente o que Xesús proclamou nas benaventuranzas: «Benaventurados os pobres no espírito, porque deles é o reino dos ceos» (Mt 5, 3).

Grazas a esta experiencia única e, de moitas maneiras, inmerecida e imposible de describir por completo, nace o desexo de contala a outros; en primeiro lugar aos que, coma o salmista, son pobres, rexeitados e marxinados. Ninguén pode sentirse excluído do amor do Pai, especialmente nun mundo que con frecuencia pon a riqueza como primeiro obxectivo e fai que as persoas se pechen en si mesmas.

2.- O salmo describe con tres verbos a actitude do pobre e a súa relación con Deus. Ante todo, «berrar». A condición de pobreza non se esgota nunha palabra, senón que se transforma nun berro que atravesa os ceos e chega ata Deus. Que expresa o berro do pobre se non é o seu sufrimento e soidade, a súa desilusión e esperanza? Podemos preguntarnos: Como é que este berro, que sobre ata a presenza de Deus, non consegue chegar aos nosos oídos, deixándonos indiferentes e impasibles? Nunha 'Xornada' coma esta estamos chamados a facer un serio exame de conciencia para decatarnos de se realmente fomos capaces de escoitar aos pobres.

O que necesitamos é o silencio da escoita, para poder recoñecer a súa voz. Se somos nós os que falamos moito, non os daremos escoitado. Temo con frecuencia que moitas iniciativas, aínda sendo meritorias e necesarias, están dirixidas máis a compracernos a nós mesmos que a acoller o clamor do pobre. En tal caso, cando os pobres fan sentir a súa voz, a reacción non é coherente, non é capaz de sintonizar coa súa condición. Estamos tan atrapados por unha cultura que obriga a ollarse no espello e a preocuparse excesivamente de si mesmo, que pensamos que abonda cun xesto de altruísmo para quedarnos satisfeitos, sen ter que comprometernos directamente.

3.- O segundo verbo é «responder». O salmista di que o Señor non soamente escoita o berro do pobre, senón que lle responde. A súa resposta, como se amosa en toda a historia da salvación, é unha participación chea de amor na condición do pobre. Así suce-

deu cando Abraham lle manifestou a Deus o seu desexo de ter unha descendencia, a pesar de que el e a súa muller Sara, xa velliños, non tiñan fillos (Xen 15, 1-6). Tamén sucedeu cando Moisés, a través do lume dunha silveira que ardía sen se consumir, recibiu a revelación do nome divino e a misión de facer que o pobo saíse de Exipto (cf. Ex 3, 1-15). E esta resposta confirmouse ao longo de todo o camiño do pobo polo deserto, cando sentía a mordedela da fame e da sede (cf. Ex 16, 1-16; 17, 1-17), e cando caían na peor miseria, é dicir, na infidelidade á alianza e na idolatría (cf. Ex 32, 1-14).

A resposta de Deus ao pobre é sempre unha intervención de salvación para curar as feridas da alma e do corpo, para restituír xustiza e para axudar a reemprender a vida con dignidade. A resposta de Deus é tamén unha invitación a que todo o que cre nel actúe do mesmo xeito, dentro dos límites humanos. A *Xornada Mundial dos Pobres* pretende ser unha pequena resposta que a Igrexa enteira, espallada polo mundo, dirixe aos pobres de todo tipo e de calquera lugar para que non pensen que o seu berro se perdeu no baleiro. Probablemente é coma unha pinga de auga no deserto da pobreza; e non obstante pode ser un signo de achegamento para cantos pasan necesidade, para que sintan a presenza activa dun irmán ou dunha irmá. O que non necesitan os pobres é un acto de delegación, senón o compromiso persoal daqueles que escoitan o seu clamor. A solicitude dos crentes non se pode limitar a unha forma de asistencia – que é necesaria e providencial nun primeiro momento –, senón que existe esa «atención amante» (Exhort. ap. *Evangelii gaudium*, 199), que honra ao outro como persoa e busca o seu ben.

4.- O terceiro verbo é «liberar». O pobre da Biblia vive coa certeza de que Deus intervén no seu favor para devolverlle a dignidade. A pobreza non é algo buscado, senón que é causada polo egoísmo, o orgullo, a avaricia, a inxustiza. Males tan antigos coma o ser humano, pero que son sempre pecados que afectan a tantos inocentes, producindo consecuencias sociais dramáticas. A acción coa que o Señor libera é un acto de salvación para quen lle ten manifestado a súa propia tristura e angustia. Moitos son os salmos que narran e celebran esta historia de salvación que se reflicte na

vida persoal do pobre: «[O Señor] non despreza nin desdeña a aflicción dos humildes; non lles esconde o seu rostro, e, cando piden axuda, El escoita» (Sal 22, 5). Poder contemplar o rostro de Deus é signo da súa amizade, da súa proximidade, da súa salvación. «Ti ollas a miña aflicción e coñeces as miñas angustias; [...], ti pos en campo aberto os meus pés» (cf. Sal 31, 8-9). Ofrecerlle ao pobre un «campo aberto» equivale a liberalo do «lazo do cazador» (cf. Sal 91, 3), a arredalo da trampa tendida no seu camiño, para que poida camiñar libremente e mirar a vida con ollos serenos. A salvación de Deus adopta a forma dunha man tendida cara ao pobre, que acolle, protexe e fai posible experimentar a amizade que tanto necesita. A partir desta proximidade, concreta e tanxible, comeza un xenuíno itinerario de liberación: «Cada cristián e cada comunidade están chamados a ser instrumentos de Deus para a liberación e promoción dos pobres, de maneira que poidan integrarse plenamente na sociedade; isto supón que sexamos dóciles e atentos para escoitar o clamor do pobre e socorrello» (Exhort. Ap. *Evangelii gaudium*, 187).

5.- Conmóveme saber que moitos pobres téñense identificado con Bartimeu, de quen fala o evanxelista Marcos (cf. 10, 46-52). O cego Bartimeu «pobre de pedir, estaba sentado a carón do camiño» (v. 46), e, cando escoitou que Xesús pasaba «empezou a berrar» e a invocar ao «Fillo de David» para que tivese piedade del (cf. v. 47). «Moitos mandábano calar; pero el berraba aínda máis alto» (v. 48). O Fillo de Deus escoitou o seu berro: «Que queres que che faga?». O cego contestoulle: «Mestre, que volva ver» (v. 51). Esta páxina do evanxeo fai visible o que o salmo anunciaba como promesa. Bartimeu é un pobre que se atopa privado de capacidades fundamentais, como son a de ver e traballar. Cantas sendas conducen tamén hoxe a formas de precariedade! A falta de medios básicos de subsistencia, a marxinação cando xa non se goza da plena capacidade laboral, as diversas formas de escravitude social, a pesar dos progresos realizados pola humanidade... Cantos pobres están tamén hoxe a carón do camiño, coma Bartimeu, buscando darlle un sentido á súa condición. Moitos pregúntanse como puideron chegar ata o fondo deste abismo e como poder saír del. Esperan que alguén se lles achegue e lles diga: «Ánimo, érguete, que te chama» (v. 49).



Pola contra, o que lamentablemente acontece a miúdo é que se escoitan as voces do reproche e as que invitan a calar e a sufrir. Son voces destemperadas, arreo determinadas por unha fobia cara aos pobres, aos que se considera non só como persoas indixentes, senón tamén como xente portadora de inseguridade, de inestabilidade, de desorde para as rutinas cotiás e, polo tanto, merecedores de rexeite e arredamento. Téndese a crear distancia entre os outros e un mesmo, sen se decatarse de que así arredámonos do Señor Xesús, quen non só non os rexeita, senón que os chama onda si e os consola. Neste caso, que apropiadas se nos mostran as palabras do profeta sobre o estilo de vida do crente: «Romper as cadeas inxustas, deslevar as sogas do xugo, mandar libres os oprimidos e romper con todo xugo, repartir o teu pan co famento, acoller na túa casa aos pobres sen teito, cubrir a quen ves espido» (Is 58, 6-7). Este modo de obrar permite que o pecado sexa perdoado (cf. 1P 4, 8), que a xustiza faga o seu camiño e que, cando sexamos nós os que lle berremos ao Señor, daquela el nos responda e diga: «Aquí estou» (cf. Is 58, 9).

6.- Os pobres son os primeiros capacitados para recoñecer a presenza de Deus e dar testemuño da súa proximidade nas súas vidas. Deus permanece fiel á súa promesa, e mesmo na escuridade da noite non deixa que falte a calor do seu amor e da súa consolación. Sen embargo, para superar a opresiva condición de pobreza é necesario que eles perciban a presenza dos seus irmáns e irmás que se preocupan por eles e que, abrindo a porta do seu corazón e da súa vida, fan que se sintan familiares e amigos. Soamente deste xeito poderemos «recoñecer a forza salvífica das súas vidas» e «poñelos no centro do camiño da Igrexa» (Exhort. ap. *Evangelii gaudium*, 198).

Nesta *Xornada Mundial* estamos invitados a concretar as palabras do salmo: «Os pobres comerán atar fartarse» (Sal 22, 27). Sabemos que o banquete tiña lugar no templo de Xerusalén despois do rito do sacrificio. Esta foi unha experiencia que enriqueceu en moitas Dioceses a celebración da primeira *Xornada Mundial dos Pobres* do pasado ano. Moitos atoparon a calor dunha casa, a ledicia dun xantar festivo e a solidariedade de cantos quixeron

compartir a mesa dun xeito sinxelo e fraterno. Quixera que tamén este ano, e no futuro, esta 'Xornada' se celebrase baixo o signo da ledicia de redescubrir o valor de estarmos xuntos. Orar xuntos en comunidade e compartir a comida no domingo. Unha experiencia que nos devolve á primeira comunidade cristiá, que o evanxelista Lucas describe en toda a súa orixinalidade e sinxeleza: «Eran perseverantes en escoitar a ensinanza dos apóstolos, na comunión da vida, no rito de partiren o pan e nas oracións [...] Todos os cren-tes vivían unidos e tiñan todo en común; vendían os seus bens e propiedades e repartíanos entre eles, conforme ás necesidades de cada quen» (Feit 2, 42.44-45).

7.- Son innumerables as iniciativas que diariamente emprende a comunidade cristiá como signo de achegamento e de alivio a tantas formas de pobreza que están ante os nosos ollos. A miúdo a colaboración con outras iniciativas, que non están motivadas pola fe senón pola solidariedade humana, permítenos brindar unha axuda que sós non poderíamos realizar. Recoñecer que, no inmenso mundo da pobreza, a nosa intervención é tamén limitada, débil e insuficiente, lévanos a tender a man aos demais, de xeito que a colaboración mutua poida acadar o seu obxectivo con máis eficacia. Móvenos a fe e o imperativo da caridade, aínda que sabemos recoñecer outras formas de axuda e de solidariedade que, en parte, propóñense os mesmos obxectivos; pero non descoidemos o que nos é propio, a saber, levar a todos cara a Deus e cara á santidad. Una resposta axeitada e plenamente evanxélica que podemos dar é o diálogo entre as diversas experiencias e a humildade en prestar a nosa colaboración sen ningún tipo de protagonismo.

En relación cos pobres, non se trata de xogar a ver quen ten o primado na intervención, senón que con humildade poidamos recoñecer que o Espírito suscita xestos que son un signo da resposta e do achegamento de Deus. Cando atopamos o xeito de nos aproximar aos pobres, sabemos que o primado correspóndelle a el, que abriu os nosos ollos e o noso corazón á conversión. O que necesitan os pobres non é protagonismo, senón ese amor que sabe agocharse e esquecer o ben realizado. Os verdadeiros protagonistas

son o Señor e os pobres. Quen se pon ao servizo é instrumento nas mans de Deus para que se recoñeza a súa presenza e a súa salvación. Lémbrenlo san Paulo escribindo aos cristiáns de Corinto, que competían entre eles polos carismas, en busca dos de máis prestixio: «O ollo non lle pode dicir á man: ‘Non preciso de ti’, nin a cabeza aos pés: ‘Non te necesito’» (1Cor 12, 21). O Apóstolo fai unha consideración importante ao observar que os membros que parecen máis débiles son os máis necesarios (cf. v. 22) e que «os que temos por menos decorosos cubrímolos con máis decoro; e os menos honestos tratámolos con máis recato; cousa que non precisan os honestos» (vv. 23-24). Paulo, ao tempo que ofrece unha ensinanza fundamental sobre os carismas, tamén educa á comunidade para ter unha actitude evanxélica con respecto aos membros máis débiles e necesitados. Os discípulos de Cristo, lonxe de albergar sentimentos de desprezo ou de pietismo cara a eles, están máis ben chamados a honralos, a darlles precedencia, convencidos de que son unha presenza real de Xesús entre nós. «Canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos fixéstelo comigo» (Mt 25, 40).

8.- Aquí compréndese a grande distancia que hai entre o noso modo de vivir e o do mundo, que chufa, segue e imita a quen ten poder e riqueza, mentres marxina aos pobres, considerándoos un refugallo e unha vergonza. As palabras do Apóstolo son unha invitación a darlle plenitude evanxélica á solidariedade cos membros máis débiles e menos capaces do corpo de Cristo: «E así, cando padece un membro, todos padecen con el; cando a un membro o tratan ben, todos se alegran con el» (1Cor 12, 26). Seguindo nesta mesma liña, tamén nos exhorta na carta aos Romanos: «Alegrádevos cos que están alegres, chorade cos que choran. Tédevos na mesma estima uns a outros; non vos deades aires de grandeza, senón acomodádevos aos humildes» (12, 15-16). Esta é a vocación do discípulo de Cristo; o ideal ao que aspirar con constancia é asimilar cada vez máis en nós os «sentimentos de Cristo Xesús» (Flp 2, 5).

9.- Unha palabra de esperanza convértese no epílogo natural ao que conduce a fe. Arreo son precisamente os pobres os que poñen en crise a nosa indiferenza, froito dunha visión da vida excesiva-

mente inmanente e atada ao presente. O berro do pobre é tamén un berro de esperanza co que manifesta a certeza de que será liberado. A esperanza fundada no amor de Deus, que non abandona a quen confía nel (cf. Rm 8, 31-19). Así escribía santa Tareixa de Ávila no seu *Camino de perfección*: «A pobreza é un ben que encerra todos os bens do mundo. É un señorío grande. É señor sobre todos os bens do mundo aquel a quen non lle importan nada» (2, 5). Na medida en que saibamos discernir o verdadeiro ben, volverémonos ricos ante Deus e sabios ante nós mesmos e ante os demais. Así é: na medida en que se acada darlle á riqueza o seu sentido xusto e verdadeiro, medramos en humanidade e facémosnos capaces de compartir.

**10.-** Invito aos irmáns bispos, aos sacerdotes e en particular aos diáconos, aos que se lles impuxo as mans para o servizo dos pobres (cf. Feit 6, 1-17), xunto coas persoas consagradas e con tantos laicos e laicas que nas parroquias, nas asociacións e nos movementos fan tanxible a resposta da Igrexa ao berro dos pobres, a que vivan esta *Xornada Mundial* como un momento privilexiado de nova evanxelización. Os pobres evanxelízannos, axúdannos a descubrir cada día a fermosura do Evanxeo. Non despreceemos esta oportunidade de graza. Sintámonos todos, neste día, debedores con eles, para que, tendendo reciprocamente as mans uns aos outros, se realice o encontro salvífico que sostén a fe, volve activa a caridade e permite que a esperanza prosiga segura no seu camiño cara ao Señor que chega.

Vaticano, 13 de xuño do 2018

Memoria litúrxica de santo Antonio de Padua

**Papa Francisco**

(Verteu ao galego da versión oficial  
en castelán Manuel Regal Ledo)



## A morte: irreversível

---

Anselmo Borges

1.- No passado dia 6, Jürgen Habermas, que continua a ser o filósofo vivo mais influente do mundo, deu uma longa entrevista ao El País. Logo de entrada, estando de acordo com a afirmação de que há a decadência da figura do intelectual comprometido, diz: “A pergunta nostálgica “porque é que já não há intelectuais?” está mal feita. Não pode havê-los, se já não há leitores aos quais continuar a chegar com argumentos.” Se foi “determinante uma esfera pública”, o que se passa é que “as suas frágeis estruturas estão agora a sofrer um processo acelerado de deterioração”. A esfera pública liberal na sua configuração clássica vivia de bases culturais e sociais, “principalmente da existência de um jornalismo desperto, com meios de referência e uma imprensa capaz de dirigir o interesse da grande maioria da cidadania para temas relevantes e a formação de opinião política. E também da existência de uma população de leitores que se interessa pela política e tem um bom nível de educação, acostumada ao processo conflitual de formação de opinião, dedicando tempo a ler imprensa independente de qualidade. Hoje, esta infraestrutura já não está intacta. O efeito de fragmentação da internet deslocou o papel dos meios de comunicação tradicionais, sobretudo nas novas gerações. Antes de entrarem em jogo estas tendências centrífugas e atomizadoras dos novos media, a desintegração da esfera cidadã já tinha começado com a mercantilização da atenção pública. Agora os novos meios de comunicação praticam uma modalidade muito mais insidiosa de mercantilização”.

2.- Esta situação insidiosa promove novas formas de analfabetismo, a desorientação e uma cultura da moleza e do achismo (toda

a gente acha que...), como já aqui tentei explicar. No contexto do que aqui me traz hoje – a eutanásia –, poderíamos fazer um teste, com um inquérito aos portugueses (incluindo os deputados), para apurar quantos sabem distinguir claramente entre eutanásia (voluntária e involuntária, activa e passiva, directa e indirecta), distanásia, ortotanásia, suicídio medicamente ajudado, cuidados paliativos... Quando, por exemplo, para afirmar que se é contra a eutanásia, se escreve que se rejeita a morte assistida, é evidente que se está perante a ignorância ou se quer criar a confusão: de facto, quem não quer uma morte assistida? Mais uma razão para não haver pressas, já que, ao contrário do que se afirma, não há esclarecimento suficiente. Fica a pergunta: porquê tanta pressa, não esperando para colocar o tema nos programas dos partidos, com debate alargado na campanha eleitoral próxima? Tem-se medo de quê? Afinal, o tema também não consta no programa de governo. E vai-se votar sem o parecer do Conselho Nacional de Ética para as Ciências da Vida?

É claro que esta questão configura uma mudança civilizacional. E não se pense em progresso, pois é de retrocesso que se trata. A eutanásia significa uma derrota: o que o Estado tem para oferecer às pessoas em extrema dificuldade é conceder-lhes o direito de pedir que as matem? De facto, se a eutanásia fosse aprovada, ficaria em vigor uma lei que concede o direito de pedi-la e o Estado teria mais um dever: concretizar esse direito, nos casos aceites, matando. Não se fuja às palavras, pois é de homicídio que se trata, ainda que a pedido.

3.- Deixando os debates de princípio e em abstracto sobre autonomia – mesmo aqui, é bom reflectir que a autonomia não se pode confundir com auto-suficiência, já que a autonomia é sempre relacional –, sobre compaixão, tolerância, morte digna, vamos aos projectos de lei que vão ser votados no próximo dia 29 (todos os deputados os leram?) e que propõem que um médico possa matar um ser humano, a seu pedido, em determinadas condições. Miguel Oliveira da Silva, ex-presidente do Conselho Nacional de Ética para as Ciências da Vida, e Germano de Sousa, ex-bastonário da

Ordem dos Médicos, analisaram-nos e verificaram que “são muito semelhantes ao modelo holandês, pioneiro mundial, e ao modelo belga inicial, os quais, apesar das restrições e garantias iniciais, derraparam de tal modo que hoje as mortes por eutanásia aumentam nesses países em dez por cento ao ano aceitando-se cada vez mais indicações (como doença psiquiátrica e demência) inicialmente recusadas, chegando-se ao extremo de praticar eutanásia em crianças.” Continuam: “A simples existência de leis com este teor afecta a vontade dos doentes, influencia a respectiva família e os profissionais de saúde, como provam exemplos recentes na Bélgica e na Holanda em que foi aceite um pedido de eutanásia de um casal de idosos que não queria ser um peso para os filhos. Não podem subsistir dúvidas: se um dos projectos se tornar lei entre nós, o mesmo inevitavelmente sucederá. Não tenhamos a ingenuidade de pensar que somos diferentes ou melhores.”

No mesmo sentido, disse outro médico ilustre, A. Maia Gonçalves: a lei da eutanásia “será um fardo para as pessoas de idade”. Sobretudo quando se pensa nas situações dramáticas do Serviço Nacional de Saúde.

4.- No ano passado, 2017, celebraram-se os 150 anos da abolição da pena de morte em Portugal, e foi para mim uma honra participar num congresso internacional sobre esse acontecimento histórico, com uma conferência sobre “Teologia e pena de morte”. Para nossa honra, Portugal foi pioneiro mundial. Na altura, nos debates, muitos convenceram-se pela abolição ao pensarem nos erros que se podem cometer e de facto se cometem ao aplicar a pena de morte. Passado um ano, lamentavelmente, vai-se votar a eventual legalização da eutanásia. Não há o mesmo perigo de erro na sua aplicação? Pense nisso, senhor deputado. Porque é disso que se trata: da vida e da morte, e a morte é irreversível: não há volta atrás. Ainda bem que será cada deputado a votar individualmente: cada um e cada uma assumirá as suas responsabilidades históricas.

25 de maio de 2018

**Anselmo Borges**



## Emigrantes

Fr. Santiago Agrelo

Volve o cal vivo e as cizallas, a merda e o sangue!, as armas coas que os emigrantes poñen en perigo a vida dos axentes da garda civil. Volve o «medo ao emigrante», mesmo se fala de «pánico xustificado».


Volven as insinuacións, as medias verdades, e, despois de enuciar sen dó a imaxe dos emigrantes, de todos os emigrantes, ábrese unha paréntese para meter nela con calzador o adxectivo «humanitario», co que limpamos as nosas vergoñas, que non a conciencia.

Unha soa desas moitas palabras que a información utiliza, afoga en cal vivo a vida de centos de persoas, e cobre de sangue e de sucidade os seus corpos.

Eu sei da vulnerabilidade sen protección ningunha deses rapaces: sei que teñen dereitos pisados sistematicamente, e sei que non van armados, e sei que, se queren pasar a fronteira, terán que forzar o valado e vencer a oposición das forzas da orde, e sei que despois os van a acusar de violentos porque tal fixeron, e sei que ninguén vai recordar a violencia continuada que se exerce contra eles, violencia que, sen que ningún hospital poida dar testemuño diso, deixaralles secuelas físicas ou psíquicas para toda a vida.

Os Gobernos europeos, todos, e con eles os responsables de Bruxelas, gastaron e continúan a gastar miles de millóns de euros en rexeitar emigrantes nas fronteiras, e non foron quen de elaborar unha política migratoria digna dese nome.





J. Pite 2018

A degradación da política a chantaxe, iso é o que se nos obriga a ver estes días, sen que ninguén pareza escandalizarse por iso.

Un Goberno soberano ameaza con «devolver a Libia» unhas decenas de emigrantes recollidos por unha lancha costeira italiana. «Devolver a Libia» significa entregar seres humanos a traficantes de escravos, a torturadores, a mafias.

Un Goberno que se supón soberano, acaba de devolver a Marrocos os emigrantes que onte saltaron o valado de Ceuta. E os dereitos destes rapaces son pisados sen que ninguén mova un dedo para evitalo, sen que se oía unha voz que reclame xustiza.

Hoxe cadroume escoitar á mañá e á tarde noticias e comentarios da COPE sobre o acontecido en Ceuta. E non pronunciaron unha, senón moitas, desas palabras que afogan en cal vivo os pobres, que supoñen para os emigrantes una condena a sufrimentos atroces, cando non unha condena a morte.

E iso tiven de oír na radio da Conferencia Episcopal. É un escándalo. Levan vostedes por diante, canda a vida dos emigrantes, o evanxeo de Cristo e a vida da Igrexa.

Se na COPE se menosprezase un dogma do Credo, correrían a pór remedio, e non aturarían que no nome de ningunha liberdade de expresión se puxese en perigo a fe dos fieis. Pois aquí hai algo que é máis ca un dogma: aquí trátase da vida dos fillos de Deus.

\* \* \* \* \*

Onte o Goberno, violando canto se pode violar, devolveu a Marrocos todos os emigrantes que pasaran o valado o día anterior.

Varios dos avogados que participaron na operación, van recorrer a decisión do Goberno.

Amnistía Internacional fixo notar como foron devoltos a un país inseguro, e sen garantías de ningún xénero, decenas de raparigos que necesitan especial protección.

E hei recordar que hoxe, na COPE, non é que non oíse un comentario, é que nin sequera puiden oír a noticia.

É obvio que teño un problema por linguateiro. Pero igual de obvio é que outros o teñen por mudos fronte á vulneración sistemática dos dereitos dos pobres.

**Fr. Santiago Agrelo**  
Arcebispo de Tánxer  
Traduciu: Antón Piñeiros



## A Vida vainos levando. Oración para Vodas de ouro

---

O pasado 17 de marzo de 2018, unha parella moi querida, Joaquín e Feli, celebraban as súas vodas de ouro na parroquia San Francisco de Asís dos Tilos, no concello de Teo. 50 anos de vida en común e servizo á comunidade. Para agasallalos compuxen esta oración que se leu na misa a xeito de oración dos fieis e que vos brindo coma homenaxe a eles e para que sirva de inspiración a outras persoas que queren atreverse a orar con palabra propia.

A vida vainos levando.

Poñemos rumbo e, ás veces, parece que acertamos.

Facemos nosa a chamada de Xesús e poñémonos ao servizo do Reino...

E imos caendo na conta de que é o Reino o que está ao noso dispor, para nós, como promesa dun mundo máis humano e máis xusto no que queremos camiñar, no que queremos aprender a ir dando pasos.

R// Xesús, ti apréndenos a vivir o teu Reino.

Somos sal da terra, pouquiña, pero sal.

Poñemos o noso amor alí onde vemos que se precisa, e acompañamos, escoitamos...

Sempre deixando vivir.

Sen afastarse nin abafar, camiñando ao lado, dando a man, compartindo pan e teito.

Ningunha dor nos é allea, ningún gozo nos é indiferente.

R// Xesús, ti apréndenos a vivir o teu Reino.

Luz do mundo que non se agacha, que camiña segura aínda que a realidade moitas veces nos faga dúbidas...

Porque a fe faise de dúbidas.

Porque aos ventos fortes fáiselles fronte abaneando, dobrándonos un pouco para poder logo recuperar afouteza.

Unha fe resilente, que dobra pero non quebra, que cede nas loitas pequenas para gañar a fondura maior.

R// Xesús, ti apréndenos a vivir o teu Reino.

Non levedes alforxas... e no camiño ímonos desprendendo de cargas, aprendendo a ir cada vez máis lixeiros.

Costa deixar ir.

Que os fillos se fagan maiores e deixalos ir...

Que a velles nos sorprenda e altere, e deixala fluír...

Que as ilusións maduren, muden, e se volvan cada vez máis serenas...

Que a vida nos cambie, nun proceso continuo e infinito de amor... e non se laiar polo que puido ser e xa non é.

R// Xesús, ti apréndenos a vivir o teu Reino.

Xurdirá. Sabemos que está aí, detrás do noso esforzo e do noso gozo, o teu Reino de amor, de liberdade e paz...

Case o tocamos coas puntas dos dedos, pero ás veces costa percibir o seu cheiro cando pasa ao noso lado.

Pero sabemos que está aquí, que se move entre nós, que nos alenta e empurra, e aventurámonos na vida cada vez con menos medo, cada vez con máis confianza, sabendo que ao final hai un seo de amor que nos acolle.

R// Xesús, ti apréndenos a vivir o teu Reino.



## P. José Manuel Alonso Busto SJ

Compañía de Jesús, Provincia de España  
(Villaviciosa 10-06-1924 - Villagarcía de Campos 30-08-2018)

---

Salvador Galán Herráez SJ

O Padre José Manuel, fraco e de tan extrema a súa fraqueza, que parecía feito de raíces de árbores (como Santa Teresa dixo do seu amigo San Pedro de Alcántara), escondíase unha vida chea de vitalidade e fecundidade. A súa fisionomía e o seu modo de vida recórdanos o idealismo e a loita pola xustiza e a verdade, de *Don Quijote de la Mancha*, defensor de causas perdidas, xunto ao seu namoramento da persoa de Xesús, que entregou a súa vida polos demais no servizo aos pobres e marxidados, como iremos debullando a través dos testemuños de dous compañeiros xesuítas, Modesto Vázquez-Gundín e Jesús Ángel Fernández.

Natural de Villaviciosa, (Asturias) cóntanos Jesús Ángel, que residiu en Cuncas, pequeno pobo costeiro e de xente campesiña cara ao interior. Foron anos de infancia e xuventude que marcaron o seu carácter alegre, comunicativo, próximo á xente, trato sinxelo, linguaxe popular (bable). Como bo asturiano amaba a súa terra, pero tamén se namorou de Galicia, como dixo nunha entrevista: «Asturias é a miña nai e Galicia a miña esposa».

A súa vocación sacerdotal lévao a realizar os estudos de filosofía na Universidade de Comillas. Ingresna na Compañía de Xesús con 23 anos, en Salamanca. Durante a súa etapa de formación, despois do maxisterio, estuda Económicas e Ciencias Sociais na Universidade de Deusto, onde remata por cimentar e confirmar a súa vocación polo social.

Descríbenos Modesto Vázquez Gundín, que coñeceu a José Manuel sendo «*primerín*» no noviciado, que o nomearon «anxo de *primerines* comillenses». «O seu bo humor asturiano, a súa devoción e a súa entrega contaxiábanos ilusión e piedade».

O seu primeiro contacto con Galicia, as súas xentes e a súa lingua foi na etapa de maxisterio, nos anos 1950-52, concretamente no collexio en Camposancos *La Guardia*. Será posteriormente, a partir do ano 1962, cando volve a Galicia e permanece nela por un período de 27 anos. Comeza na residencia de Coruña como director espiritual e confesando na igrexa. Desempeña o cargo de consiliario da congregación de «Empregadas de Fogar», piso de acollida para as mozas que chegaban á cidade. Ofrecíaselles formación e asesoramento. Tamén Consiliario das «Convivencias da Coruña», grupo cristián de clase media, profesionais liberais que a partir do Concilio Vaticano II queren ser lugar de reflexión das novas correntes teolóxicas. E por último Consiliario de la *Vanguardia Obrera de la Coruña*, creadas por o P. Xeixas, cuxos membros gardan del un entrañable recordo.

No barrio coruñés de Palavea a súa presenza significou un gran compromiso como o papel de sacerdote inserido no pobo e coa xente do barrio. Vivía nun pobre barracón de madeira, do Padroado escolar da Conferencia de San Vicente da Residencia, que servía de escola, capela os domingos e festivos para a celebración da Eucaristía, local de reunións e centro xuvenil «Meu Lar». O seu espírito emprendedor e a súa busca constante lévano a encarnarse no mundo do traballo manual, como cura obreiro, colocándose nun taller de carpintaría de madeira. Por iso non é de estrañar que no encontro da Misión Obreira de España co P. Arrupe, en febreiro de 1980, fose un dos catro representantes.

Outra etapa importante da súa vida en terras galegas foi o seu destino á parroquia de Montefurado (ao sur da provincia de Lugo). Nela vive pobremente, tal e como nolo relata Modesto Vázquez Gundín: «Visiteino con certa frecuencia, de paso cara a León. Despois de comprobar que nin para comer tiña algo que pagase a pena, compraba no camiño de todo para comer xuntos e que gardase na neveira. A súa austeridade alcanzaba niveis de especial rigor naquela casa parroquial... Levábame a visitar os veciños, que o acollían como un da familia».

Nos sucesivos destinos que tivo despois de saír de Galicia, de novo na súa Asturias querida, por un período de dez anos, e o seu

paso por Montevideo onde estivo de párroco por catros anos, ata recalar en Villagarcía de Campos, pasando antes por León, mantén a súa radicalidade evanxélica de pobreza e entrega ás xentes máis sinxelas e necesitadas.

O perfil de José Manuel, descrito por Jesús Ángel, é que foi unha persoa enormemente austera, esixente consigo mesmo (Regra 11 das Constitucións da Compañía, que continuamente sacaba a colación). Duro e crítico cos demais, coa Igrexa e a Compañía, á vez que unía tenrura e cariño cos máis débiles. Persoa profundamente querida, próxima con sinceridade e naturalidade, nada forzada no seu modo de vivir e falar.

Non é de estrañar que despois de moitos anos de saír de Pala-vea, estando en Montevideo, a petición dos veciños do barrio o Concello da Coruña lle dedicase, no mesmo lugar onde estaban as instalacións do Padroado unha praza co seu nome no ano 2001. Como anteriormente, no ano 1995, o emotivo homenaxe que lle dispensaron os veciños da parroquia de Santa Bárbara.

Pero José Manuel era unha persoa alegre que gozaba coas festas, nos encontros, excursións, todo aquilo que fomentase a unión e a convivencia. Alegría que mantivo ata o final da súa vida, tal e como o recorda a comunidade de Vilagarcía e de xeito especial o persoal da enfermaría. En calquera momento, en canto lle dabas motivo, cantaba cancións asturianas e relixiosas. E cando ao final xa non tiña voz para cantar actuaba cos seus brazos como se estivese a dirixir o canto.

José Manuel deixounos un fermoso e esixente legado de como se pode seguir a Xesús en pobreza e entrega aos demais, sen perder a alegría de vivir.

Comezamos esta descrición evocando como José Manuel se parecía a D. Quixote e queremos pechala dicindo que se nos foi un Quixote de Xesús, entregado de corpo e alma á causa do Reino de Deus, soñador e defensor dos pobres, de causas perdidas, que sempre mantivo vivo o facho da alegría e a sinxeleza. Na súa despedida don Quixote di «eu fun un tolo, e xa son cordo; fun don Quijote de



la Mancha, e son agora, como dixer, *Alonso Quijano el Bueno* (Capítulo LXXIV). Tamén José Manuel foi un tolo namorado de Xesús, que fixo súas as palabras do Evanxeo: «o que non colle a súa cruz e me segue non é digno de min. O que atope a súa vida perderaa, e quen perda a súa vida por min atoparaa» (Mt 10, 38-39).

**Salvador Galán Herráez SJ**

Villagarcía de Campos, 23 de setembro de 2018



## Carta desde a banda da esperanza

---

Manuel Regal Ledo

### 1.- Tarefas para un curso que empeza

Volvemos de vacacións e dispoñémonos a afrontar o reto que temos por diante, mestura posiblemente de ilusións e de temores. Adiante!

Tarefas temos abondo. Domésticas e máis globais. Entre estas poderíamos situar a nosa relación coa xente refuxiada. Historia vella á que cada pouco se lle amecen novos capítulos. Este verán volvéronse multiplicar os intentos de chegada a Europa por calquera das súas portas do sur e volvéronse multiplicar por centos e poida que miles as persoas que atoparon acougo eterno nas augas para o caso procelosas abondo do Mediterráneo familiar. Como positivo cómpre sinalar as resolucións xudiciais que exonaban de culpa e castigo aos barcos das ONGs que se dedican a recoller persoas en naufraxio

(«grazas por encarnar hoxe a parábola do bo samaritano», dicíalles o Papa Francisco); e tamén a decisión do Goberno español de dar entrada en Valencia ao *Aquarius* con 629 persoas refuxiadas a bordo, e en Barcelona ao *Open Arms* (brazos abertos) con 59, barcos que, iso si, foran desentrañablemente rexeitados, por Malta e Italia (países que teñen acollido milleiros de persoas). Un pequeno sinal que deseguida quedou reducido case á nada pola decisión do Consello de Europa do 28-29 de xuño, no que, nun clima de división e de esquecemento dunha verdadeira vontade solidaria, se intenta resolver o problema –de novo en balde– apostando pola externalización dos procesos de solicitude de auxilio (campos de xente refuxiada fóra das fronteiras de Europa, custeados con cartos europeos), e por cotas de asentamento desas persoas en Eu-

ropa a vontade de cada estado. Sen o aquel rechamante dun barco ao que se lle nega porto, en simples pateiras, a centos foron chegando durante o verán.

Seguiremos vendo morrer afogadas a persoas de toda idade. Seguiremos apelando á seguridade nacional, á defensa da nosa condición privilexiada, á necesidade de regular entradas. Seguiremos ignorando que a nosa prosperidade ten bastante que ver co esquilmo secular de África. Seguiremos esquecendo que fomos emigrantes a milleiros e millóns cando as cousas nos ían mal e que, se en casos se regularon as entradas, en momentos de excepcionalidade entrabamos a moreas en transatlánticos repletos de derrotas e soños. E abrironse nos as portas. Seguiremos sen sospeitar que acoller xera unha enorme riqueza humana, espiritual, e incluso material, porque, tal como vai a nosa demografía, dentro de nada verémonos no obriga egoísta de acoller á forza, como dicía o outro «para que alguén nos limpe o cu».

O Papa repetidamente apelou á solidariedade como gran medio para a resolución do proble-

ma. «Migrantes con Dereitos» (Cáritas, Confer, Xustiza e Paz, Comisión Episcopal de Migracións) reaccionou ás medidas da Unión Europea criticando as resolucións, apostando por unha política migratoria máis humana e alertando á cidadanía para que non se deixe manipular por mensaxes tan egoístas e irresponsables. O noso Santiago Agrelo segue coa súa particular batalla, sen renderse, aplaudido por moitos, sinalando repetidamente co dedo a esa Cope e 13TV episcopais que non paran de verter mensaxes insolidarias. Que poderemos facer cada un, cada unha de nós?

## 2.- «*O economicae et pecuniariae quaestiones*»

Algo así como «cuestións que teñen que ver coa economía e cos cartos ou finanzas». É un texto firmado xa, como regalo de Reis, o 6 de xaneiro deste ano, pero publicado xustamente, mira ti, o día das Letras Galegas, o 17 de maio pasado. Un texto relativamente longo, que consta dunha primeira parte introdutoria (nn. 1-6), dunha segunda parte que leva por título «Consideracións básicas

de fondo» (nn. 7-17), dunha terceira parte titulada «Algunhas puntualizacións no contexto actual» (nn. 18-33), e unha breve conclusión (n. 34).

O texto non di nada que non se teña dito desde a doutrina social da Igrexa ao respecto, pero dio agora cunha énfase especial nun momento tamén moi especial, no que o diñeiro se converte cada vez máis en finanzas, e as finanzas nun mundo case anónimo que intenta, e estao conseguindo, controlar persoas e pobos, nacións e estados, con frecuencia amoreando éxitos para sectores moi particulares, excluindo os sectores máis débiles, provocando enfrontamentos, alimentando guerras, querendo converterse en razón, en única fonte e cumio de calquera proposta antropolóxica.

No escrito que comentamos oiremos falar da esixencia «dunha regulación axeitada das súas dinámicas» (as das finanzas) e «dun fundamento ético» para esta regulación; da necesaria complementariedade «entre o coñecemento técnico e a sabedoría humana», para «poder progresar no camiño da prosperidade para o ser huma-

no que sexa real e integral» (n. 1). Oiremos falar de «antropoloxía relacional» que empuxa o diñeiro cara ao «horizonte da promoción integral da persoa humana, o destino universal dos bens e a opción preferencial polos pobres» (n. 10); e da necesidade dunha regulación política da liberdade de iniciativa económica (nn. 12-13); da insuficiencia do principio clásico «*caveat emptor*» (alerta quen compre!) ante a superioridade dos circuítos financeiros (nn. 14-15); dos créditos abusivos (n. 16), dos manipuladores fondos de inversión (n. 17).

A terceira parte (nn. 18-33) fai un percorrido por diversas prácticas actuais do mundo financeiro, do mercado, das prácticas empresariais, das estratexias do capital para evitar socializarse, sinalando as súas grandes e inxustas carencias. Invitamos a unha lectura atenta do texto, ás veces igual non accesible para quen non se mova en mundos tan sofisticados. Concluimos reproducindo este parágrafo do n. 30:

«Na actualidade, máis da metade do comercio mundial é levado a cabo por grandes su-

xeitos, que reducen drasticamente a súa carga fiscal transferindo os ingresos dun lugar a outro, dependendo do que lles conveña, transferindo os beneficios aos paraísos fiscais e os custos aos países con altos impostos. Está claro que isto restou recursos decisivos á economía real e ten contribuído á creación de sistemas económicos baseados na desigualdade. Por outra banda, non é posible ignorar que esas sedes *offshore* se teñen convertido en lugares de lavado de diñeiro «sucio», é dicir, froito de ganancias ilícitas (roubo, fraude, corrupción, asociación criminal, mafia, botín de guerra...).

Poida que nos preguntemos que podemos facer nós. Este comunicado do Vaticano advirtenos que o primeiro é ter bo coñecemento do que está a pasar, de onde estamos metidos. Iso pode dar pé á participación social, política, relixiosa que cada quen considere congruente; sen dúbida tamén pode animarnos a orientar os nosos cartos cara a entidades éticas e solidarias de aforro que garantan un uso xusto e social dos mesmos.

### 3.- «A paz contigo» (Sal 122, 8)

Este é o lema que escolleu o Papa Francisco para a xornada de oración pola paz, celebrada en Bari (Italia) o 7 de xullo pasado, que presidiu na compañía dos líderes relixiosos de 21 igrexas protestantes, ortodoxas, católicas, e coa asistencia tamén de varios milleiros de fieis. O desexo da paz ía dirixido neste caso especialmente cara ao Oriente Medio, tan castigado en xeral e onde as comunidades cristiás están sendo vítimas dun ataque especialmente agresivo, que fai temer a súa práctica desaparición. Falou o Papa «do silencio de tantos e a complicidade de moitos»; afirmou que «a indiferenza mata e nós queremos ser unha voz que combate o homicidio da indiferenza». E no discurso final fixo afirmacións concretas e contundentes, un dramático comentario desa economía sen regulamento que tanto se criticaba no documento que vimos de comentar. Entre sacamos algúns parágrafos:

«Nós comprometémonos a camiñar, orar e traballar e imploramos (...) que a ostentación dos ameazantes signos do poder deixe paso ao poder dos

signos de esperanza (...) Basta xa do beneficio duns poucos a costa da pel de moitos! (...) Basta xa de usar o Oriente Medio para obter beneficios alleos a Oriente Medio! A guerra é a praga que traxicamente asalta a esta amada rexión. Quen a sofre é sobre todo a xente pobre. A guerra é filla do poder e da riqueza. Vécense renunciando á lóxica da supremacía e erradicando a miseria (...) Moitos conflitos foron fomentados por formas de fundamentalismo e fanatismo, disfrazados de pretextos relixiosos (...) A violencia mantense sempre de armas. Non se pode levantar a voz para falar de paz mentres, ás agachadas, se manteñen desenfreadas carreiras de rearme. É unha gravísima responsabilidade que pesa sobre a conciencia das nacións, especialmente das máis poderosas (...) Basta xa da sede de ganancias que non se detén ante ninguén con tal de acaparar depósitos de gas e combustible, sen ningún coidado pola casa común e sen ningún escrúpulo en que o mercado da enerxía dite a lei da convivencia entre os pobos».

Desgraciadamente non é Oriente Medio o único punto

conflictivo, onde a guerra, manexada por intereses de poder, está amargando a vida da xente e acabando con pobos enteiros. Como dixera o mesmo Papa noutra ocasión: estamos xa nunha ampla guerra, ciscada por aquí e por acolá, coas mesmas dinámicas de fondo, aínda que a información sobre delas non nos chegue, porque hai persoas e pobos que tamén ante a súa destrución son de segunda. Que sabemos, por exemplo, do que acontece en Iemen, onde se está esquilmando o pobo cunha rede de intereses detrás dos que están sempre os mesmos? (Impresionante o artigo de Nazanín Armanian sobre «Os catro motivos do bloqueo informativo sobre a guerra xenocida de Iemen») Que sabemos da guerra da República Democrática do Congo, en sucesivas xeiras desde o 1996, con 5,4 millóns de mortos xa en 2008, e que, segundo informa «Mundo Negro» (640, 34-39) está considerado como o conflito máis mortífero a nivel mundial desde a Segunda Guerra Mundial?

E, senón máis, as nosas armas están aí (España é o sétimo fabricante e vendedor de armas do mundo), alimentando con-

flitos e con moi boa rendibilidade que nos permite engrosar o noso PIB, cousa que todos saudamos con satisfacción. E, como exemplo, o capítulo das 400 bombas de altísima precisión vendidas a Arabia Saudí, aínda sabendo as súas prácticas bélicas desproporcionadamente abusivas; suspender a venda obedecía a un primario instinto ético, pero puido máis o medo á perda da carga de traballo nos nosos estaleiros; e non era do caso promover un embargo de venda de armas a ese país, porque a ninguén lle interesa perder un bocado tan saboroso. Pero esta é a nosa ética internacional tamén coa que convivimos harmoniosamente.

E podíamos alongar a ollada cara a Suramérica: México, Venezuela, Nicaragua, Colombia..., países que se moven en climas de violencia maiúscula, nos que a Igrexa –con acertos e desacertos, que de todo houbo, por exemplo, na mesma Nicaragua– pretende facer labor de mediación non sempre recoñecida, e nos que os martirios civís e relixiosos, laicais e clericais, seguen sementando a terra de sangue, de dor e de esperanza.

Fermosa tarefa, logo, para este curso e para moitos máis, a de construír a paz, cousa que vai máis alá de acalmar as disensións domésticas, con Cataluña ou sen Cataluña polo medio, e que nos enfronta a retos de fondo calado humano. Oxalá sexamos xente de paz, sabia, humilde e valente xente de paz! Oxalá!

#### 4.- A urxente renovación eclesial

Un día si e outro tamén aos portais dos medios eclesiais de comunicación asoma a información de que en tal ou cal diocese están emprendendo un camiño de renovación. Hai coincidencia no punto de partida: unha Igrexa escasa e envellecida en pastores e fieis, nun entorno desinteresado polo relixioso, que trae anuncios dun futuro demolidor, se non se lle busca remedio urxente á situación. Algo, por outra banda, que xa desde hai moitos anos viñan profetizando voces relixiosas ás que na práctica se lles foi respondendo ou coa inanición, ou cun «non será para tanto». Hai coincidencia tamén na linguaxe relixiosa empregada, apostando sempre por «unha Igrexa en misión», por «unha Igrexa sinodal», por

«unha Igrexa en saída», por «unha Igrexa cara ás periferias», polas «Unidades Pastorais» (Upas), polos «discípulos misioneiros» etc. Desde a pequeniña diocese de Teruel-Albarracín, ata a ben máis grande de Santiago de Compostela, pasando pola de Calahorra-La Calzada Logroño, pola de Segovia, pola de Ourense, e así moitas máis, todas empeñadas en afrontar a situación extrema con medidas de renovación tamén extremas. Benvinda sexa a urxencia e benvidos sexan os cambios que a secunden de verdade!

O certo é que andamos de reforma en reforma e non atinamos coa chave das noces. Parece que agora andamos algo aloucados, buscando remedios de última hora, cando vemos que a cousa vai en serio, que o urdido eclesial se debilita e que o futuro nos fala, no mellor dos casos, de pequenas comunidades, reducidas en número e influencia, que atoparán gusto na súa identidade cristiá, que poderán compartir en suma humildade cun medio humano nada simpatizante coa aposta relixiosa. Claro que igual este é o formato auténtico dunha Igrexa renovada.

Entre nós, en Galicia, xa hai anos que a diocese de Tui-Vigo levou a cabo o seu particular Sínodo. Ultimamente tocoulle a Santiago de Compostela, que está saboreando, iso parece, as consecuencias positivas dese proceso sinodal: máis de mil persoas, laicas maiormente, estiveron integradas o curso pasado na EDAP (Escola Diocesana de Axentes de Pastoral) a través de 26 centros de formación, espaxados pola arquidiocese adiante, para adquirir unha formación xenérica en cuestións consideradas de interese para calquera persoa que estea disposta a desempeñar algún servizo eclesial nas diferentes parroquias. Subliñan a importante participación en zonas rurais e vilas pequenas. Neste curso que agora comeza a formación xa será máis específica, respondendo aos diferentes servizos eclesiais que cada persoa poida desempeñar na súa comunidade. Todo isto falouse e celebrouse na Asemblea diocesana que tivo lugar en Santiago o 9 do pasado xuño.

A diocese ourensá anda tamén envolta en preámbulos de Sínodo. Falan de máis de dúas mil persoas enredadas en 182 grupos de traballo, que nos seus



respectivos encontros foron ofrecendo moitas propostas de acción, que logo as asembleas arciprestais sintetizaron en 314. Aínda queda un novo curso preparatorio para o Sínodo que se celebrará en 2019-2020. No seu momento poderemos ver as liñas de traballo que a Igrexa ourensá considera básicas para abrir camiño na fráxil situación presente. Oxalá atinen e axuden a atinar a tantas comunidades cristiás que padecen similares problemas!

Por Mondoñedo-Ferrol, desde a chegada do bispo Luís Anxo de las Heras, a diocese está envolta tamén nun proceso de discernimento e de reorientación pastoral a través de dúas Vigairías, a de Evanxelización e a de Misión Samaritana e Misericordiosa, que neste curso sinalarán xa as opcións pastorais que marcarán a andaina das 30 Unidades Pastorais nas que quedará reorganizada a diocese. Discípulos e discípulas misioneiras para unha Igrexa en misión, que, traballando en franca sinodalidade, pretende construír algo que responda de verdade aos retos presentes, para o que non vale facer o que sempre se veu facendo. Oxalá

atine tamén esta diocese, como tal acerto lle desexamos tamén á de Lugo, que leva anos afrontando idéntica realidade.

A quen considere que paga a pena gastar forzas nestes retos evanxelizadores invitámolo á lectura do suxestivo libro de Chris Lowney «*Todos líderes. Cómo revitalizar la Iglesia católica*». Aínda que poida que non sexan ideas as que nos falten, senón cousas máis simples, pero máis determinantes.

## 5.- A voltas cos clérigos

Non podemos deixar de lembrar a situación da Igrexa de Chile, que segue co seu particular viacrucis de purificación en relación cos abusos sexuais e cos silencios cómplices. Un verdadeiro remexido eclesial que de momento se concretou coa dimisión de cinco bispos, co descrédito de líderes eclesiais como os cardeais Ezzati, arcebispo de Santiago de Chile, e Errazuriz, un dos integrados no estreito equipo de consultores do Papa, e co afundimento da credibilidade eclesial naquel país.

Sumouse ao caso chileno o estoupido informativo que fixo

pública a acusación de pedofilia contra 300 clérigos das seis dioceses do estado de Pensilvania, EE.UU.; delitos cometidos desde 70 anos atrás, a maioría deles xa prescritos e moitos dos que os cometeron xa mortos; de feito só dous curas puideron ser inculpados polo de agora; persoas que cometían os delitos –máis de mil vítimas– e autoridades que os ocultaban. A nova conmocionounos; os medios de comunicación airearon estes abusos e delitos co morbo normal cando a institución que os comete se presenta como abandonada da contención sexual. Aínda que hai moito quen se recree no contrario, a pederastia non é só nin principalmente un problema clerical –que o é, e grande–, senón máis ben social no seu conxunto, e en concreto familiar, por ser no ámbito familiar onde maiormente se materializan esas prácticas. Pero ben, á conta disto o descrédito eclesial converteuse nun tsunami que está espallando as súas ondadadas polo mundo enteiro. E o que seguramente virá!

Reaccionou o Papa coa publicación dunha carta a todo o pobo de Deus, que podíamos chamar penitencial; era o 20 de

agosto, cando celebrabamos o san Bernardo, o santo dos grandes amores limpos. Unha carta intencionalmente chea do sentimento de vergonza e de amargura, chea de dor polas vítimas (persoas abusadas, familiares e a poboación en xeral), consciente o Papa de que «as feridas nunca prescriben», recoñecendo os delitos e os intentos de silencialos de maneira cómplice. Unha carta que chama a toda Igrexa á penitencia, á oración e ao xaxún para poder decatarse da fondura do mal feito, e da urxencia de «xerar culturas que eviten que estas situacións se dean e se tapen». Chamounos a atención isto de «xerar culturas». Para o Papa o clericalismo é un dos factores culturais que está detrás de todos estes comportamentos aberrantes. Copiamos o parágrafo que o describe, porque nos parece lúcido e ousado:

«É imposible imaxinar unha conversión do comportamento eclesial sen a participación de todas as persoas que integran o Pobo de Deus. É máis, cada vez que temos intentado suplantar, acalar, ignorar, reducir a pequenas elites o Pobo de Deus, construímos comunidades, planes, acentuacións teolóxicas,

espiritualidades e estruturas sen raíces, sen memoria, sen rostro, sen corpo, en definitiva, sen vida. Isto maniféstase con claridade nunha maneira anómala de entender a autoridade na Igrexa –tan común en moitas comunidades nas que se deron as condutas de abuso sexual, de poder e de conciencia– como é o clericalismo, esa actitude que «non só anula a personalidade dos cristiáns, senón que ten unha tendencia a diminuír e desvalorizar a graza bautismal que o Espírito Santo puxo no corazón da nosa xente». O clericalismo, favorecido sexa polos propios sacerdotes, sexa polos laicos, xera unha excisión no corpo eclesial que beneficia e axuda a perpetuar moitos dos males que hoxe denunciámos. Dicir non ao abuso é dicir enerxicamente non a calquera forma de clericalismo».

Pero onde está a raíz deste problema? Nuns clérigos perversos sen máis? Nun celibato obrigatorio para acceder ao sacerdocio? Nunha formación vocacional deficiente? Nunha redución da misión sacerdotal a un funcionariado frío, sen espírito, que non namora nin seduce? Nunha falta de coherencia

persoal coas propias decisións? No clericalismo cos seus compoñentes de abuso de poder e de conciencia, como afirma o Papa? Seguro que non chegará con aplicar panos quentes, e que haberá que ir ao fondo das cousas e revisar de verdade o estatuto dos clérigos, o estatuto dos liderados eclesiais, o estatuto das mesmas parroquias ou comunidades cristiás. Por que ligar os liderados comunitarios á vocación de célibe? Por que se un ou unha segrar pode presidir un dicasterio romano, non pode presidir unha comunidade cristiá? Por que vincular necesariamente o rol sacerdotal co de liderado dunha comunidade? É san someter o don do celibato á presión derivada de ser condición imprescindible para acceder ao sacerdocio? É san someter o celibato ao abafamento de se mover en ámbitos de «poder» comunitario? Non quedaría máis ennobrecido o celibato, se o liberamos destas difíciles compañías? A vivencia da obrigación en moitos casos acábase impondo á do don. E ante o rico pero complexo mundo da sexualidade, a obriga non abonda.

Emporiso, o 30 de maio o prefecto da congregación para

a Doutrina da Fe, Luís F. Ladaría, reafirmou que o sacerdocio feminino vai contra o «depósito da fe». Sucedéronse as voces de importantes teólogos e teólogas, poñendo en dúbida que esa decisión non poida ser modificada. Boa parte do pobo cristián, ese ao que apelamos cando falamos do *sensus fidei*, non entende a tal negativa, por moito que se acompañe de razoamentos requintados. Ante a situación eclesial de escaseza e fragilidade da vocación sacerdotal, é esa a declaración que hai que defender con puños e dentes? Non supón iso moverse en perspectivas que miran máis para atrás ca para adiante? Moitas preguntas, que non deberíamos facer en vano nin contestar á lixeira.

Levando no corazón tantas cousas relativas aos clérigos, pensamos que, por abundantes e dolorosos que sexan certos feitos, non poden afogar a palabra calada, pero contundente, dunha enorme nube de testemuñas célibes, homes e mulleres, que polo mundo adiante nos asombran coa súa vida e tarefa. Por iso recibimos con verdadeiro pracer a carta que o P. Martín Lasarte sdb dirixiu ao *New York Times* o 24 do pasado maio. Recomen-

damos a súa lectura completa. Sintetizámola un pouco. Despois de facerse eco das noticias ao respecto que lle chegan de EE.UU. e de Australia, despois de mostrar a súa fonda dor pola información recibida, continúa: «Pero é curiosa a pouca noticia e o desinterese por miles e miles de sacerdotes que se consomen por millóns de nenos, polos adolescentes e a xente máis desfavorecida nas catro puntas do mundo! Penso que ao voso medio de información non lle interesa que eu tivese que transportar, por camiños minados no ano 2002 a moitos nenos desnutridos desde Cangumbe a Lwena (Angola), pois nin o goberno se dispoñía e as ONGs non estaban autorizadas; que tivese que enterrar decenas de pequenos falecidos entre os desprazados de guerra e os que retornaron; que lle salváramos a vida a miles de persoas en México mediante o único posto médico en 90.000 km<sup>2</sup>, así como coa distribución de alimentos e sementes. Que lle deramos a oportunidade de educación nestes 10 anos a máis de 110.000 nenos...».

O cura Martín segue dando información concreta doutros moitos servizos levados a cabo

por curas célibes a prol da vida na infancia, na mocidade, na adultez. E conclúe: «Non é noticia acompañar a vida dun sacerdote «normal» no seu día a día, nas súas dificultades e leducias, consumindo sen ruído a súa vida a prol da comunidade que serve. A verdade é que non procuramos ser noticia, senón simplemente levar a Boa Noticia, esa noticia que sen ruído comezou na noite de Pascua. Fai máis ruído unha árbore que cae ca un bosque que medra. Non pretendo facer unha apoloxía da Igrexa e dos sacerdotes. O sacerdote non é nin un heroe nin un neurótico. É un simple home, que coa súa humanidade busca seguir a Xesús e servir aos seus irmáns. Hai miserias, pobreza e fragilidades como en cada ser humano; e tamén fermosura e bondade como en cada criatura. Insistir de forma obsesionada e persecutoria nun tema perdendo a visión do conxunto crea verdadeiramente caricaturas ofensivas do sacerdocio católico, cousa na que me sinto ofendido. Periodista, busque a Verdade, o Ben e a Fermosura. Iso farao nobre na súa profesión».

Despois aínda viría a viaxe do Papa Francisco a Irlanda

por mor do Encontro Mundial das Familias (21-26 de agosto: «O evanxeo da Familia: Leticia para o mundo», con tres días de Congreso; logo un Festival e finalmente a Eucaristía final), un encontro moi substancial, precedido por un notable movemento de protesta pola presenza nel do xesuíta James Martín, claro defensor dos católicos LGTB e da súa normal inclusión na Igrexa; dez mil firmas pedían que se lle negase a participación, pero o Vaticano confirmou a súa colaboración no mesmo; acabaría tendo unha comunicación promovendo as súas propostas ao respecto. Pois ben, este Encontro Mundial das Familias quedaría na sombra á conta do asunto dos abusos sexuais e doutro tipo contra menores en Irlanda, feito ao que o Papa dedicou tempo e paixón e que acabaron copando as informacións. Sobre todo cando xustamente naquelas datas se fixo pública a declaración do arcebispo Viganò, inculcando ao mismísimo Papa en silencios cómplices respecto aos comportamentos de abusos sexuais do cardeal McCarrick, en quen o Papa depositara moita confianza. Ignoramos o per-

corrido que terá tal denuncia. Algún dos datos ofrecidos por Viganò demostráronse inconsistentes. Pero as novas que nos foron chegando confirman que os comportamentos do cardeal McCarrick formaban parte do dixeime-dixeime clerical e non clerical do entorno. Viganò é un cualificado e disque resentido líder da ala conservadora da Igrexa actual, con forte presenza nos Estados Unidos, que é quen parece estar detrás desta denuncia. O Papa Francisco non entrou ao trapo, tampouco afirmou rotundamente: non, iso non é certo; deixou que as cousas falasen por si soas; segue fundamente doído, entristecido, pero impertérrito no seu compromiso por erradicar da Igrexa ese tipo de comportamentos e de silencios colaboradores. O noso paisano Paco Vázquez lembraunos o talante corporativo co que en tempos pasados se abordaban estas e outras cuestións de envergadura dentro e fóra da Igrexa. Sentido corporativo que acababa protexendo sempre á institución e ignorando as vítimas. Un elemento a ter en conta, pero considerándoo inxusto e impropio hoxe. Para os días 21-24 de febreiro de 2019 es-

tán convocados no Vaticano os presidentes das Conferencias Episcopais de todo o mundo, para un breve concilio monotemático: a pederastia. Algo conseguiron os acusadores, aínda que non o que desexaban.

## 6.- A hora da mocidade

Hai poucos días quen isto escribe foi solicitado como animador dunha cerimonia de casamento duns familiares. Querían un acto civil, non relixioso, pero con quentura e calidade. É moi frecuente que a xente nova se una en parella ou ben sen cerimonia algunha, ou ben cunha cerimonia civil; moi escasamente solicitan matrimonio relixioso; a demanda relixiosa tamén aquí descende. Fíxeno o mellor que puiden, dunha maneira que me pareceu sinxela e digna, coa colaboración preparada e espontánea de persoas convidadas; a xente estaba atenta, metida no acto, collida; non se aburriron, non estaban desexando que aquilo rematase. Non citei a Deus nin a Xesús para nada, como non fose disimuladamente cando nun momento apuntei que non sería un acto relixioso, pero que

todo o que sabía a amor verdadeiro tiña algo de transcendente, de máxico, de divino.

Logo viría o xantar e despois a festa. Na voda había unha mestura de graza aldeá co atrevemento da subcultura urbana «*hystper*» (rebeldía, pero pasándoo ben), exhibida nunha maneira de vestir elegante e discordante. Na festa uns e outros, urbanos e rurais, homes e mulleres, coincidirían no seguimento impulsivo das cancións máis ben modernas, que bailaban apaixonadamente, cantando as letras que sabían de memoria, e temperando a gorxa con frecuentes «cubatas» que sostiñan nas mans. Eu estaba alí facendo o que podía, a vasos de auga, bailando modosamente e contemplando o espectáculo que tiña un non sei que de maxia e de tolemia. E, como o ruído non daba para falar, pensaba; e pensaba que esta é a mocidade que se nos vai a montóns dos bancos das igrexas, e se Xesús e nós poderíamos ter algo que os electrificase como todo aquilo (música, alcohol e amores) o estaba facendo. Pareceume que estabamos nas antípodas da metodoloxía axeitada.

Ao día seguinte faleino coa miña muller, e decatámonos de que si, que a Igrexa e a mocidade nos levabamos como a pedra e o fouciño, pero que tampouco a mocidade andaba sempre envolta en esmorgas. Festexaba, pero tamén penaba. Pasaba por amores e desamores, por fidelidades e rupturas, por compromisos e indiferenzas, por saúde e enfermidade, por traballo e paro, por éxitos e frustracións, por fantasías e desilusións, por depresións acedas etc. E que na Igrexa tiñamos que estar a todas, pois quen nunha circunstancia non bate coa dor da ausencia de Deus, e de rebote coa súa busca, pode facelo noutra. Quen sabe? Ao caso é estar aí, ao pé da mocidade.

E pensei que iso é o que a Igrexa quere aprender a facer neste sínodo dos bispos sobre *A mocidade, a fe e o discernimento vocacional* que se estará celebrando en Roma cando esta revista chegue ás vosas mans. Merquei o libro que ofrecía o «*Instrumentum laboris*» do sínodo e empecei a lelo nos seus tres longos capítulos dedicados a 1) «Recoñecer: a Igrexa escoitando a realidade», 2) «Interpretar: fe e discernimento

vocacional», e 3) «Elixir: camiños de conversión pastoral e misioneira». E vin que si, que, desde unha empatía natural ou un chisco forzada cara á mocidade, algo á súa escoita se que-re estar neste sínodo, para poder dicir unha palabra de alento no nome do Deus vivo, sempre mozo e sempre ledo, que seguro, con todo e o que eu dixen, estivo gozando naquel casamento do que aparentemente fora excluído.

## 7.- Punto final

E poñemos punto final a esta xa longa e quizais algo aburrida crónica. Pareceunos importante que quedase constancia ao menos do que estivo vivo en nós con forza durante estes densos meses pasados. Gustaríame ter falado da modificación ordenada polo Papa o 2 de agosto do n.º 2267 do Catecismo da Igrexa Católica, declarando inadmisíbel a pena de morte; incomprendible era a súa presenza dentro do noso «credo», se temos en conta o Espírito de Xesús, e cando xa boa parte do mundo a retirara das súas lei sancionadoras. (Tamén aquí un cento de significados anti-

Papa lle mandaron unha carta ao Colexio Cardinalicio, para que lle aconsellasen retirar esta modificación do texto do Catecismo, e así ensinar a palabra de Deus sen adulteracións. Así anda o patio!). Tamén non pode quedar sen unha breve cita polo menos o nomeamento dun laico, Paolo Ruffini, á fronte do Dicasterio de Comunicación da Santa Sé, co que un laico é equiparado en servizo e mando aos Prefectos dos Dicasterios, sempre Cardeais. E deixaremos para o próximo número unhas palabras sobre o papel da comunidade beneditina do Val dos Caídos, e mesmo do conxunto da Igrexa española, no momento conflitivo que estamos a vivir por cousas dun pasado que segue estendendo a súa negra sombra sobre nós, á espera de que alguén a ouse tinguir dun branco xusto e fraterno. E gustaríanos poder dicir dúas verbas sobre os moitos encontros, congresos, cursiños etc, cos que no comezo do curso institucións diversas buscan ilustrarse, abrir camiños, ordenar tarefas, sementar esperanzas. Ao seu lado queremos estar desde estas páxinas.

**Manuel Regal Ledo**





## XXXIII Foro de Encrucillada

# Mulleres no altar

Sábado 27 de outubro de 2018  
Auditorio Hospital de San Roque - Santiago de Compostela

### HORARIO

- 9:30 Acollida
- 10:00 Presentación do XXXIII Foro Encrucillada, por Marisa Vidal Collazo.
- 10:30 *Retos do feminismo á Igrexa*, por **Pilar Wirtz Molezún**.  
Presenta María Cancelo Baquero.
- 12:00 Descanso. A Cooperativa de Comercio Xusto **Panxea** serviranos un café no claustro.
- 12:30 *Sacerdocio feminino: perspectivas teolóxicas*, por **Jesús Martínez Gordo**.  
Presenta Andrés Torres Queiruga.
- 14:00 Fin dos actos da mañá. Xantar
- 16:15 Inicio da tarde. Presentación da monografía **As Letras Galegas na Encrucillada**, editada co gallo dos 40 anos da revista Encrucillada. Presenta Pedro F. Castelao.
- 16:30 *Diaconado feminino nas primeiras comunidades*, por **Fernando Rivas Rebaque**.  
Presenta Carme Soto Varela.
- 18:00 *A danza da Sabedoría*. Montaxe de danza do **Ballet Druída**, dirixido por Mercedes Suárez, sobre texto de Carme Soto. Danzan: Julia Méndez e Paula Ripoll, le o texto María Cancelo.
- 19:00 Peche


**Pilar Wirtz Molezún** forma parte do Consello de Redacción da Revista Encrucillada. É relixiosa da Compañía de María, promotora da Rede Miriam de Espiritualidade Ignaciana Feminina e facilitadora de grupos de acompañamento.

**Jesús Martínez Gordo** é profesor da Facultade de Teoloxía de Vitoria-Gasteiz e do Instituto Diocesano de Teoloxía e Pastoral de Bilbao. É membro do Cento “Cristianisme i Justícia”, e párroco no Equipo Ministerial de Basauri.

**Fernando Rivas Rebaque** é sacerdote da diocese de Xetafe. Profesor de Historia Antiga da Igrexa e Patroloxía así como de Grego bíblico na Universidade Pontificia Comillas.

**Nota:** Para colaborar nos gastos de financiamento do Foro haberá un peto para recoller as achegas das persoas asistentes (aporte mínimo 10 €).

# XXXIII Foro Encrucillada



O próximo **27 de outubro**, sábado, no **Auditorio do Hospital de San Roque** vaise celebrar en Santiago o XXXIII Foro Encrucillada co lema

## *Mulleres no altar?*

Contaremos coa presenza e reflexión de Pilar Wirtz Molezún, que falará dos **retos do feminismo á Igrexa**, Jesús Martínez Gordo, que abrirá as **perspectivas teolóxicas sobre o sacerdocio feminino** e Fernando Rivas Rebaque que nos presentará o **diaconado feminino nas primeiras comunidades**.

Cada relatorio irá seguido dun diálogo aberto co público asistente.

Remataremos coa **Danza da Sabedoría**, que interpretarán para nós Julia Méndez e Laura Ripoll, do Ballet Druída.

Empezaremos ás 9:30. O remate será ás 19h.

Esperamos contar coa súa presenza e lle rogamos convide a esta convocatoria entre aquelas persoas ás que crea lle poda interesar.

*Máis información en [www.encrucillada.gal](http://www.encrucillada.gal)*

# 2009

